Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Proporáselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Dereitos da infancia | | X | X | | X | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible | | X | | | | X |
| ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual | | X | X | | X | X |
| ET.6 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Comunicación audiovisual | X | X | | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Emprendemento social e empresarial | | X | | X | | X |
| ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | | X | X | | X | X |
| ET.13 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------|--|----------|----------|----------|
| Hora de ler | O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés. | X | X | X |
| Club de lectura | Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Proponanse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés. | X | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| DéfiHebdo | Concurso semanal de investigación. Propóñense cuestións breves de tipo xeográfico, histórico, lingüístico, musical, cinematográfico, literario, gastronómico, etc. sobre as que o alumnado debe investigar. Resólvense dunha semana a outra na primeira sesión semanal de clase, dando pé a explicacións máis amplas sobre aspectos que con frecuencia non hai ocasión de abordar nas UD. Aporta ao alumnado coñecementos varios sobre a cultura francófona e contribúe á adquisición da competencia lingüística, aprender a aprender e competencia dixital. | | | X |
| Teatro/cine en francés | Se hai oferta en NUMAX, acudirase ver algunha obra teatral en francés ou película en VOS. | | X | |
| Chandeleur | Arredor do 2 de febreiro celebrarase a Chandeleur, propoñendo a realización e degustación de crêpes. | | X | |
| Semaine de la francophonie | Segundo o calendario oficial, celebrarase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de produtos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc. | | X | |
| Fête de la musique | 21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Música e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia. | | | X |
| Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE | No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará e colaborará co alumnado interesado en presentarse aos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento prepara rá e orientará o alumnado para que poidan presentarse ás probas de certificación do DELF scolaire A2, B1 o B2 da Alianza Francesa. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MECR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa. | X | X | X |
| Chanson plurilingue | Preparación e interpretación dunha canción plurilingüe en français e noutras linguas nalgúns dos festivais públicos escolares. | | | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Resultados de avaliación. |
| Nivel de satisfacción do alumnado. |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos. |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA. |
| Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación. |
| Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. |
| Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver. |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| Adecuación do libro de texto. |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA. |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. |
| Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA. |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA. |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. |

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- Fomentar a coordinación do profesorado.
- Mellorar a formación docente.
- Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
- Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.

- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coodinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|--|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 23 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 25 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 25 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 26 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 27 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 28 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 28 |
| 7.2. Actividades complementarias | 29 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 30 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 31 |
| 9. Outros apartados | 33 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1ºBAC ten como referencia o Decreto 157/2022, do 15 de setembro de 2022, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1.º de bacharelato contribúe a través dos seus obxectivos, criterios de avaliación e contidos a un maior grao de desenvolvemento das competencias clave. O seu fin último é mellorar a formación científica e a comprensión do mundo natural por parte do alumnado e así reforzar o seu compromiso polo ben común e as súas destrezas para responder á inestabilidade e ao cambio. Con todo isto búscase mellorar a súa calidade de vida presente e futura para conseguir, a través do sistema educativo, unha sociedade máis xusta, equitativa e comprometida co medio ambiente e coa súa sostibilidade.

Os rapaces e rapazas deste curso sitúanse na última etapa de operacións formais onde o individuo vólvese un ser reflexivo, capaz de aprender sistemas abstractos do pensamento que lle permiten usar a lóxica proposicional (inferencia obtida a partir da relación entre dúas premisas), o razoamento científico (pensamento hipotético-dedutivo), o razoamento combinatorio (busca de múltiples combinacións) e o razoamento proporcional (cálculo ou estimación de probabilidades) o que lle permite abordar os contidos desta materia, sempre e cando o proceso de ensino e aprendizaxe se axuste as súas necesidades.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que profundiza nos coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria analizando con maior detalle o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade, ademais dos impactos antrópicos xerados sobre el e as actuacións para diminuílos. Así mesmo séguese un desenvolvemento de complexidade crecente, estudando dende os niveis máis simples (molecular, celular e tecido) antes de estudar a a complexidade dos diferentes seres vivos. Neste sentido abordarse, coa madurez intelectual dos alumnos desta idade a visión comparativa entre os diferentes grupos de seres vivos dende un punto de vista do seu funcionamento e adaptación no medio no que habitan.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado na zona norte de Santiago de Compostela. Trátase dun centro de ciclos formativo (Básico, medio e superior) da familia Administrativa e Edificación e obras públicas e Bacharelato, tanto en réxime ordinario como de persoas adultas.

A maioría de alumnado é de clase socioeconómica media, procedente das poboacións periféricas, e nunha gran parte de fóra do Concello, desprazándose dende lugares situados a máis de 40 km.

O alumnado que cursa bacharelato procede en gran número do CPI Camiño de Santiago do Pino e do CPI Fonte-Díaz de Touro. En canto ás estatísticas do tipo de estudos: o 58% cursa estudos da familia Administrativa, o 27% cursa estudos da familia de Edificación e Obra Civil e o 14% restante Bacharelato.

Nesta materia de 1ºBAC o alumnado está agrupado en 2 grupos: A e B-, cada grupo está composto de 8 e 10 estudantes respectivamente e é impartida por 1 docente. A idade ao inicio de curso está comprendida entre os 16 e 17 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre estes con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar procesos, métodos, experimentos ou resultados das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais. | 1-2 | 1 | 4 | | 40 | | | 32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|-------|-------|-------|----|-----|------|
| OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando a información, avaliandoa criticamente e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas expostas de forma autónoma relacionadas coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais de forma autónoma. | 3 | 1 | 4 | 1-2-4 | 40-50 | | | |
| OBX3 - Diseñar, planear e desenvolver proxectos de investigación seguindo os pasos das diversas metodoloxías científicas, tendo en conta os recursos dispoñibles de forma realista e buscando vías de colaboración para indagar en aspectos relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais. | 5 | | 1-2-3 | 1-2 | 32 | | 3 | |
| OBX4 - Buscar e utilizar estratexias na resolución de problemas analizando criticamente as solucións e respostas achadas e reformulando o procedemento se fose necesario para explicar os fenómenos relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais. | 3 | | 1-2 | 1-5 | 50 | | 1 | |
| OBX5 - Diseñar, promover e executar iniciativas relacionadas coa conservación do medio ambiente, coa sostibilidade e coa saúde, baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais, para fomentar hábitos sostibles e saudables. | 1 | | 2-5 | 4 | 20 | 4 | 1-3 | |
| OBX6 - Analizar os elementos do rexistro xeolóxico utilizando fundamentos científicos para relacionalos cos grandes eventos ocorridos ao longo da historia da Terra e coa magnitude temporal en que se desenvolveron. | 3 | 1 | 2-5 | 1 | 20 | 4 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A estrutura e a dinámica da Terra | Esta unidade estuda a estrutura e comportamento das diferentes capas da Terra. | 7 | 11 | X | | |
| 2 | Os procesos xeolóxicos e a formación das rochas | Nesta unidade trabállanse os diferentes tipos de minerais e rochas que compoñen a xeosfera | 7 | 10 | X | | |
| 3 | Os procesos xeolóxicos e a evolución do relevo | Esta unidade aborda os procesos endóxenos e exóxenos que modelan o relevo, así como os riscos xeolóxicos | 7 | 9 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | A historia xeolóxica da Terra | Esta unidade analiza os principais acontecementos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos da Terra. | 6 | 9 | X | | |
| 5 | A base molecular da vida | Nesta unidade estúdase os bioelementos e as biomoléculas, así como os diferentes niveis de organización da materia viva | 10 | 13 | | X | |
| 6 | A organización celular e os tecidos | Esta unidade aborda os modelos de organización celular, o metabolismo celular, mitose e meiose, así como a clasificación dos tipos de tecidos animais e vexetais. | 7 | 11 | | X | |
| 7 | A clasificación da vida | Nesta unidade estúdanse os diferentes reinos. | 7 | 10 | | X | |
| 8 | As funcións vitais nas plantas | Nesta unidade estúdanse os diferentes a fotosíntese, os tipos de reprodución das plantas e a súa adaptación ao medio | 7 | 9 | | X | |
| 9 | A nutrición dos animais | Nesta unidade estúdase a anatomía e fisioloxía dos diferentes aparellos que interveñen na nutrición animal | 6 | 9 | | X | |
| 10 | A relación dos animais | Esta unidade aborda os diferentes elementos que interveñen na función de relación nos animais: receptores sensoriais, sistema nervioso e sistema endocrino | 6 | 9 | | | X |
| 11 | A reprodución dos animais | Nesta unidade estúdase os tipos de reprodución nos diferentes animais | 6 | 10 | | | X |
| 12 | A evolución da vida na Terra | Orixe da biodiversidade e as diferentes teorías evolutivas | 8 | 10 | | | X |
| 13 | O medio ambiente e a súa dinámica | Nesta unidade trabállanse os compoñentes dos ecosistemas, as relacións tróficas e os ciclos da materia. | 8 | 10 | | | X |
| 14 | O ser humano no medio ambiente | Nesta unidade trabállanse xestión dos recursos e impacto ambiental, contaminación e desenvolvemento sostible | 8 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 1 | A estrutura e a dinámica da Terra | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Explicar os modelos da estrutura e dinámica do interior terrestre diferenciando a composición e o comportamento das diferentes capas a través da información proporcionada polos principais métodos de estudo indirectos e directos. | Explicar os modelos da estrutura e dinámica do interior terrestre diferenciando a composición e o comportamento das diferentes capas | PE | 70 |
| CA2.2 - Reflexionar sobre o xurdimento da teoría da tectónica de placas recoñecendo os antecedentes e probas que confirmaron o mobilismo e adoptando unha actitude crítica cara a informacións de dubidosa procedencia e sen unha base científica. | Recoñece a maioría das probas que respaldan a teoría da tectónica de placas recoñecendo algunhas das probas de Wegener. | | |
| CA2.3 - Argumentar desde a teoría da tectónicas de placas os fenómenos xeolóxicos da superficie terrestre relacionándoos cos movementos das placas litosféricas e cos procesos térmicos do interior terrestre e describindo as estruturas xeolóxicas asociadas. | Argumentar desde a teoría da tectónicas de placas os fenómenos xeolóxicos da superficie terrestre | | |
| CA2.7 - Analizar os riscos a través dos seus factores e localizar áreas sísmicas e volcánicas en España interpretando información en diferentes formatos (mapas, gráficos, táboas, diagramas, esquemas...) e valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección. | Coñecer os riscos asociados aos procesos xeolóxicos endóxenos | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - O estudo da Terra: métodos directos e indirectos. - Os modelos da estrutura e dinámica da xeosfera. - Os procesos xeolóxicos internos. O relevo e a relación coa tectónica de placas. - Antecedentes: deriva continental, expansión do fondo oceánico e paleomagnetismo. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - As placas litosféricas. A convección terrestre. - Tipos de bordos de placas. Estruturas e fenómenos xeolóxicos asociados aos límites e ás zonas de intraplaca. - Consecuencias: a deformación das rochas. Pregamentos e fallas. - Os riscos xeolóxicos internos. - Factores de risco. - Medidas de predición, prevención e corrección. - O risco sísmico e volcánico en España. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 2 | Os procesos xeolóxicos e a formación das rochas | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.4 - Analizar a definición e a clasificación dos minerais atendendo á súa composición química e recoñecer as súas propiedades relacionándoas coa súa estrutura interna. | Analizar a definición e a clasificación dos minerais atendendo á súa composición química e recoñecer as súas propiedades | PE | 70 |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | | |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |
| CA2.5 - Recoñecer os tipos de rochas e interpretar os procesos xeolóxicos implicados na súa formación utilizando o ciclo xeolóxico á luz da teoría da tectónica de placas. | Recoñecer os tipos de rochas e interpretar os procesos xeolóxicos implicados na súa formación | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.6 - Identificar minerais mediante a observación das súas propiedades e as principais rochas segundo a súa composición, orixe e textura utilizando exemplos da contorna, relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá e promovendo a explotación e o uso sostible e a súa relevancia como patrimonio xeolóxico. | Identificar minerais mediante a observación das súas propiedades e as principais rochas segundo a súa composición, orixe e textura utilizando exemplos da contorna | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Os minerais: concepto, propiedades e clasificación. - As rochas. - Magmatismo, metamorfismo e sedimentación. - Clasificación segundo a súa orixe e composición. Rochas magmáticas, metamórficas e sedimentarias. - Relación coa tectónica de placas. O ciclo das rochas. - Clasificación e identificación dos minerais e rochas relevantes e da contorna. Explotación e uso sostible. Importancia da conservación do patrimonio xeolóxico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 3 | Os procesos xeolóxicos e a evolución do relevo | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Describir a acción dos axentes xeolóxicos externos recoñecendo as formas de relevo asociadas e analizando o relevo en Galicia e a paisaxe próxima. | Describir a acción dos axentes xeolóxicos externos recoñecendo algunhas formas de relevo asociadas | PE | 70 |
| CA3.2 - Explicar os procesos edafoxenéticos identificando os factores de formación do solo e a importancia da súa conservación. | Entender os procesos edafoxenéticos identificando factores de formación do solo | | |
| CA3.6 - Analizar criticamente os riscos xeolóxicos externos relacionándoos coas actividades humanas e valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección. | Analizar riscos xeolóxicos externos relacionándoos coas actividades humanas | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.2 - Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os rumbos na medida do posible. | Deseñar un experimento | | |
| CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión. | Realizar experimentos no laboratorio | | |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.5 - Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión. | Establecer colaboracións nas fases do proxecto científico | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. - Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización. - Controis experimentais e contraste de hipóteses. - Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel da muller na ciencia. - Os procesos xeolóxicos externos: axentes causais e consecuencias sobre o relevo. |

| Contidos |
|--|
| - A evolución dun solo: procesos, factores e conservación. - Os riscos xeolóxicos externos e a súa relación coa actividade humana. Medidas de predición, prevención e corrección. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------|-----------------|
| 4 | A historia xeolóxica da Terra | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Relacionar os grandes eventos da historia terrestre con determinados elementos do rexistro xeolóxico e cos sucesos que ocorren na actualidade utilizando os principios xeolóxicos básicos e o razoamento lóxico. | Relacionar os grandes eventos da historia terrestre con determinados elementos do rexistro xeolóxico e cos sucesos que ocorren na actualidade utilizando os principios xeolóxicos básicos | PE | 70 |
| CA3.4 - Resolver problemas de datación analizando elementos do rexistro xeolóxico e fósil e aplicando métodos de datación relativa. | Resolver problemas de datación aplicando métodos de datación relativa. | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |
| CA3.5 - Interpretar e deducir en mapas e cortes a historia xeolóxica aplicando principios xeolóxicos básicos (intersección, horizontalidade...) determinando as discontinuidades estratigráficas e empregando fósiles guía. | Interpretar e deducir en mapas e cortes a historia xeolóxica aplicando principios xeolóxicos básicos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Os métodos e principios do estudo do rexistro xeolóxico: reconstrución da historia xeolóxica. |

Contidos

- O tempo xeolóxico: magnitude, escala e métodos de datación absoluta e relativa.
- A historia da Terra: principais acontecementos xeolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 5 | A base molecular da vida | 13 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA4.1 - Identificar os niveis de organización dos seres vivos exemplificando cada un deles e utilizando diferentes formatos para a súa diferenciación (esquemas, diagramas, táboas...). | Identificar os niveis de organización dos seres vivos utilizando esquemas, diagramas ou táboas. | PE | 70 |
| CA4.2 - Distinguir bioelementos a través de exemplos e identificar as diferentes biomoléculas, recoñecendo os monómeros constituíntes de cada unha e as súas respectivas funcións biolóxicas demostrando a uniformidade química dos seres vivos. | Distinguir bioelementos a través de exemplos e identificar as diferentes biomoléculas, recoñecendo os monómeros constituíntes de cada unha e as súas respectivas funcións biolóxicas | | |
| CA7.5 - Identificar as formas acelulares (virus, viroides e príons) e contrastar e xustificar a veracidade da información recoñecendo a súa importancia biolóxica, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas... | Identificar formas acelulares e recoñecer a súa importancia biolóxica | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Os niveis de organización dos seres vivos e a unidade de composición química. - A composición química dos seres vivos. - Os bioelementos: concepto e clasificación. - As biomoléculas: clasificación, monómeros e funcións biolóxicas. - As formas acelulares: virus, viroides e príóns. Características, mecanismos de infección e importancia biolóxica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------------|----------|
| 6 | A organización celular e os tecidos | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.3 - Diferenciar as formas de organización celular procariota e eucariota utilizando diferentes formatos (debuxos, esquemas, microfotografías, vídeos) e identificar os distintos orgánulos celulares relacionándoos coa súa función. | Identificar células procariota e eucariota en debuxos ou esquemas e identificar como mínimo 4 orgánulos celulares relacionándoos coa súa función. | PE | 70 |
| CA4.4 - Relacionar os tecidos animais e vexetais coas células constituíntes a través de imaxes obtidas con diferentes técnicas indicando xustificadamente as súas funcións e valorando as vantaxes evolutivas da organización pluricelular. | Identificar tecidos animais e vexetais a través de imaxes obtidas con diferentes técnicas e coñecer as súas funcións principais. | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses | TI | 30 |
| CA1.2 - Diseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os rumbos na medida do posible. | Diseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos | | |
| CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión. | Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos | | |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar e analizar resultados obtidos no laboratorio | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión. | Establecer colaboracións nas fases do proxecto científico | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. - Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización. - Controis experimentais e contraste de hipóteses. - Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel da muller na ciencia. - A organización celular dos seres vivos. - Organización procariota e eucariota: semellanzas e diferenzas. - A organización pluricelular dos seres vivos. - Histoloxía animal e vexetal. - Órganos, aparellos e sistemas. - Perspectiva evolutiva. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 7 | A clasificación da vida | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA4.5 - Analizar os criterios utilizados para a clasificación dos seres vivos describindo as características dos tres dominios e os cinco reinos e xustificando desde a perspectiva evolutiva os cambios nos grandes grupos. | Identificar os criterios de clasificación dos tres dominios e os cinco reinos | PE | 70 |
| CA4.6 - Diferenciar os principais grupos taxonómicos dos seres vivos recoñecendo as súas características e achegando exemplos de seu propio medio, así como utilizar claves dicotómicas para a súa determinación. | Identificar os principais grupos taxonómicos | | |
| CA7.1 - Identificar os diferentes tipos de microorganismos clasificándoos nos dominios e reinos correspondentes. | Identificar os diferentes tipos de microorganismo | | |
| CA7.2 - Argumentar sobre a importancia ecolóxica dos microorganismos relacionándoos cos ciclos bioxeoquímicos. | Coñecer os ciclos bioxeoquímicos | | |
| CA7.3 - Describir os principais mecanismos de reprodución bacteriana facendo fincapé na transferencia xenética horizontal e nas súas consecuencias para a saúde humana. | Describir os tipos de reprodución bacteriana | | |
| CA7.6 - Comunicar informacións e describir as enfermidades infecciosas máis importantes relacionadas cos microorganismos reflexionando sobre o papel dos antibióticos no seu tratamento e sobre o problema da resistencia, transmitíndoas de forma rigorosa e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados (gráficos, táboas, vídeos e informes, entre outros) e ferramentas dixitais. | Describir as principais enfermidades infecciosas | TI | 30 |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | | |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |
| CA7.4 - Recoñecer as principais técnicas de cultivo de microorganismos a través da observación de vídeos, páxinas web, fotografías ou da práctica no laboratorio | Coñecer as principais técnicas de cultivo de microorganismos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución.
- Os principais grupos taxonómicos dos seres vivos: características fundamentais.
- Concepto e características xerais dos microorganismos.
- O metabolismo dos microorganismos. Ciclos bioxeoquímicos e importancia ecolóxica.
- A reprodución bacteriana. Mecanismos de transferencia xenética horizontal en bacterias.
- As técnicas de esterilización, cultivo e illamento.
- As enfermidades infecciosas.
- Clasificación segundo os microorganismos causantes.
- Resistencia aos antibióticos. Uso responsable destes.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 8 | As funcións vitais nas plantas | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA5.1 - Explicar a fotosíntese como un proceso de nutrición autótrofa relacionándoa cos mecanismos e estruturas involucradas no transporte dos zumes e argumentando a súa relevancia para o mantemento da vida na Terra. | Explicar a fotosíntese como un proceso de nutrición autótrofa. | PE | 70 |
| CA5.2 - Recoñecer a función de relación das plantas diferenciando as nastias e os tropismos asociando cada estímulo coa súa resposta e relacionando as principais hormonas coa súa función. | Diferenzar as nastias e os tropismos relacionando algunhas hormonas coa súa función. | | |
| CA5.3 - Describir as diferenzas entre a reprodución sexual e asexual recoñecendo as vantaxes e inconvenientes de cada unha e analizándoas desde unha perspectiva evolutiva. | Diferenzar entre a reprodución sexual e asexual recoñecendo algunhas vantaxes e inconvenientes de cada unha. | | |
| CA5.4 - Explicar os ciclos biolóxicos dos diferentes grupos de plantas analizando as súas fases e estruturas características a través de debuxos, esquemas e gráficos. | Recoñecer as fases dos ciclos biolóxicos dalgúns grupos de plantas a través de debuxos ou esquemas. | | |
| CA5.5 - Recoñecer os procesos implicados na reprodución sexual e os tipos de reprodución asexual recoñecendo nesta última a súa aplicación no campo da agricultura. | Recoñecer os procesos básico implicados na reprodución sexual e os tipos de reprodución asexual | | |
| CA5.6 - Explicar a relación das adaptacións dos vexetais co medio en que se desenvolven utilizando exemplos significativos e recoñecendo a influencia de diferentes factores. | Coñecer algunhas adaptacións dos vexetais no medio en que se desenvolven | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A función de nutrición vexetal. - A fotosíntese: balance xeral e importancia ecolóxica para a vida na Terra. - Mecanismos de transporte do zume bruto e do zume elaborado nas plantas vasculares. - A función de relación. - Tipos de respostas dos vexetais aos distintos tipos de estímulos. - As fitohormonas e o seu papel na fisioloxía vexetal. - A función de reprodución. - A reprodución asexual e a reprodución sexual. Relevancia ecolóxica e evolutiva. - Os ciclos biolóxicos nos diferentes tipos de vexetais. - As adaptacións dos vexetais ao medio. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 9 | A nutrición dos animais | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA6.1 - Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución recoñecendo a función de cada un nos diferentes grupos taxonómicos. | Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución e recoñecer a súas funcións básicas | PE | 70 |
| CA6.2 - Recoñecer os aparatos dixestivos, os pigmentos e aparatos respiratorios, os tipos de circulación, os produtos de excreción e os procesos que interveñen na nutrición animal. | Identificar os aparatos dixestivos, os pigmentos e aparatos respiratorios, os tipos de circulación, os produtos de excreción e os principais procesos que interveñen na nutrición animal. | | |
| CA6.6 - Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas e seleccionando, organizando e analizando criticamente a información. | Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A función de nutrición animal. - Procesos e estruturas implicadas nos diferentes grupos taxonómicos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 10 | A relación dos animais | 9 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------|------------------------|----|---|
|------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA6.1 - Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución recoñecendo a función de cada un nos diferentes grupos taxonómicos. | Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución recoñecendo a súa función principal. | PE | 70 |
| CA6.3 - Describir os receptores sensoriais, sistemas de coordinación e órganos efectores de xeito comparado nos principais grupos de animais. | Identificar os receptores sensoriais, sistemas de coordinación e órganos efectores nos principais grupos de animais | | |
| CA6.5 - Explicar a relación das adaptacións dos animais co medio en que se desenvolven utilizando exemplos significativos e recoñecendo a influencia de diferentes factores. | Recoñecer algunhas adaptacións dos animais ao medio en que se desenvolven. | | |
| CA6.6 - Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas e seleccionando, organizando e analizando criticamente a información. | Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas. | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses | TI | 30 |
| CA1.2 - Diseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os rumbos na medida do posible. | Diseñar un experimento | | |
| CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión. | Realizar experimentos no laboratorio | | |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.5 - Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión. | Establecer colaboracións nas fases do proxecto científico | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. - Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. - Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización. - Controis experimentais e contraste de hipóteses. - Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas. - Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). - Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel da muller na ciencia. - A función de relación. - Funcionamento dos sistemas de coordinación (nervioso e endócrino) nos diferentes grupos taxonómicos. - As adaptacións dos animais ao medio. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 11 | A reprodución dos animais | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA6.1 - Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución recoñecendo a función de cada un nos diferentes grupos taxonómicos. | Identificar os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución recoñecendo a súa función principal | PE | 70 |
| CA6.4 - Describir e comparar os tipos de reprodución sexual e asexual, os tipos de fecundación e as estruturas implicadas na reprodución en diferentes grupos de animais analizando os ciclos biolóxicos máis representativos. | Recoñecer os tipos de reprodución sexual e asexual, os tipos de fecundación e as estruturas implicadas na reprodución en diferentes grupos de animais | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |
| CA6.6 - Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas e seleccionando, organizando e analizando criticamente a información. | xpor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A función de reprodución. - Procesos e estruturas implicadas nos diferentes grupos taxonómicos. - Importancia biolóxica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 12 | A evolución da vida na Terra | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA4.7 - Describir o proceso de especiación e argumentar sobre aspectos relacionados coa evolución utilizando as probas e os mecanismos evolutivos defendendo unha postura de forma razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva ante a opinión dos demais. | Entender o proceso de especiación e coñecer as probas e os mecanismos que demostran a evolución nas especies. | PE | 70 |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | | |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | TI | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - As principais teorías evolutivas: probas e mecanismos da evolución. A especiación. - A historia da vida na Terra: xustificación desde a perspectiva evolutiva dos principais cambios nos grupos de seres vivos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 13 | O medio ambiente e a súa dinámica | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA8.1 - Explicar a dinámica das capas fluídas da Terra recoñecendo a interrelación entre todos os subsistemas terrestres utilizando exemplos significativos. | Entender a dinámica das capas fluídas da Terra | PE | 70 |
| CA8.2 - Recoñecer un ecosistema describindo as relacións tróficas, os ciclos bioxeoquímicos e o fluxo de enerxía a través dos diferentes elos e identificando a súa interdependencia. | Recoñecer as partes dun ecosistema, as relacións tróficas. Entender os ciclos bioxeoquímicos e o fluxo de enerxía a través dos diferentes elos. | | |
| CA8.3 - Resolver problemas relacionados coas interaccións tróficas nos ecosistemas buscando e utilizando recursos variados, como coñecementos propios, datos e información obtidos, razoamento lóxico, pensamento computacional ou ferramentas dixitais. | Resolver problemas sinxelos relacionados coas interaccións tróficas nos ecosistemas | | |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Estrutura, dinámica e funcións da atmosfera e da hidrosfera. - A dinámica dos ecosistemas. - As relacións tróficas. O fluxo de enerxía e os ciclos da materia. - Resolución de problemas e cuestións relacionados cos parámetros e coas relacións tróficas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 14 | O ser humano no medio ambiente | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA8.4 - Analizar as causas e as consecuencias ecolóxicas, sociais e económicas dos principais problemas ambientais, desde unha perspectiva individual, local e global, concibíndoos como grandes retos da humanidade. | Identificar as causas e consecuencias do cambio climático, a introdución de especies invasoras, a destrución de hábitats e a sobreexplotación | PE | 70 |
| CA1.1 - Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais. | Expor preguntas, realizar predicións e formular hipótesis | TI | 30 |
| CA1.4 - Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo. | Interpretar resultados | | |
| CA1.6 - Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos. | Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA8.5 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo coas causas e consecuencias que o orixinan. | Analizar criticamente a solución a un problema ambiental | | |
| CA8.6 - Avaliar diferentes problemas ambientais promovendo o desenvolvemento sostible como modelo para a conservación do medio ambiente. | Avaliar diferentes problemas ambientais | | |
| CA8.7 - Propoñer e poñer en práctica hábitos de vida e iniciativas sostibles e saudables no eido local e global argumentando sobre os seus efectos positivos e sobre a urxencia de adoptalos. | Propoñer e poñer en práctica hábitos de vida e iniciativas sostibles | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - Os principais impactos ambientais antrópicos. - O cambio climático. Causas e consecuencias e estratexias para a mitigación e a adaptación. - A perda da biodiversidade: causas e consecuencias ambientais e sociais. Importancia da súa conservación - Os residuos: efectos, prevención e xestión. - Desenvolvemento sostible: concepto e dimensións. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

No bacharelato dada as características do alumnado en canto á madurez intelectual é posible aumentar a autonomía na aprendizaxe respecto a cursos anteriores. Dita autonomía non significa que os estudantes traballen só individualmente, senón que poderán traballar en pequenos grupos, desenvolvendo actitudes de cooperación entre eles.

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e a metodoloxía didáctica será activa, potenciadora da aprendizaxe construtiva favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, promovendo o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación sulinando a relación dos aspectos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que utilizarase estratexias didácticas variadas, que combinen, dun xeito en que cada docente considere máis apropiada, as estratexias expositivas acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso

Baseándonos no anterior, e co fin de desenvolver as capacidades que os obxectivos de bacharelato requiren propóñense as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, e que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias na aula como base para o desenvolvemento integral como persoas.
- Propiciar a construción dunha imaxe da ciencia, e en particular da bioloxía e xeoloxía, non estática, entendendo que a provisionalidade das súas conclusións e teorías é unha das súas características fundamentais.
- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades, e facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades nas que un dos obxectivos sexa o desenvolvemento de procedementos facendo especial fincapé nas actividades prácticas de laboratorio.
- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas (centros de investigación, itinerarios xeolóxicos, etc.) combinadas con informes ou traballos específicos utilizando diferentes formatos.
- Favorecer o uso das tecnoloxías da información e a comunicación valorando a súa importancia na sociedade actual e propiciando a súa integración na aula.

TIPOS DE ACTIVIDADES

Realizaranse actividades diversas de acordo coa seguinte secuencia didáctica:

- Actividades de iniciación: necesarias para coñecer as ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van tratar con posterioridade; para que os alumnos e alumnas recorden coñecementos e comprobén que estes deben ser ampliados e transformalos e para dispoñelos favorablemente para a aprendizaxe.
- Actividades de desenvolvemento e estruturación: serven para que o alumnado tome contacto, poña en práctica e asimile os contidos, compare os coñecementos anteriores cos novos e para que incorpore os novos contidos á súa experiencia persoal.
- Actividades de aplicación e afondamento: necesarias para que os estudantes amplíen e apliquen as novas situacións e contextos os coñecementos adquiridos.
- Actividades de consolidación e síntese: para dar solidez e firmeza ao aprendido.
- Actividades de reforzo: para aqueles estudantes que non progresan adecuadamente.
- Actividades específicas de avaliación que serven para comprobar o grao de aprendizaxe logrado polos alumnos e alumnas e para detectar erros, inexactitudes e dificultades nos coñecementos adquiridos e para reforzar aprendizaxes

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- Introdución á unidade didáctica.
- Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo (por parellas ou máis)
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, simulacións, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto: Bioloxía, xeoloxía e ciencias medioambientais de 1º de bacharelato, de Anaya |
| Aula virtual da materia |
| Caderno ou portfolio do estudante |
| Dotación da aula (proxector, encerado tradicional, pupitres...) |
| Laboratorio (material de vidro de laboratorio, reactivos, colección de rochas e minerais, mostras feitas de material biolóxico, lupas binoculares, microscopios...) |
| Actividades de iniciación, de desenvolvemento, estruturación, aplicación, afondamento, consolidación, síntese, específicas de avaliación |
| Libros de divulgación científica |
| Materiais audiovisuais: vídeos didácticos, documentais... |
| Modelos moleculares, redes cristalinas... |
| Aula de informática |
| Libros de lectura, revistas de divulgación científica |

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital ou proxector e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de bioloxía e de xeoloxía, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento e todos os materiais que formen parte dos contidos da aula virtual da materia, na súa maioría deseñadas polo docente.

Os docentes do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía facilitarán ás alumnas e alumnos todos os materiais bibliográficos que necesiten e, na medida do posible, os incorporará á aula virtual da materia para que poda ser compartido por todo o alumnado da materia, ademais en dita aula o docente colgará material para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos coñecer e valorar o punto de partida do estudante e así atopar as dificultades de aprendizaxe dos discentes e as súas carencias, para así adoptar posteriormente as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas.

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos necesarios para afrontar a materia. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da avaliación inicial formarán parte da orde do día dunha reunión dos membros do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e as conclusións obtidas a partir da súa análise quedarán reflectidas no caderno do profesorado e na acta da reunión do Departamento.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer tamén a xefatura de estudos que, xunto co Departamento de Orientación levarán a cabo as medidas pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|-----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 7 | 7 | 6 | 10 | 7 | 7 | 7 | 6 | 6 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 6 | 8 | 8 | 8 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

Criterios de cualificación:

1) Probas escritas

Realizaranse por avaliación un mínimo de dúas probas (a criterio do profesor/a, e segundo a marcha do grupo correspondente) da materia, tendo como referente os criterios de avaliación correspondentes.

Cualificaranse entre 0 e 10 puntos ⁽¹⁾:

A media das notas obtidas nas probas representará un 70% da cualificación de cada avaliación (máximo de 7 puntos). O 30% restante vén definido polos instrumentos de avaliación aos que na programación se lles asigna a categoría "Táboa de indicadores". Estes instrumentos de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se empregarán ao longo de todas as unidades:

2) Instrumentos de avaliación asociados a táboas de indicadores:

Poderá incluír todos ou algúns dos seguintes ítems:

- Actividades e exercicios, cuestionarios e fichas de traballo...
- Traballo individual na Aula Virtual (Moodle)
- Traballos escritos ou en soporte multimedia
- Exposicións orais de proxectos de investigación
- Prácticas de laboratorio

A media das notas obtidas nestes instrumentos representará o 30% da cualificación de cada avaliación (máximo de 3 puntos).

Sistema de cualificación das avaliacións parciais

En cada unha das tres avaliacións parciais:

Á nota media das probas obxectivas realizadas (cualificada de 0 a 10 e ponderada nun 70%) engadirase as cualificacións que resulten das táboas de indicadores (ponderadas nun 30%).

A nota que figurará nas actas de cada avaliación parcial e nos boletíns será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda a cada cualificación.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao número enteiro inmediatamente superior ou inferior), é dicir: decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6,5 correspóndelle un 7) e decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6).

⁽¹¹⁾ A non asistencia a calquera das probas escritas previamente fixadas deberá ser xustificada ante o titor ou titora (xustificante médico ou similar, ou acreditación de carácter oficial dos motivos), e se considerará xustificada cando así se faga constar no XADE. En caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

No caso de sorprenden un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie, durante a realización dunha proba aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

Sistema de cualificación final

A nota da avaliación ordinaria calcularase mediante a media ponderada das tres avaliacións parciais (considerando a “nota real” con decimais, sen redondeos).

Para APROBAR a materia na avaliación ordinaria de xuño terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Aqueles alumnos e alumnas que non sexan quen de aprobar a materia por avaliacións tendo en conta o explicado anteriormente poderán realizar unha proba escrita ao final do curso, antes da avaliación final ordinaria.

Se unicamente teñen suspensa unha avaliación examínanse só dela. No resto dos casos (dúas ou tres avaliacións suspensas) a proba escrita será de toda a materia.

No caso daquel alumnado que realice esta proba escrita final de recuperación, a nota final calcularase mediante a media da cualificación desta proba coa media ponderada das tres avaliacións do curso.

Se a cualificación desta proba final de recuperación fose de 5 puntos ou superior, aínda que a media indicada fose inferior a 5 puntos a nota final outorgada na avaliación ordinaria será de 5 puntos.

Na convocatoria extraordinaria de avaliación, realizarase unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, e que versará sobre os mínimos de consecución dos criterios de avaliación que figuren na programación.

Para superar dita proba debe responderse correctamente ao 50% da mesma (a nota mínima para aprobar establécese en 5 puntos).

No caso de decimais, tanto nas probas de recuperación como na proba final extraordinaria, seguiranse os seguintes criterios: decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 4,6 correspóndelle un 5) e decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 5,4 correspóndelle un 5).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

5.3.1 Seguimento e recuperación das materias pendentes

O alumnado que promocióne de curso e teña materias pendentes de cursos anteriores, ou ben que non acredite os coñecementos necesarios nas materias de continuidade, deberá superalas mediante a realización de probas escritas de avaliación (unha no segundo trimestre e outra no mes de abril), para cuxa preparación se lle facilitará un plan de traballo cunha proposta de actividades.

5.3.2 Procedemento para a avaliación e cualificación das materias pendentes

Cada unha das probas escritas versará sobre a totalidade dos mínimos esixibles (contidos e CA's) que figuren na programación da materia pendente.

Non obstante, os contidos da materia pendente poderanse repartir equilibradamente entre as dúas probas parciais, segundo o criterio do profesorado e de xeito consensuado co alumnado afectado, tendo carácter liberatorio os que se superen na primeira das probas.

Para facilitar a preparación das probas o departamento didáctico proporalle un plan de traballo con expresión dos mínimos esixibles (contidos e CA's) que serán avaliados en cada proba parcial e cunha proposta de actividades recomendadas.

Estableceranse datas periódicas de entrega voluntaria ao profesorado das actividades propostas, para que este as poda revisar e facer propostas de mellora, con anterioridade á realización das probas.

No caso de non superar a proba do segundo trimestre, o alumnado deberá realizar a proba final ordinaria no mes de abril, que versará sobre a totalidade dos mínimos esixibles da programación.

As datas nas que se realizarán os exames, sempre suxeitas a cambios puntuais no caso de que coincidan con probas ou exames doutras áreas, serán:

- Proba do segundo trimestre: 16 de xaneiro
- Proba final ordinaria no mes de abril: 16 de abril

Para superar as probas será necesario acadar 5 puntos sobre un máximo de 10.

No caso de que se opte por repartir os contidos a avaliar entre as dúas probas escritas, a cualificación final ordinaria será a media aritmética de ambas probas.

En canto aos mínimos esixibles, remitimos aos que figuran na correspondente programación didáctica da materia

suspensa de 1º de bacharelato.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se aplica

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.

Sen embargo, consideramos conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito corroborado: a diversidade dos estudantes que se manifestan en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos escolares e adoptar medidas oportunas para afrontar esta diversidade (estudantes reflexivos, impulsivos, analíticos, sintéticos..).

Dar resposta a esta diversidade é imprescindible, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado acade os obxectivos propostos. Así para acometer o tratamento da diversidade neste materia se realice principalmente por dúas vías:

- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, mapas conceptuais, paradigmas, etc.

- A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivación.

O profesorado buscará o xeito de atender á diversidade de alumnado que curse esta materia en coordinación co Departamento de Orientación e a Xefatura de estudos

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | X | X | | X | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.9 - Creatividade | | | | X | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | | | | | X | X |

Observacións:

Realizaranse as seguintes accións:

-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

-Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Charla divulgativa | Con motivo do Día internacional da Muller e a Nena na Ciencia | | X | |
| Charlas temáticas no marco do Programa A Ponte-USC | Charlas sobre a área biomédica ou xenómica e sobre a explotación de recursos naturais en Galicia. | | X | |
| Visita didáctica | Visita á explotación mineira de cuarzo Serrabal-RAMSA, no concello de Boqueixón | | X | |
| Obradoiro de minerais e fósiles | Obradoiros de identificación de minerais e fósiles na IV Feira de Minerais de Santiago. | | X | |

Observacións:

Durante o curso, en función da marcha deste e da dispoñibilidade do profesorado do Departamento, decidirase sobre a realización ou non das actividades complementarias propostas ou ben doutras que poidan xurdir, e concretaranse as datas en que se levarán a cabo.

Para a organización das actividades seguiremos o Protocolo de actividades extraescolares e complementarias que figura NOFC do IES As Fontiñas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1.1. Programamos a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe. |
| 1.2. Programamos a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro |
| 1.3. Planificamos as clases de modo flexible deseñando distintas actividades de aprendizaxe en función dos obxectivos e das necesidades do alumnado. |
| 1.4. Fixamos un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado. |
| 1.5. Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar |
| Metodoloxía empregada |
| 2.1. Desenvolvemos os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado. |
| 2.2. Conseguimos motivar para favorecer a aprendizaxe do alumnado. |
| 2.3. Conseguimos a participación activa e a implicación de todo o alumnado |
| 2.4. Propoñemos actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma |
| 2.5. Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado |
| 2.6. Incorporamos as TICs nos procesos de ensino - aprendizaxe. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 4.1. Realizamos a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel do alumnado. |
| 4.2. Informamos adecuadamente ao alumnado sobre os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación |
| 4.3. Valoramos axeitadamente a observación do traballo e da participación e actitude do alumnado na aula. |
| 4.4. Valoramos adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo |
| 4.5. Corriximos e explicamos os traballos e actividades do alumnado e damos pautas para mellorar a súa aprendizaxe. |
| 4.6. Empregamos distintos tipos de probas e instrumentos de avaliación. |
| 4.7. Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación. |

| |
|--|
| Medidas de atención á diversidade |
| 3.1. Organizamos tarefas e propoñemos logros diferentes en función das características do alumnado. |
| 3.2. Propoñemos actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade. |
| 3.3. Atendemos axeitadamente á diversidade do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 5.1 Coordinámonos co resto do profesorado do departamento e do centro para o tratamento de contidos afíns ou proxectos conxuntos |
| 5.2 Mantemos, directamente ou a través da titoría, contacto coa familia e contamos co seu apoio e implicación. |

Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa práctica docente teremos en conta os indicadores de logro que se relacionan na TÁBOA anterior. Agrupámoslos en cinco dimensións ou categorías que resumen os aspectos que consideramos máis significativos da nosa práctica docente:

1. Adecuación da programación didáctica e da súa planificación ao longo do curso académico
2. Metodoloxía empregada
3. Medidas de atención á diversidade
4. Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Coordinación co resto do equipo docente e coas familias

Escala.- 1: Indica logro MÍNIMO; 2: logro BAIXO; 3: logro MEDIO; 4: logro ALTO; 5: logro MÁXIMO

Ao final do curso recolleremos os resultados e analizáremoslos para detectar as nosas fortalezas e debilidades. O obxectivo será introducir propostas de mellora no noso labor docente, no ámbito de Departamento didáctico.

Os resultados recolleranse nunha Táboa resumo para facilitar a súa análise que se recollerá na Memoria Final do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

8.2.1 Revisión

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

- 1) A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos valiosos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.
- 2) Nas reunións do Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da Programación. Nos informes mensuais e/ou trimestrais incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a secuencia e a temporalización é a adecuada. De non ser así, analizaranse as causas e faranse as correccións pertinentes.
- 3) Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da Programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades. Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación.
- 4) A final de curso, avaliaremos a programación didáctica. Para esta avaliación teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.
- 5) O resultado desta avaliación quedará reflectido na memoria final de curso do Departamento.

8.2.2 Avaliación

5. Coordinación co resto do equipo docente e coas familias

Escala.- 1: Indica logro MÍNIMO; 2: logro BAIXO; 3: logro MEDIO; 4: logro ALTO; 5: logro MÁXIMO

Ao final do curso recolleremos os resultados e analizarémolos para detectar as nosas fortalezas e debilidades. O obxectivo será introducir propostas de mellora no noso labor docente, no ámbito de Departamento didáctico. Os resultados recolleranse nunha Táboa resumo para facilitar a súa análise que se recollerá na Memoria Final do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

8.2.1 Revisión

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

- 1) A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos valiosos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.
- 2) Nas reunións do Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da Programación. Nos informes mensuais e/ou trimestrais incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a secuencia e a temporalización é a adecuada. De non ser así, analizaranse as causas e faranse as correccións pertinentes.
- 3) Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da Programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades. Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación.
- 4) A final de curso, avaliaremos a programación didáctica. Para esta avaliación teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.
- 5) O resultado desta avaliación quedará reflectido na memoria final de curso do Departamento.

8.2.2 Avaliación

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que tomen en consideración, como mínimo, os seguintes elementos: adecuación ao currículo, consecución dos estándares de aprendizaxe, estratexias metodolóxicas, adecuación dos materiais didácticos, temporalización, avaliación e información á comunidade educativa.

Indicadores de logro para a AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Escala.- 1: Indica logro BAIXO; 2: logro MEDIO; 3: logro ALTO

1. O deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo foi adecuada.
2. A secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos foi adecuada.
3. O grao mínimo de consecución fixado para cada estándar foi adecuado.
4. Vinculouse cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación.
5. Seguíronse estratexias metodolóxicas comúns en todo o departamento.
6. Os materiais didácticos empregados resultaron adecuados.
7. Os libros de texto resultaron adecuados.
8. As probas de avaliación inicial foron adecuadas.
9. Respectáronse os criterios, instrumentos e pautas establecidas para o proceso de avaliación.
10. Respectáronse os procedementos e os criterios de cualificación.
11. Respectáronse os criterios establecidos para o seguimento e a recuperación das materias pendentes.
12. As probas obxectivas (exames) propostas resultaron adecuadas, tendo en conta o peso dos estándares para cada curso.

13. Adoptáronse as medidas de atención á diversidade programadas cando foron necesarias.
 14. Deuse a coñecer á comunidade educativa a información básica relativa á programación didáctica, seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade.
 15. Informouse ao alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación do curso correspondente e, de ser o caso, de outras informacións básicas da programación.
 16. Contribuíuse desde a materia ao Plan Lector do centro.
 17. A programación contribuíu adecuadamente á incorporación das TIC's no proceso de ensino - aprendizaxe.
 18. O grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas foi o adecuado.
 19. O plan de seguimento e revisión da programación ao longo do curso foi adecuado.
- A avaliación da programación didáctica permitíranos determinar os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolvido ao longo do curso. Poderemos así analizar os factores que favoreceron o cumprimento da programación ou as causas de non cumprimento, reflexionar sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e introducir propostas de mellora.

8.2.3 Propostas de mellora para a revisión da programación didáctica

En canto ás propostas de mellora para a revisión da programación didáctica, resumimos aquí as principais propostas de mellora que se desprenderon da análise realizada na Memoria Final do curso 2022-23 sobre o proceso de ensino e a nosa práctica docente:

Dado que os resultados académicos foron satisfactorios, non consideramos necesario revisar ou modificar en gran medida aspectos clave da programación como son os obxectivos xerais, perfís competenciais, criterios de avaliación, as estratexias metodolóxicas e os procedementos de avaliación e cualificación da aprendizaxe.

Algúns aspectos xerais a ter en conta para a programación didáctica do curso 2023-2024:

- Seguir afondando na adecuación do desenvolvemento dos obxectivos e contidos á heteroxeneidade, intereses e capacidades do alumnado, cando proceda.
- Mellorar na secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos, realizando os axustes que procedan cando sexa necesario.
- Continuar mellorando na procura e elaboración por parte do profesorado de materiais e recursos didácticos a disposición do alumnado na Aula Virtual do centro.
- Promover estratexias metodolóxicas comúns en todo o departamento.
- Contribuír en maior medida ao Plan Lector do centro, promovendo entre o alumnado a consulta e lectura dos fondos da Biblioteca como lecturas recomendadas.
- Adaptación á nova normativa de avaliación e aos novos currículos derivados da aplicación da LOMLOE e ao seu desenvolvemento normativo.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|--|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 15 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 15 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

A materia de modalidade Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial está exposta para o bacharelato xeral, e trata de achegar os conceptos económicos e empresariais necesarios para que o alumnado teña un soporte teórico que lle permita realizar análises críticas e fundamentadas a partir do estudo de casos sobre a realidade económica actual, valorar os efectos que provoca nos distintos ámbitos da vida e aproveitar estas aprendizaxes para xerar unha actitude proactiva e comprometida coa sociedade e de procura dun maior benestar tanto colectivo como individual.

A materia está organizada arredor duns obxectivos que propoñen que o alumnado analice de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas; que estude, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento das persoas e institucións respecto da toma de decisións económicas, partindo do problema da escaseza e os seus efectos; que se sensibilice e comprometa coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible; que identifique e valore as habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras para facelas súas na medida en que así o necesite; que coñeza e comprenda as distintas estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio e que analice as transformacións socioeconómicas que son producidas e producen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.

Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado.

Os criterios de avaliación e contidos organízanse en tres bloques, facendo coincidir os seus títulos coa denominación da materia:

1º. O bloque "Economía" vincúlase a aspectos puramente económicos e comprende, dúas partes, a primeira recolle problema da escaseza e o tratamento do problema económico e a segunda aborda cuestións relacionadas coa economía e as súas conexións con outras disciplinas, permitindo realizar unha análise da realidade desde una perspectiva máis ampla e integradora.

2º. O bloque "Emprendemento" lígase ao propio emprendemento e ao coñecemento das persoas emprendedoras, trata de presentarlle ao alumnado aquelas habilidades e competencias que son características das persoas con iniciativa e sentido emprendedor vendo nelas referentes reais que o inspiren no seu camiño cara ao futuro. De igual modo, tamén busca dar unha visión obxectiva e realista das dificultades que poden atopar no devandito camiño.

3º. O bloque "Actividade empresarial" céntrase na actividade empresarial e pretende analizar as estratexias que levan cabo as empresas, así como os novos modelos de negocio tendo sempre presente as novidades que existen neste campo como consecuencia da revolución tecnolóxica e dixital.

Calquera persoa necesita comprender o mundo no que vive e reflexionar de maneira crítica sobre a información que recibe da contorna para comprender a organización económica e social dos grupos humanos nos que se integra. Desta maneira, poderá converterse en parte activa e construtiva da sociedade e contribuír a atopar solucións aos problemas que poidan xurdir nela. A realidade socioeconómica ten moitas vertentes, de aí a importancia de conectar o coñecemento que se xera desde diversas disciplinas e desde o ámbito da economía e do estudo das empresas, co que sucede na realidade, para atopar respostas, tomar decisións e actuar con formación, información e responsabilidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|----------|-----|-----|------|
| OBX1 - Analizar de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas, para entender a realidade desde unha visión integral e actuar como cidadáns responsables, autónomos e comprometidos. | 2 | | 4-5 | | 12-50 | 1 | 1-2 | |
| OBX2 - Analizar, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento tanto individual como colectivo na toma de decisións económicas, avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, para comprender os cambios económicos e sociais derivados do devandito problema e actuar en consecuencia. | 2 | | 2 | | 12-50 | 4 | 1-2 | |
| OBX3 - Establecer correspondencias entre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e as aprendizaxes adquiridas a través do estudo de casos reais, analizándoos con axuda de ferramentas económicas e empresariais para xerar unha actitude sensible e un comportamento responsable e proactivo que contribúa a dar resposta aos retos actuais. | | | 2-5 | | 12 | 4 | 1-2 | |
| OBX4 - Identificar e valorar habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras dentro da realidade actual, analizando os seus perfís e a súa forma de afrontar os retos, para recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias e aplicarlas a situacións reais da vida. | | | | | 11-12-31 | 1-3 | 2 | |
| OBX5 - Comprender as estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio desenvolto por entidades vinculadas a diferentes ámbitos e sectores, para identificar a filosofía das empresas, recoñecer as tendencias e poñer en valor, con sentido crítico, a súa actividade na sociedade actual. | 2 | | 2 | 1 | 40 | 1-3 | 1-2 | |
| OBX6 - Analizar a transformación económica e social e as súas consecuencias, recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial, para comprender as respostas que as empresas lles ofrecen aos desafíos actuais e propoñer alternativas e novas solucións aos devanditos desafíos. | 2-3 | | 4 | 5 | 40 | 4 | 1-2 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Economía como ciencia social. | A escaseza e o custo de oportunidade. A modelización matemática como ferramenta. Sistemas de asignación de recursos. O fluxo circular da renda. | 11 | 15 | X | | |
| 2 | As decisións en economía. | Decisións e racionalidade. Economía do comportamento. Utilitarismo e felicidade. Economía do benestar | 7 | 10 | X | | |
| 3 | O mercado. | Funcionamento do mercado. Tipos de mercado. | 11 | 15 | X | | |
| 4 | Unha visión macroceonómica. Desafíos do S. XXI. | Macromagnitudes. Equilibrio macroeconómico. Sistema financeiro. Retos económicos actuais. | 14 | 20 | | X | |
| 5 | O papel do Estado. | Os fallos do mercado e a intervención do sector público. | 11 | 15 | | X | |
| 6 | O emprendemento. | O espírito emprendedor. Competencias, calidades e hábitos do emprendedor. | 11 | 15 | | X | |
| 7 | O proxecto emprendedor. | Misión e visión da empresa emprendedora. Creación e posta en marcha. Protección da idea, do produto e da marca. | 13 | 20 | | | X |
| 8 | A empresa dixital. | A revolución dixital, implicacións para a empresa. Marketing dixital. | 11 | 15 | | | X |
| 9 | A empresa do S. XXI. | Transformación da empresa. Análise de casos: Análise DAFO. Estratexia empresarial. | 11 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 1 | Economía como ciencia social. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | Recoñece o problema económico básico e o custo de oportunidade. Interpreta modelos económicos simples. Explica o fluxo circular da renda. Describe a asignación de recursos nos sistemas económicos. | PE | 80 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos. | Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado. Valora as relacións da economía con outras ciencias. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - A escaseza e as súas implicacións. O custo de oportunidade. A escaseza e a eficiencia. O paradoxo do valor, o valor de uso e o valor de cambio dos bens. - A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. - Economía e outras disciplinas. - A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadores. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 2 | As decisións en economía. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | Describe os efectos da toma de decisións irracionais máis frecuentes. Identifica teorías alternativas á racional na toma de decisións. | PE | 80 |
| CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos. | Valora e aplica en supostos prácticos as achegas doutras disciplinas á ciencia económica. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Economía e outras disciplinas. |

Contidos

- A análise económica e o individualismo metodolóxico. Outras alternativas de análises da realidade social. Perspectiva sociolóxica: o grupo social como unidade de análise económica.
- Os individuos e o comportamento racional. Fallos da racionalidade: a racionalidade limitada. A economía do comportamento, a psicoloxía económica e a teoría da decisión.
- Os axentes económicos e a maximización da súa utilidade: filosofía e economía: o utilitarismo e a felicidade. Utilitarismo como teoría ética fronte a outras posturas. A maximización do benestar social e o debate eficiencia versus equidade desde un punto de vista ético. O benestar social e a calidade de vida desde unha perspectiva sociolóxica. O benestar na psicoloxía positiva. A economía da felicidade e o paradoxo de Easterlin.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | O mercado. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | Describe e comprende o funcionamento do mercado. Identifica os tipos de mercado. Identifica os fallos de mercado. Explica a necesidade de intervención do Estado. | PE | 80 |
| CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais. | Valora os efectos no mercado como asignador de recursos nos desafíos económicos actuais. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A escaseza e o tratamento do problema económico.
- A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos.
- Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 4 | Unha visión macroeconómica. Desafíos do S. XXI. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | Describe o equilibrio macroeconómico e analiza a evolución dos principais indicadores económicos. Explica o funcionamento do sistema financeiro. Elabora un plan financeiro persoal. | PE | 70 |
| CA1.3 - Xerar actitudes sensíbeis e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas. | Identifica e valora os problemas mundiais actuais e formula comportamentos responsables co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. | TI | 30 |
| CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais. | Valora o papel dos indicadores alternativos ao PIB. Valora a importancia da economía circular. Coñece e valora a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible. | | |
| CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | Coñece e valora o impacto medioambiental do crecemento económico. Identifica as causas da pobreza e propón posibles solucións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. - A contorna financeira. Diñeiro e transaccións. Planificación e xestión das finanzas persoais: risco e beneficio. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | O papel do Estado. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | Describe a relación entre os distintos fallos de mercado e as funcións do Estado. Identifica as políticas macroeconómicas. | PE | 70 |
| CA1.3 - Xerar actitudes sensíbeis e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas. | Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e as políticas macroeconómicas aplicadas. | TI | 30 |
| CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais. | Valora o papel das políticas macroeconómicas na resolución dos problemas mundiais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | O emprendemento. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan. | Describe as cualidades e habilidades do emprendedor. Elabora a análise DAFO persoal e realiza propostas de mellora. | PE | 60 |
| CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora. | Valora as cualidades e habilidades do emprendedor en supostos prácticos simulados. | TI | 40 |
| CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais. | Identifica as competencias sociais requiridas para o traballo en grupo. Identifica estratexias de resolución de conflitos. Valora tendencias actuais nas relacións humanas na empresa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva. - O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade. - Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender. - Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas. - Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca. - Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 7 | O proxecto emprendedor. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora. | Define a súa misión e visión persoal. É consciente da importancia da protección da idea de negocio e dos seus resultados. Traballa a idea emprendedora e fai unha aproximación ao modelo de negocio. | TI | 100 |
| CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais. | Valora a importancia do traballo en grupo no pensamento creativo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca. - Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 8 | A empresa dixital. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | Identifica as características propias da empresa dixital. Identifica os cambios nas variables de marketing-mix derivados da transformación dixital da empresa. | PE | 80 |
| CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | Identifica estratexias empresariais desenvolvidas como resposta aos retos económicos actuais integrando as TIC e a protección do medioambiente. | TI | 20 |
| CA3.4 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | Valora en supostos prácticos a importancia da innovación e das TIC como fonte de transformación das empresas para ser competitivas e acceder a novos mercados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio. - Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 9 | A empresa do S. XXI. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.5 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan. | Identifica as estratexias de responsabilidade social desenvolvidas pola empresa como resposta á protección do medioambiente. | PE | 40 |
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | Identifica as estratexias de responsabilidade social desenvolvidas pola empresa no ámbito social. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | Identifica as respostas das estratexias empresariais aos cambios no entorno. Identifica os cambios no entorno laboral na empresa dixital. | TI | 60 |
| CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvolto valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial. | Analiza en casos prácticos a evolución do modelo empresarial tradicional ao actual. | | |
| CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvolto por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado. | Analiza casos prácticos de empresas identificando os novos modelos de negocio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular. - Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel da muller na actividade empresarial. - O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias. - Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sostibilidade. - Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de

manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Aula virtual do centro |
| Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu |
| Biblioteca. Prensa dixital e escrita. Libros e películas sobre economía. |
| Plans, proxectos e programas de centro |
| Aula de informática |
| Software específico libre: openoffice... |
| Libro de texto, se procede |

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio).

Plataformas de videoconferencia que permite ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 7 | 11 | 14 | 11 | 11 | 13 | 11 | 11 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 70 | 70 | 60 | 0 | 80 | 40 | 60 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 30 | 30 | 40 | 100 | 20 | 60 | 40 |

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales

como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - Competencia dixital | | | | X | | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | | | | X | | X | X | |
| ET.6 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A igualdade de xénero | X | | | X | X | X | X | |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X |
| ET.5 - Creatividade | X |
| ET.6 - Emprendemento social e empresarial | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X |
| ET.9 - A igualdade de xénero | X |

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita empresa. | Co fin de aproximar a realidade da empresa á aula. | | | |
| Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria. | Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro. É posible elixir entre as seguintes actuacións: Xornadas de portas abertas nas Delegacións ou charlas impartidas por persoal da Axencia Tributaria nos centros. | | | |
| Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa vinculados cos contidos da materia. | Plan Eduemprende, Young Business Talents. | | | |
| Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.. | Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado. | | | |
| Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030 . | Participación no programa Galicons-net, Plan Proxecta curso 2022/23. | | | |
| Charlas de emprendemento. | Como promoción do autoemprego, do cooperativismo. | | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro. |
| Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia. |
| Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. |
| Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. |
| Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía. |
| Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión. |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. |
| Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. |
| Procura a transparencia do proceso de avaliación. |
| Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público. |
| Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. |

| |
|--|
| Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias. |
| Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. |
| Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. |
| Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. |
| Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados. |
| Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. |
| Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. |
| Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos. |
| Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo. |
| Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado. |
| Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas. |
| Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos. |
| Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado. |
| Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación. |
| Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases. |
| Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. |
| Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado. |
| Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos. |
| Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. |
| Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente. |

Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Economía | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 18 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 19 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 21 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 22 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 24 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 25 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 27 |
| 9. Outros apartados | 27 |

1. Introducción

A materia proporciónalle ao alumnado coñecementos económicos para entender a sociedade na que vive, trata de espertar o seu interese e promover, tras unha análise crítica, iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade. Así mesmo, pon a súa disposición ferramentas que lle permitan tomar decisións tanto individuais como colectivas, con repercusións económicas e financeiras de maneira razoada e responsable.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado no cal se están levando a cabo profundas transformacións, aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da nosa vida. A dixitalización está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto. Canto mellor entendamos o mundo no que vivimos, máis capaces seremos de tomar decisións que permitan mellorar a nosa vida e a nosa contorna.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. Os indicadores económicos como o PIB, o desemprego, a inflación ou o déficit público están continuamente presentes nos medios de comunicación, e isto xera unha crecente demanda de información e formación na medida que nos afecta para tomar decisións nas que no sentimos implicados. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita a análise e afondamento nas relacións humanas e proporciona ferramentas para examinar con espírito crítico a realidade social.

Os retos e desafíos que se presentan no mundo actual fan necesaria a interconexión de distintos ámbitos, entre outros, o económico, social, cultural e ambiental. É preciso coñecer e tomar conciencia de como as nosas decisións e formas de vida afectan ao clima, aos recursos dispoñibles, á biodiversidade e á propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como intento para enfrontarse conxuntamente aos principais desafíos de cara ao futuro.

O currículo, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos: Tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos económicos individuais e colectivos, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que permitan estudar a economía desde unha perspectiva micro e macroeconómica e, por último, proporciona ferramentas de intervención económica, como as políticas económicas, e expoñen os retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións.

Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado.

Os criterios de avaliación e o contidos están estruturados en cinco bloques:

1º. O bloque "As decisións económicas" relaciónase co estudo do comportamento económico, individual ou colectivo, das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades a partir de recursos escasos e, polo tanto, da toma de decisións económicas a partir da análise da realidade.

2º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica" vincúlase co coñecemento e uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva microeconómica.

3º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica" permítenos profundar no estudo das relacións humanas e a realidade económica desde un punto de vista macroeconómico.

4º. O bloque "As políticas económicas" está ligado aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar resposta aos problemas económicos nun marco globalizado.

5º. O bloque "Os retos da economía española nun contexto globalizado" céntrase nos retos da economía actual e en identificar as fortalezas e debilidades da economía española.

O estudo da realidade económica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, permitirá ao alumnado adquirir unha cultura económica xeral para tomar decisións fundamentadas e participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|----------|-----|-------|------|
| OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica. | 2 | | 2 | | 40-50 | | 1-2 | |
| OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico. | 2-3 | | 2 | | 40 | 3 | 1-2 | |
| OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade. | 2-3 | | | | 40-50 | 3-4 | 1-2 | |
| OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | 2-3 | | | 4 | 12-40-50 | | 1-2 | |
| OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade. | 2-3 | | 4 | 5 | 12-40-50 | | 1 | |
| OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas. | 3 | | 2 | | 50 | 3-4 | 1-2-3 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Economía: a ciencia das decisións. | Definición de economía. Necesidades, recursos e bens. A escaseza como problema económico básico. O custo de oportunidade e a necesidade de elixir. O estudo da economía: división entre micro e macroeconomía, e economía positiva e normativa. As posibilidades de produción. O crecemento económico. A economía condutual. | 7 | 10 | X | | |
| 2 | A organización económica e os sistemas económicos. | Recursos, axentes e sectores produtivos. Os sistemas económicos. O fluxo circular da renda. A economía circular. | 16 | 24 | X | | |
| 3 | A empresa e a produción. | Función de produción. Custos, ingresos e beneficios. Obxectivos da empresa. Tipos de empresas. A responsabilidade social da empresa. | 5 | 6 | X | | |
| 4 | O mercado. | Mercado e participantes no mercado. Demanda e oferta. Equilibrio no mercado. Elasticidade-prezo. | 7 | 10 | X | | |
| 5 | Tipos de mercado. | O mercado e a competencia. Competencia perfecta e monopolística. Oligopolio. Monopolio. Teoría de xogos. | 7 | 10 | | X | |
| 6 | O mercado de traballo. | Demanda e oferta de traballo. Produtividade e salarios. Desemprego. Políticas de emprego. Evolución do mercado laboral. | 7 | 10 | | X | |
| 7 | Indicadores e equilibrio macroeconómico. | A economía no seu conxunto. Macromagnitudes. Consumo, inversión e aforro. | 9 | 12 | | X | |
| 8 | O papel do Estado. | Os fallos do mercado. O estado do benestar. Política macroeconómica. | 7 | 12 | | X | |
| 9 | A política fiscal. | Política fiscal. Orzamentos xerais do estado. | 7 | 10 | | | X |
| 10 | O diñeiro e o sistema financeiro. | O diñeiro. O sistema financeiro. Os intermediarios financeiros. Os produtos financeiros. O mercado de valores. | 7 | 8 | | | X |
| 11 | A política monetaria. | A inflación. A política monetaria. | 7 | 8 | | | X |
| 12 | O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea. | O comercio internacional. Libre comercio e proteccionismo. A balanza de pagamentos. O mercado de divisas. Cooperación económica internacional. A integración económica. A Unión Europea. | 7 | 10 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 13 | Retos da economía mundial | A globalización. As consecuencias do crecemento. Crecemento e desenvolvemento. Emigración. O desenvolvemento sostible. | 7 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 1 | Economía: a ciencia das decisións. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Identifica o custo de oportunidade. | PE | 85 |
| CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade. | Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica. | | |
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e debate sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan. | | |
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Distingue entre economía positiva e normativa. | | |
| CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Interpreta modelos simples da realidade económica. | TI | 15 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 2 | A organización económica e os sistemas económicos. | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional. | PE | 65 |
| CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos. | | |
| CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade. | Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos. | | |
| CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social. | Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos. | | |
| CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social. | Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país. | | |
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos. | Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos. | TI | 35 |
| CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda. | | |
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos. | | |
| CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 3 | A empresa e a produción. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade. | Identifica os obxectivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio. | PE | 80 |
| CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social. | Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social. | Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresa da contorna. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | O mercado. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social. | Define as variables que afectan á oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda. | PE | 80 |
| CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Valora na práctica o papel do mercado na asignación de recursos. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 5 | Tipos de mercado. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade. | Analiza o proceso de toma de decisións nos mercados de competencia imperfecta e aplica a teoría de xogos. | PE | 80 |
| CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social. | Diferencia os tipos de mercado. | | |
| CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento. | Identifica mercados de competencia imperfecta e valora os fallos no seu funcionamento. | TI | 20 |
| CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións. | Analiza criticamente os efectos da existencia de mercados de competencia imperfecta. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 6 | O mercado de traballo. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social. | Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos. Diferencia os tipos de desemprego. Identifica as políticas de emprego. | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía | Analiza a evolución do mercado laboral. Valora políticas de emprego aplicadas ou a aplicar. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 7 | Indicadores e equilibrio macroeconómico. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Describe o equilibrio macroeconómico. | | |
| CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Calcula e interpreta o crecemento económico. Diferencia entre crecemento económico e desenvolvemento. | PE | 80 |
| CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social. | Calcula e interpreta as macromagnitudes empregando o fluxo circular da renda. Identifica as limitacións das macromagnitudes. | | |
| CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía | Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación dos diferentes países e analiza as políticas económicas aplicadas. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - seu funcionamento. - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 8 | O papel do Estado. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado. | PE | 70 |
| CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade. | Define estado do benestar e identifica diferentes modelos. | | |
| CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento. | Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar. | | |
| CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos. | Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado. | TI | 30 |
| CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos de estado do benestar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 9 | A política fiscal. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Identifica as distintas políticas fiscais. Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e políticas fiscais aplicadas. | PE | 80 |
| CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade. | Identifica as fontes de financiamento do déficit público. | | |
| CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento. | Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no estado do benestar. | | |
| CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Analiza o estado do benestar como solución ás necesidades individuais e colectivas. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 10 | O diñeiro e o sistema financeiro. | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio. | PE | 80 |
| CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real. | Elabora un plan financeiro persoal. Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas. | | |
| CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá. | Manexa conceptos básicos das finanzas persoais. | | |
| CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real. | Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica. | | |
| CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá. | Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital. | | |
| CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade... | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 11 | A política monetaria. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do estado na economía e identifica as políticas monetarias desenvolvidas. | | |
| CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria. | PE | 100 |
| CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá. | Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 12 | O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Analiza a repercusión das decisións económicas e valor os procesos de integración económica. | PE | 80 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional. | | |
| CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades. | Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo. | | |
| CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía | Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 13 | Retos da economía mundial | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais. | | |
| CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades. | Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos. | PE | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social. | Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida. | | |
| CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Identifica as causas que producen o subdesenvolvemento e a diferenza entre crecemento e desenvolvemento económico | | |
| CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030. | | |
| CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios. | | |
| CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais. | Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS. | | |
| CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos. | Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países. | TI | 70 |
| CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital. | | |
| CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular. | | |
| CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.
- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.
- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.
- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.
- Teorías sobre o decrecemento económico.
- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual do centro en webs dinámicas.. Paquete microft office |
| Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu. |
| Biblioteca. |
| Plans, proxectos e programas de centro. |
| Aula de informática. |
| Software específico libre: openoffice... |
| Contidos para cada unidade didáctica elaborados polo profesorr da materia |

O profesor da materia entregará para cada unidade didáctica o material que incluíra os contidos e actividades. Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ...).

Plataformas de videoconferencia que permite ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase mediante unha actividade inicial co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 16 | 5 | 7 | 7 | 7 | 9 | 7 | 7 | 7 |
| Proba escrita | 85 | 65 | 80 | 80 | 80 | 70 | 80 | 70 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 15 | 35 | 20 | 20 | 20 | 30 | 20 | 30 | 20 | 20 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | Total |
|-----------------------------|-------|-------|-------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 7 | 7 | 100 |
| Proba escrita | 100 | 80 | 30 | 74 |
| Táboa de indicadores | 0 | 20 | 70 | 26 |

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno/a nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado A Probas Escritas (exames).

Cada proba valórase de 0 a 10 puntos ¿con até dous decimais- a nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. A súa ponderación será do 85%

Apartado B. táboa de indicadores

Cada actividade valórase de 0 a 10 puntos ¿con até dous decimais- a nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha. A súa ponderación será do 15%

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Apartado A} \times 0,85 + \text{Apartado B} \times 0,15$$

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada.. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento destinado a:

- Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Alumnado de cambio de modalidade que deba cursar a materia de primeiro. (Artigo 30. Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23).

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022).

O departamento didáctico propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais.

Primeira proba parcial. Versará sobre os contidos:

Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica.

Bloque 2. A actividade produtiva.

Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos.

Segunda proba parcial. Versará sobre os contidos:

Bloque 4. A macroeconomía.

Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía.

Bloque 6. O contexto internacional da economía.

Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

Redondeo da cualificación da avaliación parcial:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

A cualificación da 3ª Avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións, sen redondear, das anteriores avaliacións parciais. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación, aplicado o redondeo, de mínimo 5.

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

A aula virtual xoga un papel fundamental na proposta, seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria

Artigo 75. 1.- É competencia do xefe ou xefa de departamento:

h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos,

favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | X | X | X | | | X | X | X |
| ET.6 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A igualdade de xénero | X | | | | | X | | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | X | | | X | X |
| ET.6 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A igualdade de xénero | | | | | X |

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita empresa. | Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos. | | | |
| participación no programa ponte da USC | Charla sobre algún tema económico impartido por un profesor/a da universidade | | | |
| Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións. | Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado. | | | |
| Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030 . | Participación no programa Galicons-net, Plan Proxecta curso 2022/23. | | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro. |
| Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia. |
| Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. |
| Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. |
| Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía. |
| Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión. |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. |
| Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. |
| Procura a transparencia do proceso de avaliación. |
| Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público. |
| Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. |
| Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias. |
| Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. |

| |
|--|
| Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. |
| Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. |
| Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados. |
| Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. |
| Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. |
| Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos. |
| Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo. |
| Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado. |
| Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas. |
| Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos. |
| Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado. |
| Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación. |
| Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases. |
| Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. |
| Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado. |
| Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos. |
| Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. |
| Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente. |

Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.

- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Educación física | 1º Bac. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 22 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 22 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 23 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 24 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 25 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 26 |
| 7.2. Actividades complementarias | 27 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 27 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 28 |
| 9. Outros apartados | 29 |

1. Introducción

A presente programación didáctica está contextualizada na etapa de Bacharelato. Nesta etapa, a Educación Física está presente unicamente no primeiro curso, cunha carga lectiva de tres horas semanais, por tanto, en principio, será o último contacto que terá o alumnado con contidos propios da materia.

O carácter propedéutico da materia neste nivel favorecerá o achegamento do alumnado a unha serie de profesións vinculadas co deporte, así como novas posibilidades de estudo, xa sexa no ámbito universitario, no da Formación Profesional ou no dos Ensinos Deportivos.

Independentemente dos estudos que continúe o alumnado, a materia busca capacitar ao alumnado na programación autónoma e a autorregulación da súa práctica física, así como consolidar un estilo de vida activo e saudable ao longo da súa vida.

Programación didáctica para o curso 1º BACHARELATO.

1.- Nº de grupos deste nivel no centro: 2

2.- Características dos grupos:

- nº de alumnos/as: 1º bacharelato "A" con 26 alumnos/as e 1º bacharelato "B" con 17 alumnos/as.

- nº de alumnos/as que permanecen un ano máis no mesmo curso: 2 alumnos/as

- Alumnado con algunha enfermidade ou dado de alta no programa de Alerta escolar: 0 alumnos/as

- Alumnado con algunha discapacidade: 0 alumnos/as

- Alumnado exento da materia (poderán solicitar a exención da materia quen curse estes estudos e simultaneamente acredite ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, ou ben realizar estudos das ensinanzas profesionais de Danza): 0 alumnos/as

- Alumnado susceptible de contar con medidas de atención á diversidade: avaliación inicial

3.- Características das instalacións para desenvolver a materia nestes cursos:

- Características das instalacións e dispoñibilidade das mesmas: ximnasio de 25x10m, pavillón de 35x18m e pista polideportiva exterior. Ademais, empregaremos a zona verde do Parque municipal de Carlomagno situada a 100m do instituto.

4.- Características da contorna:

O IES As Fontiñas, está situado no Polígono de Fontiñas en Santiago de Compostela, a súa configuración iniciouse hai máis de vinte anos cun aumento progresivo de vivendas e servizos. Urbanisticamente falando, está configurado por edificios de 5 ou 6 plantas, con patios axardinados e formando bloques compactos. Existen amplas zonas verdes. O barrio conta tamén con todo tipo de establecementos do sector servizos. En resumo, poderíase dicir que constitúe unha "pequena cidade", que alberga aproximadamente 10.000 habitantes. Está formado por vivendas de protección oficial, de promoción privada, vivendas sociais, cooperativas de vivenda e vivendas por taxación.

O alumnado de bacharelato reside en concellos limítrofes a Santiago de Compostela, maioritariamente de Touro e O Pino, e acude en transporte público ata o centro.

5.- Lingua na que se imparte a materia en cada grupo: castelán

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|----------|----|----|------|
| OBX1 - Interiorizar o desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable, planificando responsable e conscientemente a súa actividade física a partir da autoavaliación persoal con base en parámetros científicos e avaliábeis, e axustando as prácticas motrices ás súas necesidades e motivacións persoais para satisfacer as súas demandas de lecer activo e de benestar persoal, así como coñecer posibles saídas profesionais asociadas á actividade física. | | | 2-5 | 1-4 | 11-12-50 | | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|----------|----|-----|------|
| OBX2 - Adaptar autonomamente as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices específicas das modalidades practicadas, a diferentes situacións con distintos niveis de dificultade, aplicando eficientemente procesos de percepción, decisión e execución adecuados á súa lóxica interna para resolver situacións motrices vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos. | | | | | 12-40 | | 2-3 | |
| OBX3 - Difundir e promover novas prácticas motrices, compartindo espazos de actividade físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto cara aos participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica e proactiva ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír autonomamente ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa, fomentando a detección precoz e o coñecemento das estratexias para abordar calquera forma de discriminación ou violencia. | 5 | 3 | | | 11-20-50 | 3 | | |
| OBX4 - Analizar criticamente, e investigar, sobre as prácticas e manifestacións culturais vinculadas coa motricidade segundo a súa orixe e evolución, desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económicos, políticos e sociais que condicionasen o seu desenvolvemento, practicándoas e fomentando a súa conservación para ser capaz de defender, desde unha postura ética e contextualizada, os valores que transmiten. | | 3 | 5 | | 12 | 1 | | 1 |
| OBX5 - Implementar un estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna, organizando e desenvolvendo accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, asumindo responsabilidades na seguridade das prácticas, para contribuír activamente ao mantemento e coidado do medio natural e urbano e dar a coñecer o seu potencial entre os membros da comunidade. | | | 5 | | 12-20 | 4 | 1 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 1 | Nesta primeira unidade didáctica o alumnado deberá ser quen de deseñar un plan de actividade física saudable atendendo ás recomendacións dos organismos oficiais. | 18 | 16 | X | | |
| 2 | PRIMEIRO AUXILIOS | Nesta UD o alumnado aprenderá a anticiparse aos riscos e lesións derivadas das diversas prácticas motrices, e tentará dominar os protocolos de intervención ante situacións críticas ou accidentes (PAS, DEA, DESA, RCP, entre outros). | 5 | 5 | X | | |
| 3 | VOLEIBOL | Nesta UD o alumnado traballará un deporte de rede, neste caso o Voleibol. Repasará e de ser o caso, profundizará na lóxica do xogo e nos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios. | 7 | 9 | X | | |
| 4 | ACTIVIDADES NO MEDIO: PARKOUR E ULTIMATE. | Nesta UD o alumando deberá empregar o entorno urbán como elemento motivador para a superación de retos físicos de distinta complexidade e a práctica de deportes alternativos. | 7 | 8 | X | | |
| 5 | EXPRESIÓN CORPORAL | Nesta UD didáctica o alumnado traballará as técnicas de expresión e dramatización, desenvolvendo ao final da mesma unha composición dramática. | 7 | 8 | X | | |
| 6 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 2 | Nesta UD o alumnado profundizará nos coñecementos sobre alimentación saudable e a postura corporal. | 10 | 10 | | X | |
| 7 | XOGOS POPULARES | Nesta UD o alumnado practicará algúns dos deportes tradicionais e populares, tanto autóctonos como doutras rexións do mundo. | 8 | 8 | | X | |
| 8 | BÁDMINTON | Nesta UD o alumnado traballará un deporte de adversario, neste caso o Bádminton. Repasará e de ser o caso, profundizará na lóxica do xogo e nos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios. | 8 | 8 | | X | |
| 9 | ACROSPORT | Nesta UD o alumnado deberá afrontar e tentar resolver diferentes desafíos físicos, tanto de xeito individual como colectivo, característicos das actividades baseadas no Acrosport. | 8 | 8 | | X | |
| 10 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 3 | Nesta UD o alumnado adquirirá coñecementos sobre saúde mental e empregará técnicas de respiración e | 8 | 9 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 10 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 3 | relaxación. | 8 | 9 | | | X |
| 11 | RITMO | Nesta UD o alumando deberá deseñar unha coreografía de aeróbic ou step de forma cooperativa. | 7 | 8 | | | X |
| 12 | ORIENTACIÓN | Nesta UD o alumnado profundizará nos coñecementos e técnicas de Orientación, tanto no ámbito urbán como no medio natural. | 7 | 8 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 1 | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos. | Poñer en práctica autónomamente un programa persoal de A.F. dirixido ao mantemento da saúde, aplicando sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas, avaliando os resultados obtidos. | TI | 100 |
| CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais. | Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, alimentación saudable e educación postural durante a práctica de actividades motrices | | |
| CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais. | Empregar autónomamente aplicacións dixitais relacionadas coa avaliación da condición física, e respectar a privacidade e as medidas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais. | | |
| CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Xestionar autónomamente calquera imprevisto nas medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física.
- Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.
- Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración.
- Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.
- Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.
- Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia.
- Sistemas de adestramento.
- Profesións vinculadas á actividade física e á saúde.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).
- Selección responsable e sustentable do material deportivo.
- Análise crítica de estratexias publicitarias.
- Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 2 | PRIMEIRO AUXILIOS | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional. | Coñecer e implementar de maneira autónoma medidas específicas para a prevención de lesións e aplicar os primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade.
- Protocolos ante alertas escolares.

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Actuacións críticas ante accidentes. - Conduto PAS: protexer, avisar, socorrer. - Desprazamentos e transporte de accidentados. - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA). - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar). - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares). - Contido básico de caixa de primeiros auxilios. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | VOLEIBOL | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Xestionar autónomamente calquera imprevisto nas medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva. | | |
| CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica. | Solucionar de forma autónoma situacións de colaboración en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control. | | |
| CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe. | Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos | TI | 100 |
| CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria. | Comprender e contextualizar a influencia cultural e social do padel no panorama actual, e coñecer a súa orixe e evolución ata a actualidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares). - Toma de decisións. - Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 4 | ACTIVIDADES NO MEDIO: PARKOUR E ULTIMATE. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional. | Coñecer e implementar de maneira autónoma medidas específicas para a prevención de lesións e aplicar os primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente | TI | 100 |
| CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Xestionar autónomamente calquera imprevisto nas medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes. | Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumir responsabilidades e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares). - Prevención de accidentes nas prácticas motrices. - Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade. - Actuacións críticas ante accidentes. - Desprazamentos e transporte de accidentados. - Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura. - Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades. - Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo. - Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas. - Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física. - Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | EXPRESIÓN CORPORAL | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso. | Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices. | TI | 100 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe. | Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos. | | |
| CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade. | Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con e sen base musical ante as súas compañeiras e compañeiros, e aplicar as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais. - Técnicas específicas de expresión corporal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 6 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 2 | 10 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos. | Poñer en práctica autónomamente un programa persoal de A.F. dirixido ao mantemento da saúde, aplicando sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas, avaliando os resultados obtidos. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais. | Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, alimentación saudable e educación postural durante a práctica de actividades motrices. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Saúde física. - Dietas equilibradas segundo as características físicas e persoais. - Técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física. - Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza. - Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7 | XOGOS POPULARES | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Perfeccionar as habilidades específicas dos xogos tradicionais e populares practicados. | | |
| CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe. | Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria. | Coñecer e practicar xogos tradicionais e populares de Galicia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 8 | BÁDMINTON | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Coñecer e practicar os elementos técnicos, tácticos e regulamentarios do bádminton. | | |
| CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica. | Solucionar autonomamente situacións de oposición con fluidez, precisión e control, aplicando automaticamente procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes. | Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos, e identificar os erros comúns. | | |
| CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe. | Relacionarse co resto de participantes facendo uso do diálogo na resolución de conflitos, respectando a diversidade de competencia motriz e situándose fronte aos estereotipos e a violencia. | | |
| CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas. | Organizar unha competición de bádminton valorando o seu potencial como posible saída laboral. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade. - Mercado, consumismo e deporte. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 9 | ACROSPORT | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso. | Mostrar iniciativa durante o desenvolvemento de retos grupais baseados no Acrosport. | TI | 100 |
| CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo, xestionando autonomamente calquera situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente e axustada aos obxectivos | | |
| CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica. | Solucionar de forma autónoma situacións de cooperación en contextos recreativos con fluidez, precisión e control. | | |
| CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes. | Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos, e identificar os erros comúns. | | |
| CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso. | Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de situacións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso. | | |
| CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas. | Organizar actividades físico-deportivas e analizar os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Prevención de accidentes nas prácticas motrices. - Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 10 | ADESTRA A TÚA SAÚDE 3 | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos. | Poñer en práctica autónomamente un programa persoal de A.F. dirixido ao mantemento da saúde, aplicando sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas, avaliando os resultados obtidos. | TI | 100 |
| CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais. | Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, alimentación saudable e educación postural durante a práctica de actividades motrices | | |
| CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida. | Actuar de forma crítica e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde. | | |
| CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas. | Practicar actividades motrices desde a perspectiva do gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|-----------------|
| - Saúde social. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva. - Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde. - Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional. - Saúde mental. - Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración. - Trastornos vinculados coa imaxe corporal. - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais. - Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 11 | RITMO | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso. | Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices. | TI | 100 |
| CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe. | Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de prácticas motrices, e respetar a diversidade de competencia motriz. | | |
| CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade. | Crear e representar composicións corporais rítmicas colectivas con base musical ante as súas compañeiras e compañeiros, e aplicar as técnicas máis apropiadas a cada composición. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Práctica de actividades rítmico-musicais con intencionalidade estética ou artístico-expresiva. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 12 | ORIENTACIÓN | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar. | Solucionar autonomamente situacións de oposición con fluidez, precisión e control, aplicando automaticamente procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación. | TI | 100 |
| CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria. | Comprender a influencia social das manifestacións motrices actuais máis relevantes, rexeitando os compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria. | | |
| CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan. | Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas e minimizar o impacto ambiental que estas poidan producir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. |

Contidos

- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.
- Saídas profesionais no ámbito deportivo.
- Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.
- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.
- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar na E.F.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a súa selección farase en función de cal sexa o máis apropiado para a ensino-aprendizaxe dunha tarefa determinada. Así para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscribíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos

estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quedas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--------------------------|
| INSTALACIÓNS DISPOÑIBLES |
| MATERIAL DISPOÑIBLE |
| MICROSOFT TEAMS |

Instalacións dispoñibles para o desenvolvemento da materia neste nivel educativo: Ximnasio cuberto de 25 m de longo, 10 de ancho e 5 m de alto; pavillón polideportivo de 35m de longo por 20m de ancho; e pista polideportiva ao aire libre de 40x20 m.

Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso: O material do que dispón o departamento está na liña de dotación xeral da Consellería de Educación para a apertura de centros de Secundaria en 1988, con moi escasas aportacións posteriores e algunhas compras por parte do Departamento. Estas últimas practicamente, por completo adicadas á reposición de balóns.

Uso da aplicación Microsoft Teams con apuntamentos e tarefas de elaboración propia. Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais.

O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|-----------|----------|----------|----------|----------|-----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 18 | 5 | 7 | 7 | 7 | 10 | 8 | 8 | 8 | 8 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 7 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 12 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3, 4 e 5 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 44%; a 6, 7, 8 e 9 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 10, 11 e 12 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 22. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación final ordinaria da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral, tendo en conta, de ser o caso, a cualificación obtida logo das recuperacións das UU.DD. e da avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 0 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar un 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente.

As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta o de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación

directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

Crterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas:

- Logo de rematar a UD proporanse ao alumnado que non a superou actividades de reforzo e recuperación, que serán supervisadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita. Nalgúns casos, segundo as características dos contidos e a situación do alumnado, poderase propor ao mesmo a realización de traballos escritos. No caso de recuperar a UD antes de ter lugar a sesión de avaliación trimestral, para o cálculo da nota desta, terase en conta a nova cualificación. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste caso a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliación trimestral:

- Logo de rematar o trimestre o alumnado que non supere a avaliación, deberá recuperar unicamente as UU.DD. que non teña superadas. Para elo, o profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado que serán supervisadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita. Nalgúns casos, segundo as características dos contidos e a situación do alumnado, poderase propor ao mesmo a realización de traballos escritos.

Para superar a avaliación final extraordinaria:

- Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, realizará actividades de recuperación no período que vai dende a avaliación final ordinaria á avaliación final extraordinaria. Esas actividades serán avaliadas por observación directa do profesorado e, no caso de considerar que acada o mínimo de consecución, daranse por superadas.

- O alumnado que logo de facer as recuperacións das avaliacións trimestrais, e logo de transcourir o período entre avaliación final ordinaria e extraordinaria non recuperou algunha delas, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderase propor traballos escritos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que promocionou a 2º de Bacharelato coa materia de Educación Física pendente elaborárase un plan de recuperación personalizado. Neste plan farase constar, ademais dos apartados establecidos normativamente, os mínimos de consecución que o alumnado ten pendentes de superar, e de ser o caso, as UU.DD.

Farase un calendario de titorías, previa cita por parte do alumnado, para desenvolver o seguimento das tarefas propostas no plan de recuperación. Neste calendario estableceranse tamén as datas das probas para superar os contidos, e o tipo das mesmas.

O cálculo numérico da nota farase igual que no procedemento de cualificación do curso.

Unha vez establecido o calendario da ABAU, e de non ter superado a materia fíxase unha proba final extraordinaria. Na dita proba o alumnado deberá superar aqueles contidos das UU.DD. que non superara nas probas anteriores,

tendo en conta que todo o superado no curso anterior, mantense como superado coa mesma nota.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconceito, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | | | X | X | X | |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | | | | X | X | |
| ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL | | | | | X | | | |
| ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL | X | | | | X | X | | |
| ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL | X | | X | X | X | | | X |
| ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO | X | X | | | | X | | |
| ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO | | | X | X | X | | | X |
| ET.9 - CREATIVIDADE | | | X | X | X | | | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | | X | | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | | | | |
| ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL | | | X | |
| ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL | | | X | X |
| ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL | X | | X | |
| ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO | | X | | |
| ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES | X | X | X | X |
| ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO | X | | X | |
| ET.9 - CREATIVIDADE | X | | X | |

Observacións:

A comprensión de lectura traballarase en todas as UU.DD. a través da proposta de lecturas que aborden a temática da U.D.

A expresión oral valorarase nas exposicións que deba facer o alumnado, así como na dirección de partes das sesións de clase (quecemento, por exemplo).

A expresión escrita traballarase a través das tarefas de redacción, recensión e nas probas escritas.

A comunicación audiovisual traballarase nas tarefas propostas ao alumnado sobre contidos da U.D.

A competencia dixital traballarase tanto a través do uso de Microsoft TEAMS, como das aplicacións que se empreguen para desenvolver os contidos das diferentes UU.DD.

O emprendemento social e empresarial traballarase nas UU.DD. de primeiros auxilios, orientación, acrosport, a dramatización e a animación socio-deportiva, xa que se proporá ao alumnado facer representacións, así como a organización de eventos no medio natural.

A educación emocional e en valores traballarase ao longo do curso a través das diferentes UU.DD.

A igualdade de xénero está presente en todo o currículo e polo tanto en toda a programación, especialmente a teremos presente en aquelas UU.DD. nas que os prexuízos poden influir nas ideas preconcebidas do alumnado.

A creatividade, aínda que presente en todas as tarefas motrices, traballarase principalmente nas unidades de actividades acrobáticas e circenses, e de dramatización

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Saída actividade no medio natural | Durante o terceiro trimestre faremos unha saída para realizar unha actividade no medio natural (sendeirismo, orientación, rafting, escalada...) que sexa accesible ao alumnado de 1º de bacharelato. | | | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS. |
| DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS. |
| Metodoloxía empregada |
| RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE. |
| Clima de traballo na aula |
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN. |

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UU.DD. como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades

atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Filosofía | 1º Bac. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 19 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 20 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 20 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 21 |
| 7.2. Actividades complementarias | 23 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 23 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 24 |
| 9. Outros apartados | 24 |

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de Filosofía para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o Decreto XX/2022 de 2022 onde se define o curriculum da ESO e Bacharelato na CCAA de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tivose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. Neste sentido é importante ter en conta que a filosofía propónse fomentar a reflexión sobre os problemas universais e fundacionais ao mesmo tempo que ofrecer unha caixa de ferramentas para a reflexión crítica e racional sobre eles. Sempre coa intención de promover a madurez persoal e social do alumnado, dende a súa autonomía, coa adquisicións de instrumentos e a súa posta en práctica.

Polo tanto, a materia de 1º de Bacharelato constitúese como unha introdución á filosofía con tres finalidades: (1) Por un lado, ofrecer un marco conceptual e metodolóxico das inquietudes universais e fundacionais do ser humano. (2) Por outro lado, fomentar os instrumentos de diálogo e escoita racional dunha sociedade democrática e ética coas ferramentas da argumentación racional; e finalmente (3) adquirir as ferramentas para a reflexión crítica e creativa sobre un mesmo e sobre os problemas da sociedade contemporánea.

En coherencia con estes plantexamentos a materia de 1º de Bacharelato é unha introdución á filosofía. Busca fomentar a adquisición no alumnado de: (a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos; (b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; (c) o pensamento autónomo e rigoroso; e finalmente, (d) o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

Os criterios de corrección e os indicadores de logro especificados son en consecuencia coherentes coas finalidades e obxectivos indicados, Desenvolvense polo tanto na programación ao longo dunha avaliación continua en nove unidades didácticas. Comezamos cunha introdución a disciplina e a súas ferramentas, para logo percorrer as preguntas filosóficas nas ramas da filosofía: antropoloxía, epistemoloxía, metafísica, filosofía política, ética e finalmente a estética cunha unidade didáctica centrada en Filosofía e xénero.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación se desenvolve nun IES no que non se imparte Ensino Secundario Obrigatorio, polo que o alumnado de 1º de Bacharelato é novo no centro escolar. Maioritariamente, o alumnado procede da zona rural de Compostela (Amio, San Marcos), dos barrios circundantes ao centro escolar (Fontiñas, San Lázaro) e dos concellos limítrofes, principalmente, de O Pino e Touro.

O grupo de 1º de Bacharelato esta composto por 44 alumnos e alumnas de entre 16 e 18 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinares, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador. | 2-3 | | | | 12-40 | 1-3-4 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---------|----|------|-----|-------|-------|----|------|
| OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses. | 1-2-3-5 | | 1 | 1-3 | 40 | 3 | 3 | |
| OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática. | 1-5 | | 1 | | 31 | 2-3 | | 1-32 |
| OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos. | 2-5 | | | | | 1-2-3 | | 2 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Introdución á filosofía | Introdución ao saber filosófico entre as diferentes formas de coñecemento humano. | 11 | 10 | X | | |
| 2 | Antropoloxía: natureza ou cultura? | Introducción a reflexión filosófica sobre o ser humano | 12 | 15 | X | | |
| 3 | Filosofía e xénero | Análise crítico das ausencias e discriminacións que cuestionan a tradición. | 13 | 13 | X | X | X |
| 4 | Epistemoloxía: que é coñecemento? | Introdución a reflexión filosófica sobre o coñecemento: que é que, tipos.... | 12 | 10 | X | | |
| 5 | Pensando loxicamente | Agumentación formalmente válida, informal, incorrecta. | 7 | 6 | X | | |
| 6 | Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada? | Introdución a reflexión filosófica sobre a realidade. | 12 | 15 | X | | |
| 7 | Ética: de onde ven o ben e o mal? | Introdución a reflexión filosófica sobre as diferentes concepción morais e éticas | 12 | 16 | X | X | |
| 8 | Filosofía Política: que é o ben común? | Introdución a reflexión filosófica sobre o ben común. | 12 | 15 | X | X | X |
| 9 | Estética: existe a beleza? | Introdución a reflexión filosófica sobre a beleza e a arte | 9 | 5 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | Introdución á filosofía | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos | PE | 60 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico. | Definir de xeito claro e rigoroso as características e instrumentos fundamentais da filosofía | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. - Características da filosofía. - Concepcións da filosofía. - A tradición filosófica. - Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía. - A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico. - A filosofía como saber. - A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social. - Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica. - Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética. - As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais. - Os métodos da filosofía. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O sentido da filosofía no século XXI. - Sentido e finalidade da filosofía. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 2 | Antropoloxía: natureza ou cultura? | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico. | Xera unha reflexión acerca do que é a filosofía e a antropoloxía distinguíndoa doutros saberes. | PE | 60 |
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes. | | |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - A filosofía e a existencia humana. - O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana. - A especificidade natural do Homo sapiens. - Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos. - Personalidade e identidade persoal. - A estrutura psicosomática da personalidade. |

Contidos

- Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas.
- Consciencia e linguaxe.
- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.
- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 3 | Filosofía e xénero | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Manexo de documentación e bibliografía en papel e online | | |
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes. | PE | 60 |
| CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Elabora unha argumentación razonada oral e escrita algún dos problemas filosóficos máis relevantes da historia, desenvolvendo ao mesmo tempo unha opinión persoal | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. - Filosofía e condición social: a discriminación social. - Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía. - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O sentido da filosofía no século XXI. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------------------|-----------------|
| 4 | Epistemoloxía: que é coñecemento? | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado. | PE | 60 |
| CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Analiza de xeito argumental a transcendencia dos problemas filosóficos e a súa relación con algunha disciplina. | TI | 40 |
| CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Argumenta sobre cuestión de actualidade empregando conceptos filosóficos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O problema filosófico do coñecemento. - Definición, posibilidade e límites do coñecemento. - A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel da muller na ciencia e nos outros saberes. - Coñecemento e interese. - Saber e poder. - A tecnociencia contemporánea. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 5 | Pensando loxicamente | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| <p>CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p> | <p>Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.</p> | PE | 60 |
| <p>CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p> | <p>Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición de contidos, así como unha exposición oral e escrita coherente dos mesmos.</p> | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A verdade como obxectivo do coñecemento. - As teorías da verdade. - O fenómeno da desinformación e a «posverdade». - O razoamento e a argumentación. - A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional. - A argumentación informal. - A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos. - O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 6 | Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada? | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade. | Analiza as ideas principais dun textos filosófico e ponas en relación con outros problemas principais da filosofía ou da actualidade. | PE | 60 |
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado. | | |
| CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos. | Analiza de xeito formal e informal a argumentación textual e identifica as falacias e nesgos. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O problema metafísico do real. - Aparencia e realidade. As realidades virtuais. - Unidade e pluralidade. - Categorías e modos de ser. - Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais. - O problema filosófico do tempo e do cambio. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade. - O problema filosófico da existencia de Deus. |

| Contidos |
|-----------------------------------|
| - Teísmo, ateísmo e agnosticismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 7 | Ética: de onde ven o ben e o mal? | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | PE | 60 |
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio. | | |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos | TI | 40 |
| CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O feito ético e a razón práctica. - Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política. - A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral. - Metaética e ética normativa. - Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo. - Formalismo ético fronte a materialismo ético. - Universalismo e relativismos éticos. - Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes. - Éticas aplicadas. - A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal. - Problemas éticos actuais. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia. - As desigualdades e a pobreza. - A discriminación e o respecto polas minorías. - Problemas ecosociais e medioambientais. - Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito. - Orixe, lexitimidade e vixencia. - Xeracións dos dereitos humanos. - Os dereitos da infancia. - Dereitos dos animais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 8 | Filosofía Política: que é o ben común? | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | PE | 60 |
| CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Expón de xeito oral e escrito a influencia das diferentes pensadoras e pensadores ao longo da historia da filosofía. | | |
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | TI | 40 |
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como animal político. - Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo. - Definición do político: legalidade e lexitimidade. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza. - O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo. - Cidadanía e Estado de benestar. - Xustiza e democracia. - A xustiza como problema filosófico. - A reflexión filosófica sobre a democracia. - Ideais, utopías e distopías. - Os movementos sociais e políticos. - O feminismo e a perspectiva de xénero. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 9 | Estética: existe a beleza? | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | PE | 70 |
| CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea. | Reflexiona de xeito oral e escrito cuestións de relevancia arredor da crítica e do papel das imaxes, arte e linguaxe audiovisual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte. - Teorías e problemas estéticos contemporáneos. - A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. - A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política. - Ética e estética. - O papel político da arte. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema de ensino-aprendizaxe que se utilizará persegue este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos e teorías filosóficas en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recesión, valoración de dilemas morais, diálogos filosóficos, etc.). O obxectivo fundamental será o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriban con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesor nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida personal e social.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas sometidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ao inicio de cada unidade didáctica expóranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Deixando claro os obxectivos concretos mínimos. A continuación farase unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveráanse as actividades e proxectos propios da UD cun resume ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

Nas aulas o alumnado traballará en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Realizaranse tamén tarefas individuais.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen. Cada rúbrica será traballada na aula. Diseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Se informará individualmente dos resultados ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

No proceso de ensino-aprendizaxe combinarase o traballo na aula física co ensino e a aprendizaxe na Aula Virtual. O alumnado disporá na AV de materiais e recursos didácticos necesarios para a súa formación na materia. Ademais, a AV servirá para que o alumnado poida levar a cabo diferentes tarefas suxeitas a cualificación trimestral.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou textos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos ou en revistas especializadas.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, etc.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Mapas conceptuais |
| Textos filosóficos |
| Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces |
| Aula virtual da materia |

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos, textos filosóficos e/ou diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos diversos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. A aula virtual na web do centro servirá como repositorio de materiais, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes da xunta de avaliación inicial que se celebra, aproximadamente, na primeira quincena de outubro, levaranse a cabo diferentes comprobacións para proceder á avaliación inicial do alumnado, p.e. un exame, control ou traballo escrito para entregar, que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións ou un comentario crítico ou un cuestionario filosófico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita, razoamento lóxico, como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa, a lectura comprensiva e a capacidade crítico-argumentativa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado e ao nivel medio do grupo-clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 12 | 13 | 12 | 7 | 12 | 12 | 12 | 9 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 70 | 61 |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 30 | 39 |

Criterios de cualificación:

Os instrumentos e criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita, mapas conceptuais, cuestionarios filosóficos, textos con preguntas, etc.). Estas probas escritas teñen a súa rúbrica correspondente en función do tipo específico de proba.
2. Os traballos ou tarefas na Aula Virtual.
3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, conceptualmente rigurosa e respectuosa das ideas. O profesor levará o rexistro escrito trimestral dos puntos outorgados neste apartado.
4. As actividades para subir nota (de diverso tipo propostas polo profesor) servirán para incrementar a cualificación en calquera dos tres apartados anteriores.

Na Aula Virtual da materia de Filosofía, o alumnado ten ao seu dispor as diversas rúbricas e a plantilla de cualificación e avaliación. O enlace á Aula Virtual virtual é o seguinte:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesasfontinas/aulavirtual/course/view.php?id=248>

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética ponderada das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota da avaliación final ordinaria e extraordinaria se lle aplicarán a seguinte regra de redondeo:

Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través de probas escritas que sumarán un total de 10 puntos. A partir da avaliación final ordinaria darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado coa materia sen superar e preparación da proba extraordinaria. Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter aprobada a materia na convocatoria final ordinaria.. O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita sobre 10 puntos, deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa det allado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento de Filosofía fixa o seguinte procedemento para a recuperación da materia pendente:

A. Seguimento: O seguimento do alumnado farase das seguintes maneiras: presencialmente, mediante unha sesión semanal ordinaria de consultas e planificación do traballo no propio departamento de Filosofía, para este curso 2023/24, fíxose os xoves durante o recreo para a atención presencial ao alumnado. Na Aula Virtual mediante as actividades recomendadas e que gardarán relación directa coas probas escritas. Unha sesión de vídeoconferencia previa aos exames da materia, tanto trimestrais como final, ordinario e extraordinario.

B. Recuperación: As explicacións presenciais, por vídeoconferencia e as correccións das tarefas da AV, terán por finalidade servir á recuperación da materia.

C. Avaliación: A cualificación e avaliación do alumnado farase por medio de Probas Escritas (PE) nas que a nota do aprobado é un 5. Haberá un exame parcial trimestralmente. No caso de non obter o aprobado en todos e cada un dos exames trimestrais, o alumnado fará un exame final ordinario e se fose necesario un exame extraordinario nas datas que estableza a Xefatura de Estudos do centro escolar.

Á nota de cada avaliación se lle aplicará a seguinte regras de redondeo:

Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).

Insistimos nos dous seguintes aspectos anteriormente mencionados:

No caso de non superar as probas parciais trimestrais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. A cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

Finalmente, ao carecer de carga lectiva a materia pendente, a Aula Virtual xogará un papel esencial no seguimento, avaliación e recuperación da materia. A efectos de recuperación da materia pendente, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación dando resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.

2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiriran modificacións significativas do currículo ou supoñan unhamodificaión organizativa ou ben do xeito de acceder ao currículo ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|----------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social | X | | | | | | | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X |
| ET.5 - Emprendemento social | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X |
| ET.9 - Creatividade | X |

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Charlas, conferencias e cine forum | Conferencias de divulgación filosófica, charlas en formato interactivo e proxección de películas que permitan unha abordaxe filosófica. | X | X | X |

Observacións:

As actividades complementarias fixaránse ao longo do curso en función da oferta cultural en Compostela.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| Metodoloxía empregada |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |
| 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |

| |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| Clima de traballo na aula |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| Outros |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través do caderno de clase do profesor por cada avaliación, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e a nivel de grupo-clase e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e se anortaran datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Se as metodoloxías, rúbricas, e secuencializacións foron as axeitadas.
4. Propostas de mellora.
5. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Física e química | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 23 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 24 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 24 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 26 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 27 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 29 |
| 7.2. Actividades complementarias | 35 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 35 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 37 |
| 9. Outros apartados | 38 |

1. Introducción

INTRODUCCIÓN Á MATERIA

O bacharelato é unha etapa de gran transcendencia para o alumnado, pois ademais de afrontar os cambios propios no seu desenvolvemento madurativo ten que facer fronte a aprendizaxes cun carácter máis profundo que nas etapas educativas precedentes, co fin de satisfacer a demanda dunha preparación adecuada para a vida e para os estudos posteriores. As ensinanzas de Física e Química en bacharelato aumentan a formación científica que o alumnado adquiriu ao longo da educación secundaria obrigatoria e contribúen de forma activa á adquisición dunha base cultural científica rica e de calidade que lles permitirá desenvolverse con autonomía nunha sociedade que demanda perfís científicos e técnicos, tanto no ámbito da investigación coma no mundo laboral. A separación das ensinanzas do bacharelato en modalidades posibilita unha especialización das aprendizaxes que configura definitivamente o perfil persoal e profesional de cada alumno e alumna.

Esta materia ten como finalidade profundar nas competencias que se desenvolveron durante toda a educación secundaria obrigatoria e que xa forman parte da bagaxe cultural científica do alumnado, aínda que tamén posúe carácter propedéutico para aqueles estudantes que desexen elixir unha formación científica máis avanzada no curso seguinte, no cal Física e Química se desdobrarán en dúas materias, unha para cada disciplina científica.

O enfoque STEM que se lle pretende outorgar á materia de Física e Química en todo o ensino secundario e no bacharelato prepara o alumnado de forma integrada nas ciencias para afrontar un avance que se orienta á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible. Moitos alumnos e alumnas probablemente exercerán nun futuro cada vez máis próximas profesións que aínda non existen, polo que o currículo desta materia busca ser aberto e competencial, e ten como finalidade non só contribuír a profundar na adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes da ciencia, senón tamén encamiñar o alumnado para que deseñe o seu perfil persoal e profesional de acordo coas súas preferencias e expectativas. Para iso, o currículo de Física e Química de primeiro de bacharelato parte dos seus obxectivos como eixe vertebrador dos demais elementos curriculares.

Con esa referencia, o currículo presenta uns criterios de avaliación que tratan de evitar a avaliación exclusiva de contidos. Con este propósito, os criterios de avaliación e os contidos son organizados presentando os coñecementos, destrezas e actitudes que deben ser adquiridos ao longo do curso. Atópanse distribuídos en bloques que buscan unha continuidade e ampliación respecto da etapa anterior.

Como na devandita etapa, establécese un bloque específico sobre destrezas científicas básicas que deben ser consideradas de maneira transversal ao longo do curso.

O segundo bloque recolle a estrutura da materia e do enlace químico, coñecementos fundamentais neste curso e no seguinte, non só nas materias de Física e de Química senón tamén noutras disciplinas científicas que se apoian neles, como a Bioloxía.

A continuación, o bloque de reaccións químicas afonda en coñecementos que o alumnado aprendeu durante a educación secundaria obrigatoria, proporcionándolle máis ferramentas para a realización de cálculos estequiométricos, por exemplo os relacionados con excesos de reactivos, e cálculos en xeral con sistemas fisicoquímicos importantes, como as disolucións e os gases ideais.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios da química terminan cun bloque sobre química orgánica, un ámbito que se introduciu no último curso da educación secundaria obrigatoria e que se aborda agora con máis detalle, para coñecer as propiedades xerais dos compostos do carbono e ampliar a súa formulación e nomenclatura, e desta maneira deixar o alumnado en disposición de acceder a novos contidos da materia de Química, en segundo curso de bacharelato.

Os saberes de física comezan cun bloque de cinemática. Para acadar un nivel de significación maior na aprendizaxe con respecto á etapa anterior, neste curso trabállase desde un enfoque vectorial, de modo que a carga matemática desta unidade se vaia adecuando aos requirimentos do desenvolvemento madurativo do alumnado. Ademais, o feito de abordar un maior número de movementos permítelles ampliar as perspectivas desta rama da mecánica.

Igual de importante é coñecer as causas do movemento. Por iso, o seguinte bloque presenta coñecementos,

destrezas e actitudes correspondentes á estática e á dinámica. Aproveitando o enfoque vectorial do bloque anterior, o alumnado aplica esas ferramentas á descrición dos efectos das forzas sobre partículas e sobre sólidos ríxidos, que inclúe o estudo do momento resultante dun conxunto de forzas.

Por último, o bloque de enerxía presenta os saberes correspondentes como continuidade aos que se estudaron na etapa anterior, afondando máis nos conceptos de traballo, potencia e enerxía mecánica e a súa conservación e tamén nos aspectos básicos da termodinámica que lles permitan ao alumnado entender o comportamento de sistemas termodinámicos simples e as súas aplicacións máis inmediatas. Todo iso encamiñado a comprender a importancia do concepto da enerxía na nosa vida cotiá e noutras disciplinas científicas e tecnolóxicas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|-------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais e evidenciar o papel destas ciencias na mellora do benestar común e na realidade cotiá. | | | 1-2-5 | | 12 | | | 1 |
| OBX2 - Razoar usando con solvencia o pensamento científico e as destrezas relacionadas co traballo da ciencia para aplicalos á observación da natureza e da contorna, á formulación de preguntas e hipóteses e á validación destas a través da experimentación, da indagación e da procura de evidencias. | | | 1-2 | | 40 | 4 | 1 | |
| OBX3 - Manexar con propiedade e solvencia o fluxo de información nos diferentes rexistros de comunicación da ciencia, como son a nomenclatura de compostos químicos, a linguaxe matemática, as unidades de medida e os códigos de seguridade no traballo experimental, para a produción e interpretación de información en diferentes formatos e a partir de fontes diversas. | 1-2 | | 4 | 2 | | | | |
| OBX4 - Utilizar de forma autónoma, crítica e eficiente plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, consultando e seleccionando información científica veraz, creando materiais en diversos formatos e comunicando de maneira efectiva en diferentes contornas de aprendizaxe, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social. | | 1 | 3 | 1-3 | 32 | | 2 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|-------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Traballar de forma colaborativa en equipos diversos, aplicando habilidades de coordinación, comunicación, emprendemento e repartición equilibrada de responsabilidades, para predicir as consecuencias dos avances científicos e a súa influencia sobre a saúde propia e comunitaria e sobre o desenvolvemento ambiental sostible. | | | 3-5 | | 31-32 | 4 | | |
| OBX6 - Participar de forma activa na construción colectiva e evolutiva do coñecemento científico, na súa contorna cotiá e próxima para converterse en axentes activos da difusión do pensamento científico, na aproximación escéptica á información científica e tecnolóxica e á posta en valor da preservación do medio ambiente e da saúde pública, no desenvolvemento económico e na procura dunha sociedade igualitaria. | | | 3-4-5 | | 50 | 4 | 2 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A actividade científica | Esta unidade posúe carácter transversal, polo que non será obxecto de tratamento específico, senón que os seus contidos formarán parte do resto de unidades didácticas ou ben serán introducidos a medida que vaian aparecendo no desenvolvemento da materia. Esta unidade terá especial importanciano no caso de realizarse prácticas de laboratorio ou proxectos de investigación ao longo do curso. | 10 | 18 | X | X | X |
| 2 | O átomo e o sistema periódico | Nesta unidade abórdase a estrutura electrónica dos átomos e a súa relación co sistema periódico, cuxos contidos fundamentais xa formaron parte do currículo de Física e Química de ESO. En consecuencia, o seu propósito principal é activar e ampliar as destrezas adquiridas polo alumnado en cursos anteriores. Logo de abordar as regras que determinan a estrutura electrónica da meirande parte dos estados fundamentais dos átomos, trátase a interacción entre a luz e a | 10 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | O átomo e o sistema periódico | materia, dende un punto de vista cuántico básico, unicamente con relación a átomos illados. Estúdase a evolución histórica do sistema periódico e a relación existente entre a súa forma actual de uso máis común e os contidos antes mencionados. | 10 | 10 | | X | |
| 3 | Enlace químico e nomenclatura inorgánica | Nesta unidade trátase o enlace químico e a súa relación coas propiedades das substancias, empregando os enfoques tradicionais: enlaces iónicos, covalentes e metálicos. Así mesmo, faise unha introdución á noción de forzas intermoleculares, con especial interese no enlace de hidróxeno, pola súa importancia para outras áreas do currículo. A continuación abórdase a formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos, con atención ás aplicacións que estes poidan ter na vida cotiá. Cómpre ter presente que estes contidos xa formaron parte do currículo de Física e Química na ESO, polo que o propósito é afianzar destrezas xa adquiridas. Posibilidade de actividade práctica sobre a relación entre enlace e propiedades das substancias. | 10 | 13 | | X | |
| 4 | Estequiometría | O propósito desta unidade é afondar nos contidos relacionados coa estequiometría que xa foron tratados en Física e Química de 4º de ESO. Ademais de abordar os cálculos sobre as cantidades dos elementos que constitúen un composto, trátanse os relativos ás cantidades de substancias que participan nas reaccións químicas, ben sexa en masa, moles ou con relación a gases ou disolucións. Tamén se traballan os aspectos de reactivo limitante, pureza e rendemento. Posibilidade de actividade práctica. | 10 | 16 | | X | X |
| 5 | Reaccións químicas de interese | Nesta unidade realizarase unha clasificación das reaccións químicas atendendo ás concrecións na súa importancia na vida cotiá e ás súas aplicacións de interese. Así mesmo, abordaranse procesos industriais singificativos da enxeñería química. | 5 | 7 | | | X |
| 6 | Química orgánica | O propósito desta unidade é afondar ou abordar os contidos relacionados coa química do carbono que xa poideron ser tratados en Física e Química de 4º de ESO. | 10 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Química orgánica | <p>En concreto trataranse os enlaces, hidrocarburos, compostos de carbono osixenados e nitroxenados, así como a formulación e nomenclatura. Abordaranse as propiedades dos compostos de carbono e as súas aplicacións.</p> <p>(*Proxecto de investigación sobre a relación da química do carbono e a sociedade. Estudaranse a posibilidade).</p> | 10 | 12 | | | X |
| 7 | Cinemática do punto material | <p>O propósito desta unidade é afondar nos contidos relacionados coa cinemática que xa foron tratados en Física e Química de 4º de ESO ampliando o estudo a movementos que se producen en dúas ou tres dimensións, mediante o emprego das ferramentas vectoriais correspondentes ou como composición de movementos unidimensionais. En particular, ocupará un lugar principal os que se producen con aceleración constante, como é o caso da caída libre nun campo gravitacional uniforme. Así mesmo, introduciranse as magnitudes, en forma escalar, necesarias para a descrición de movementos circulares, con atención tanto aos uniformes como aos uniformemente acelerados.</p> | 10 | 12 | X | | |
| 8 | Estática | <p>Neste tema afondarase nos contidos relacionados co concepto vectorial de forza que xa foi tratado en Física e Química de 4º de ESO. Introduciranse as condicións de equilibrio dun corpo, polo que se abordará o concepto de momento dunha forza, para aplicalas á estática de sólidos ríxidos sinxelos.</p> | 7 | 8 | X | | |
| 9 | Dinámica | <p>O propósito desta unidade é afondar nos contidos relacionados coa dinámica translacional da partícula que xa foron tratados en Física e Química de 4º de ESO e introducirse no estudo da dinámica rotacional. Coa finalidade de reforzar as aprendizaxes sobre as leis de Newton, estudaranse sistemas sinxelos nos que interveñen dous ou máis corpos que exercen forzas entre si, como é o caso dos ligados mediante cordas ideais ou en contacto mútuo. Cobra especial importancia o teorema de conservación do momento lineal para sistemas de partículas, que será aplicado</p> | 10 | 17 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 9 | Dinámica | para o estudo de problemas sinxelos de choques entre dous obxectos ou de corpos que explotan. | 10 | 17 | X | | |
| 10 | Traballo e enerxía | O propósito desta unidade é afondar nos contidos relacionados co traballo e enerxía que xa foron tratados en Física e Química de 4º de ESO. En concreto, ademais dos conceptos de traballo e potencia, trataranse os seguintes aspectos: o teorema das forzas vivas, as forzas conservativas e a enerxía mecánica co seu teorema de conservación. (Posibilidade de Proxecto de investigación sobre a produción de enerxía). | 10 | 17 | | X | |
| 11 | Calor | Nesta unidade xeneralizarase a conservación da enerxía coa introdución do concepto de calor e o seu intercambio en diversos sistemas, que se relacionará coa variación de temperatura producida unha vez acadado o equilibrio térmico. Por último, establecerase o primeiro principio da termodinámica como formalización da devandita conservación. (Realización de práctica de laboratorio sobre calorimetría). | 8 | 10 | | X | |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | A actividade científica | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático. | Formula hipóteses como respostas a problemas, cuestións ou observacións, e razo a súa validez. | PE | 45 |
| CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade. | Utiliza un par de métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión, analizando a compatibilidade dos resultados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido. | Emprega con coherencia as leis e teorías científicas na resolución de problemas e cuestións, aplicando o razoamento lóxico-matemático. | | |
| CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva. | Realiza ou diseña a montaxe de experimentos científicos cumprindo a normativa de seguridade. | | |
| CA1.5 - Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes. | Emprega recursos tradicionais para o rexistro e organización do traballo e a revisión deste. Usa a aula virtual como ferramenta de comunicación e intercambio de información cando corresponda. | | |
| CA1.6 - Traballar de forma autónoma e versátil, individualmente e en equipo, na consulta de información e na creación de contidos, utilizando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e refugando as menos adecuadas para mellorar a aprendizaxe propia e colectiva. | Emprega e mostra mediante as correspondentes referencias, e cando corresponda, fontes de información fiables e coherentes co traballo desenvolvido. | TI | 55 |
| CA1.7 - Participar de maneira activa na construción do coñecemento científico, evidenciando a existencia de interacción, cooperación e avaliación entre iguais e mellorando o cuestionamento, a reflexión e o debate ao alcanzar o consenso na resolución dun problema ou situación de aprendizaxe. | Participa na resolución de problemas, cuestións ou debates, no gran grupo de aula ou no equipo establecido para unha tarefa concreta. | | |
| CA1.8 - Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc. | Elabora en grupo informes ou formatos análogos sobre as prácticas de laboratorio ou traballos de investigación, presentados cunha estrutura compatible cun produto científico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química. - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias. |

| Contidos |
|--|
| - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 2 | O átomo e o sistema periódico | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|---------|-----|
| CA2.1.1. - Aplicar as regras de construción para determinar o estado fundamental dos átomos e así diferencialo de estados excitados. | Determina o estado fundamental de elementos pertencentes aos grupos s e p do sistema periódico, identificando os seus orbitais de valencia, e distinguíndoo de estados excitados. | PE | 100 |
| CA2.1.2. - Explicar a interacción entre os átomos e a interacción coa radiación electromagnética en termos de tránsitos entre estados enerxéticos dos átomos. | Predí a absorción ou emisión de luz á vista dos estados electrónicos implicados, para elementos pertencentes aos grupos s e p do sistema periódico. | | |
| CA2.1.3. - Relacionar a estrutura electrónica dos átomos no seu estado fundamental coa organización do sistema periódico, para explicar a posición nel dos elementos, as similitudes nas propiedades dos de cada grupo e as tendencias ao longo dos períodos. | Explica a posición dun elemento no sistema periódico así como as similitudes con outros do seu grupo, relacionando ambas, no caso dos elementos dos grupos s e p, coa súa estrutura na capa de valencia. | | |
| CA2.2.1. - Nomear e formular correctamente elementos e ións monoatómicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | Nomea e representaa correctamente a maioría dos elementos, sobre todo os máis importantes, e tamén os seus ións. | Baleiro | 0 |
| CA2.3 - Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema. | Emprega a táboa periódica para obter información sobre a estrutura atómica e as propiedades dos elementos. | | |
| CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | | |
| CA2.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento da táboa periódica: contribucións históricas á súa elaboración actual e importancia como ferramenta predictiva das propiedades dos elementos. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estrutura electrónica dos átomos tras a análise da súa interacción coa radiación electromagnética: explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo. - Modelos atómicos: evolución histórica. - Estrutura electrónica dos átomos. Interacción entre luz e materia. - Contribucións históricas ao sistema periódico dos elementos. - Relación entre sistema periódico e estrutura electrónica: explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo. Variación das propiedades ao longo do período. - Formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos: aplicacións que teñen na vida cotiá. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 3 | Enlace químico e nomenclatura inorgánica | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---------|-----|
| CA2.1.4. - Predicir, a partir da estrutura electrónica do estado fundamental dos átomos, os tipos e características dos enlaces que se establecen entre os elementos. | Determina a o tipo de enlace presente en compostos binarios de elementos dos bloques s e p, a partir dos seus números atómicos, predicindo a fórmula empírica (nos iónicos) ou o diagrama de Lewis. | PE | 100 |
| CA2.1.5. - Inferir o tipo de enlace presente nas substancias a partir das súas propiedades. | Infire o tipo de enlace presente en substancias iónicas, covalentes e metálicas a partir das súas propiedades. | | |
| CA2.1.6. - Verificar a través da observación e da experimentación a relación existente entre as propiedades das substancias e os tipos de enlace presentes nelas. | Deseña ou describe experiencias coas que poder diferenciar substancias iónicas, covalentes e metálicas. | | |
| CA2.2.2. - Nomear e formular correctamente ións poliatómicos e compostos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | Formula correctamente compostos químicos inorgánicos e noméaos, polo menos, empregando unha das nomenclaturas. | | |
| CA2.3 - Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema. | Emprega a táboa periódica para obter información sobre os posibles tipos de enlace nun elemento ou composto binario e interpretar gráfica e esquematicamente ditos enlaces. | | |
| CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|-------------------------------|-----------|----------|
| CA2.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos, representación destes e dedución de propiedades das substancias químicas. Comprobación a través da observación e da experimentación. - Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos. Tipos de enlaces. Representación dos enlaces químicos. - Relación entre enlace químico e propiedades. Comprobación a través da observación e da experimentación. - Formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos: aplicacións que teñen na vida cotiá. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | Estequiometría | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de reaccións químicas, comprendéndoas e explicándoas utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Aplica a conservación dos átomos, e en consecuencia da masa, para resolver cuestións sobre as reaccións químicas entre distintas substancias. | PE | 100 |
| CA3.2.1. - Resolver problemas sobre a constitución de compostos químicos, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Determina a cantidade dun elemento presente nunha masa coñecida dun composto puro ou a súa porcentaxe, coñecida a súa fórmula empírica ou molecular. Determina as fórmulas empírica e molecular dun composto a partir da súa composición centesimal e da masa molar | | |
| CA3.2.2. - Resolver problemas sobre as masas das substancias que participan en reaccións químicas, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Determina a cantidade en masa dun reactivo ou produto que participa nunha reacción química, coñecida a súa pureza ou riqueza e a masa correspondente a outro reactivo ou produto desa mesma reacción. | | |
| CA3.2.3. - Resolver problemas sobre substancias en estado gasoso que participan en reaccións químicas, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Calcula o volume (ou presión) dun reactivo/produto gasoso que participa nunha reacción química, coñecida a temperatura e a súa presión (ou volume) e os moles correspondentes a outro reactivo/produto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.2.4. - Resolver problemas sobre substancias en disolución que participan en reaccións químicas, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Calcula o volume de disolución dun reactivo/produto gasoso que participa nunha reacción química, coñecida a súa concentración molar ou en g/L e os moles correspondentes a outro reactivo/produto. | | |
| CA3.2.5. - Resolver problemas sobre reaccións nas que hai reactivos en exceso, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Identifica o reactivo limitante a partir dos moles dos reactivos presentes e calcula os excesos, en moles, dos restantes. | | |
| CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá. - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas na constitución de compostos. Composición centesimal. - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas. Reactivos en exceso e limitante. - Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa estequiometría na vida cotiá. Pureza ou riqueza dun reactivo. - Cálculo de cantidades de materia en sistemas fisicoquímicos concretos, como gases ideais ou disolucións, así como o estudo das súas propiedades e variables de estado en situacións da vida cotiá. - Cálculo de cantidades de materia en gases ideais: variables de estado dos gases. - Cálculo de cantidades de materia en disolución. - Estudo das propiedades coligativas das disolucións en situacións da vida cotiá. - Estequiometría das reaccións químicas: aplicacións en procesos industriais significativos da enxeñería química. - Estequiometría das reaccións químicas. Rendemento dun produto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------------|-----------------|
| 5 | Reaccións químicas de interese | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.2.6. - Resolver problemas sobre a estequiometría de procesos industriais significativos da enxeñería química, aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Determina a cantidade de produto dunha reacción de interese industrial, coñecidos o seu rendemento e a cantidade e riqueza dun dos reactivos participantes. | PE | 70 |
| CA3.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna nas que estean implicadas reaccións químicas, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente. | Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas con algunhas reaccións químicas e describe posibles solucións sostibles. | | |
| CA3.4 - Debater, de maneira informada e argumentada, sobre cuestións ambientais, sociais e éticas relacionadas co desenvolvemento da física e da química, alcanzando un consenso sobre as consecuencias dos seus avances e propoñendo solucións creativas en común ás cuestións expostas. | Debate sobre cuestións ambientais, sociais ou éticas relacionadas coas reaccións químicas, propoñendo solucións ás cuestións expostas. | TI | 30 |
| CA3.5 - Identificar e argumentar cientificamente, á luz da física e da química, as repercusións de accións que se acometen na vida cotiá analizando como melloralas, como forma de participar activamente na construción dunha sociedade mellor. | Identifica á luz da química repercusións de accións que se acometen na vida cotiá, analizando como melloralas. | | |
| CA3.6 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados con reaccións químicas que axuden a satisfacer as devanditas necesidades, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sostible e a promoción da saúde. | Indica necesidades da sociedade en relación co medio ambiente, o desenvolvemento sostible e a saúde, ás que se poden aplicar coñecementos relacionados coas reaccións químicas. | | |
| CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Clasificación das reaccións químicas: relacións que existen entre a química e aspectos importantes da sociedade actual, como por exemplo a conservación do medio ambiente ou o desenvolvemento de fármacos. - Estequiometría das reaccións químicas: aplicacións en procesos industriais significativos da enxeñería química. - Aplicacións da estequiometría en procesos industriais significativos da enxeñería química. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | Química orgánica | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|---------|----|
| CA4.2.1. - Nomear e formular correctamente hidrocarburos alifáticos e derivados do benceno utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | Escrebe a fórmula semidesenvolvida correcta de hidrocarburos alifáticos (no caso dos alquenos e alquinos, cunha soa insaturación) e derivados do benceno, a partir do nome IUPAC e viceversa. | PE | 80 |
| CA4.2.2. - Nomear e formular correctamente compostos orgánicos osixenados e nitroxenados utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | Escrebe a fórmula semidesenvolvida correcta de compostos monofuncionais (alcois, éteres, cetonas, aldehidos, ácidos, ésteres, aminas, amidas, nitro e haloxenados) a partir do nome IUPAC e viceversa. | | |
| CA4.1 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente. | Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica e describe posibles solucións sostibles desde o ámbito da química orgánica. | TI | 20 |
| CA4.3 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica que axuden a satisfacelas, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sostible e a promoción da saúde. | Indica necesidades da sociedade relacionadas co medio ambiente, o desenvolvemento sostible e a saúde, ás que se poden aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica. | | |
| CA4.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos orgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica. | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades físicas e químicas xerais dos compostos orgánicos a partir dos seus grupos funcionais: xeneralidades nas diferentes series homólogas e aplicacións no mundo real. - Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente algúns compostos orgánicos mono e polifuncionais (hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados). - Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente hidrocarburos alifáticos e derivados do benceno. - Concepto de grupo funcional. Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente compostos orgánicos osixenados e nitroxenados mono e polifuncionais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 7 | Cinemática do punto material | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA5.1.1. - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos rectilíneos uniformes e uniformemente acelerados, para explicar movementos en situacións reais. | Resolve cuestións sobre movementos rectilíneos uniformes de dous móbiles en espazos bidimensionais, mediante as ecuacións do movemento e interpretando ou elaborando gráficas ou táboas. | PE | 100 |
| CA5.1.2. - Aplicar os conceptos da cinemática clásica para analizar movementos bidimensionais uniformemente acelerados, con especial atención á caída libre, para explicar movementos en situacións reais. | Resolve cuestións sobre proxectís en caída libre en campos gravitatorios uniformes, empregando as súas ecuacións de movemento bidimensionais. | | |
| CA5.1.3. - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos circulares uniformes e uniformemente acelerados, para explicar movementos en situacións reais. | Aplica os conceptos da cinemática na resolución de cuestións sobre movementos circular uniforme e uniformemente acelerado, para un móbil, elaborando explicacións mediante as ecuacións do movemento. | | |
| CA5.2.1. - Calcular velocidades, aceleracións e radios de curvatura a partir das ecuacións de movemento dun móbil. | Calcula a velocidade, a aceleración e as compoñentes intrínsecas desta, nun instante dado, partindo do vector de posición dunha partícula en función do tempo. | | |
| CA5.2.2. - Resolver problemas sobre movementos rectilíneos uniformes e uniformemente acelerados, en espazos bidimensionais, de un ou dous móbiles. | Resolve problemas sobre movemento rectilíneo uniforme, de un ou dous móbiles, nun espazo bidimensional. | | |
| CA5.2.3. - Resolver problemas sobre movementos circulares uniformes e uniformemente acelerados, de un ou dous móbiles. | Resolve problemas sobre movemento circular uniforme, incluíndo un ou dous móbiles, e sobre un móbil con movemento circular uniformemente acelerado. | | |
| CA5.2.4. - Resolver problemas sobre movemento uniformemente acelerado dun móbil, en espazos bidimensionais. | Resolve problemas sobre caída libre de proxectís nun campo gravitacional uniforme, partindo dos parámetros iniciais do tiro. | | |
| CA5.3.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións. | Expresa os resultados de magnitudes cinemáticas empregando unidades correctas. | | |
| CA5.3.2. - Realizar conversións de unidades propias das magnitudes cinemáticas. | Realiza correctamente conversións de unidades de velocidade, aceleración, velocidade angular, aceleración angular e frecuencia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|------------------------|---------|---|
| CA5.1 - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos cotiáns, elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |
| CA5.2 - Resolver problemas sobre movementos expostos a partir de situacións cotiáns, aplicando os conceptos propios da cinemática para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | | |
| CA5.3 - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Variables cinemáticas en función do tempo nos distintos movementos que pode ter un obxecto, con ou sen aceleración: resolución de situacións reais relacionadas coa física e coa contorna cotiá. - Vectores de posición, velocidade e aceleración. - Compoñentes intrínsecas da aceleración. - Variables cinemáticas que interveñen nun movemento rectilíneo e circular: magnitudes e unidades empregadas. Movementos cotiáns que presentan estes tipos de traxectoria. - Movemento rectilíneo uniforme. - Movemento uniformemente acelerado. Caída libre nun campo gravitacional uniforme. - Movementos circulares. Ecuación de movemento angular. Velocidade e aceleración angulares. Relacións coa velocidade lineal e coas compoñentes intrínsecas da aceleración. - Expresión da traxectoria dun movemento composto en función das magnitudes que o describen. - Movemento uniformemente acelerado dun móbil, en espazos bidimensionais. - Movemento circular uniforme; frecuencia e período. Movemento circular uniformemente acelerado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 8 | Estática | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA6.1.1. - Aplicar as leis da dinámica newtoniana na análise do repouso ou movemento dos corpos para explicar o estado de movemento dunha partícula. | Aplica a álgebra vectorial e as condicións de equilibrio para explicar o estado de repouso dun sólido ríxido sometido ao seu peso e a un reducido número de forzas de contacto ou aplicadas. | PE | 100 |
| CA6.2.1. - Resolver problemas de estática de sólidos ríxidos sinxelos para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Atopa as características das forzas que actúan sobre un sólido ríxido estático sinxelo sometido ao seu peso e a un reducido número de forzas de contacto ou aplicadas. | | |
| CA6.3.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións. | Expresa resultados relativos a forzas e a momentos de forzas empregando as unidades correctas. | | |
| CA6.1 - Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |
| CA6.2 - Resolver problemas de estática e dinámica de corpos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando as leis da dinámica newtoniana e os teoremas de conservación pertinentes para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | | |
| CA6.3 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Predición, a partir da correspondente composición vectorial, do comportamento estático ou dinámico dunha partícula. Par de forzas. Estática de sólidos ríxidos. - Condición de equilibrio de traslación dun corpo. - Momento dunha forza. Par de forzas. Condición de equilibrio de rotación dun sólido ríxido. - Aplicación das condicións de equilibrio para a resolución de situacións estáticas de sólidos ríxidos. - Relación da mecánica vectorial aplicada sobre unha partícula ou un sólido ríxido co seu estado de repouso ou de movemento. Aplicacións estáticas ou dinámicas da física noutros campos de interese. - Momento de inercia dun cilindro ríxido homoxéneo respecto do seu eixo principal de simetría. Ecuación fundamental da dinámica de rotación: aplicación a un cilindro ríxido homoxéneo e a sistemas cunha polea sen rozamento. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 9 | Dinámica | 17 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA6.1.1. - Aplicar as leis da dinámica newtoniana na análise do repouso ou movemento dos corpos para explicar o estado de movemento dunha partícula. | Aplica a álgebra vectorial e as leis de Newton para responder a cuestións sobre a dinámica dunha partícula ou de dous corpos que están en contacto directo ou ligados mediante cordas tensas. | PE | 100 |
| CA6.1.2. - Aplicar a conservación do momento lineal, en ausencia de forzas externas ou a instantánea, para estudar os choques entre dúas partículas. | Aplica a álgebra vectorial e a conservación do momento lineal para responder cuestións sobre choques unidimensionais ou bidimensionais entre de dúas partículas. | | |
| CA6.2.2. - Resolver problemas de dinámica de partículas e corpos en translación aplicando as leis da dinámica newtoniana para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Atopa, aplicando as leis de Newton, valores de forzas actuantes, os valores de magnitudes cinemáticas ou outros parámetros, referidos a corpos en situacións dinámicas cotiás. | | |
| CA6.2.3. - Resolver problemas de dinámica de cilindros ríxidos homoxéneos sen velocidade de translación e en rotación arredor do seu eixe principal de simetría, argumentando as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolve problemas de dinámica de cilindros ríxidos homoxéneos en rotación ao redor do seu eixe de simetría en repouso, para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | |
| CA6.2.4. - Resolver problemas de dinámica aplicando a conservación do momento lineal para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Atopa algunha das magnitudes escalar ou vectorial relacionadas coa colisión de dúas partículas ou con explosión dunha partícula noutras ou con disparo de armas de fogo, mediante a aplicación da conservación do momento lineal. | | |
| CA6.3.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións. | Utiliza correctamente as unidades das magnitudes propias da dinámica na expresión dos resultados. | | |
| CA6.3.2. - Relacionar unidades propias das magnitudes da mecánica coas unidades de magnitudes fundamentais. | Relaciona as unidades de forza coas das magnitudes fundamentais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|-------------------------------|-----------|----------|
| CA6.1 - Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |
| CA6.2 - Resolver problemas de estática e dinámica de corpos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando as leis da dinámica newtoniana e os teoremas de conservación pertinentes para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | | |
| CA6.3 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Relación da mecánica vectorial aplicada sobre unha partícula ou un sólido ríxido co seu estado de repouso ou de movemento. Aplicacións estáticas ou dinámicas da física noutros campos de interese. - Aplicación da segunda lei de Newton para relacionar o movemento de traslación dun corpo coas forzas que actúan sobre el, en situacións de interese como por exemplo, movementos en planos inclinados. - Momento de inercia dun cilindro ríxido homoxéneo respecto do seu eixo principal de simetría. Ecuación fundamental da dinámica de rotación: aplicación a un cilindro ríxido homoxéneo e a sistemas cunha polea sen rozamento. - Interpretación das leis da dinámica en termos de magnitudes como o momento lineal e o impulso mecánico: aplicacións. - Leis de Newton. - Conservación do momento lineal dun sistema de partículas. Aplicacións. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 10 | Traballo e enerxía | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA7.1.1. - Calcular o traballo realizado sobre un corpo ou partícula material por unha ou varias forzas uniformes. | Calcula o traballo realizado por unha forza uniforme ou pola forza resultante sobre una partícula ou corpo considerado como punto material. | PE | 95 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|---------|---|
| CA7.1.2. - Calcular a potencia desenvolvida por unha forza sobre un corpo ou partícula material. | Calcula a potencia desenvolvida por unha forza aplicada constante sobre unha partícula ou corpo considerado como punto material durante un certo período de tempo. | | |
| CA7.1.3. - Aplicar o teorema das forzas vivas para atopar a velocidade dun corpo ou partícula material, ou o traballo realizado sobre ela. | Aplica o teorema das forzas vivas para atopar a velocidade dunha partícula ou corpo considerado como punto material ou o traballo realizado sobre ela. | | |
| CA7.1.4. - Aplicar o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de movementos nos que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións. | Aplica o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de movementos sen rozamento para unha partícula sometida á acción da gravidade, de forzas de contacto ou de tensións. | | |
| CA7.2.1. - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Resolve problemas sobre movementos en ausencia de rozamento, dun corpo sometido á acción da gravidade, de forzas de contacto ou de tensión, aplicando o teorema de conservación da enerxía mecánica. | | |
| CA7.4.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes relacionadas coa enerxía empregando correctamente as súas notacións. | Utiliza correctamente as unidades da enerxía e potencia na expresión dos resultados. | | |
| CA7.4.2. - Relacionar unidades propias das magnitudes asociadas coa enerxía coas unidades de magnitudes fundamentais. | Relaciona unidades propias das magnitudes asociadas coa enerxía coas unidades de magnitudes fundamentais. | | |
| CA7.4.3. - Realizar conversións entre unidades relacionadas coa enerxía e a temperatura, de uso común, incluídas as do SI. | Realiza conversións entre unidades propias do traballo como J e kW·h. | | |
| CA7.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e as súas manifestacións, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente. | Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e describir posibles solucións sostibles. | TI | 5 |
| CA7.1 - Aplicar os conceptos de calor e traballo e o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de fenómenos cotiás nos que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |
| CA7.2 - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica e térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor e o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|-------------------------------|-----------|----------|
| CA7.4 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias de magnitudes relacionadas coa enerxía, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Conceptos de traballo e potencia: elaboración de hipóteses sobre o balance enerxético de sistemas mecánicos ou eléctricos da contorna cotiá e o seu rendemento. - Traballo e potencia. - Teorema das forzas vivas: enerxía cinética. - Forzas conservativas e non conservativas: enerxía potencial. Enerxía potencial en campo gravitatorio uniforme. - Rendemento enerxético. - Enerxía potencial e enerxía cinética dun sistema sinxelo: aplicación á conservación da enerxía mecánica en sistemas conservativos e non conservativos e ao estudo das causas que determinan o movemento dos obxectos no mundo real. - Teorema de conservación da enerxía mecánica. - Enerxía mecánica en sistemas non conservativos. Aplicación ao rozamento. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 11 | Calor | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA7.1.5. - Aplicar o concepto de calor na análise de fenómenos cotiáns nos que se produza transferencia de enerxía. | Relaciona o concepto de calor coa variación da enerxía mecánica interna dun sistema de partículas e o traballo realizado sobre dito sistema. | PE | 95 |
| CA7.2.2. - Resolver problemas sobre transferencia térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | Calcula a temperatura de equilibrio dun subsistema en contacto diatérmico con outro, partindo dos calores específicos das sustancias e das temperaturas iniciais, cando non hai cambios de estado. | | |
| CA7.4.1. - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes relacionadas coa enerxía empregando correctamente as súas notacións. | Utiliza correctamente as unidades da enerxía e temperatura na expresión dos resultados. | | |
| CA7.4.3. - Realizar conversións entre unidades relacionadas coa enerxía e a temperatura, de uso común, incluídas as do SI. | Realiza correctamente conversións entre a escala Celsius e a Kelvin cando corresponde. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA7.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e as súas manifestacións, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente. | Identifica situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía térmica e describir posibles solucións sostibles. | TI | 5 |
| CA7.1 - Aplicar os conceptos de calor e traballo e o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de fenómenos cotiáns nos que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |
| CA7.2 - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica e térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor e o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados. | | | |
| CA7.4 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias de magnitudes relacionadas coa enerxía, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Variables termodinámicas dun sistema para relacionar as variacións de temperatura que experimenta coas transferencias de enerxía que se producen coa súa contorna. - Transferencias de enerxía sen a intervención de forzas: calor. - Primeiro principio da termodinámica: concepto de enerxía interna dun sistema de partículas. - Temperatura e enerxía. Aplicación a gases ideais: relación entre enerxía interna e temperatura. - Capacidade calorífica dun sistema e calor específica dunha substancia pura. Transferencia de calor entre sistemas en contacto diatérmico. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

En xeral a metodoloxía, unha vez realizada a avaliación inicial, consistirá en partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.

De xeito xeral as clases diarias consistirán nunha primeira fase expositiva e de debate colaborativa para logo pasar a unha fase práctica na que se desenvolveran estratexias e procedementos para acadar os distintos obxectivos avaliábeis e as competencias en definitiva.

Darase prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica ou memorística.

Realizaranse múltiples exercicios variados tanto de índole inductiva como deductiva. Polo xeral esta resolución levarase a cabo de forma colaborativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Desenvolveranse técnicas e estratexias de resolución de problemas e de razonamento de cuestións teóricas e promoverase a utilización e aplicación das mesmas.

Así mesmo, poderán formar parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental así como situacións-problema formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia procurará incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.

Polo dito, poderán incluírse prácticas de laboratorio (que poderán ser avaliadas dentro das probas escritas), ou tamén experiencias en contornos virtuais así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles.

Tratarase, na medida do posible, de poñer énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos que se axustará ao que é habitual nas comunicacións científicas e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. De esta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos: Aula, aula virtual, encerado dixital, laboratorio equipado, ordenadores, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis. |
| Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesor e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio axeitado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares, etc. |

Relación de material dispoñible para o alumnado e que se empregará según os casos..

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días de curso realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado nas materias do departamento tal como:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 4ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

No primeiro ou segundo día lectivo, realizarase unha proba escrita ou desenvolverase algunha tarefa que permita estimar o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 4º ESO. Débese ter en conta que todo o alumnado é de nova incorporación ao centro por contar este só con Bacharelato!

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|-----------|----------|-----------|-----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 10 | 10 | 5 | 10 | 10 | 7 | 10 | 10 |
| Proba escrita | 45 | 100 | 100 | 100 | 70 | 80 | 100 | 100 | 100 | 95 |
| Táboa de indicadores | 55 | 0 | 0 | 0 | 30 | 20 | 0 | 0 | 0 | 5 |

| Unidade didáctica | UD 11 | Total |
|-----------------------------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 100 |
| Proba escrita | 95 | 90 |
| Táboa de indicadores | 5 | 10 |

Criterios de cualificación:

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL: A cualificación dun trimestre realizarase, polo xeral, do seguinte xeito:

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Realizarase unha 1ª proba escrita (exame) sobre a materia impartida nesa parte do trimestre. Para o deseño da proba teranse en conta os distintos criterios de avaliación (CA) e o seu peso que corresponden a esa parte do trimestre e que figuran no apartado 3.3. A cualificación desta parte simbolízase por E1.

- Realizarase unha 2ª proba escrita (exame) sobre a materia impartida nesa última parte do trimestre. Para o deseño da proba teranse en conta os distintos criterios de avaliación (CA) e o seu peso que corresponden a esa parte do trimestre e que figuran no apartado 3.3. A cualificación desta parte simbolízase por E2.

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será: $PE=0,5 \cdot E1+0,5 \cdot E2$

2. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

Cando nun trimestre se avalien CA mediante táboas de indicadores como no caso de que se realice algunha práctica de laboratorio ou se desenvolva algún proxecto de investigación procederase como segue:

- Prácticas de laboratorio e elaboración do informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do 50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I.

A cualificación (TI) desta parte no trimestre será:

$TI=(L+I)/2$ (no caso de terse realizado tamén proxecto) ou $TI=L$ (no caso de terse realizado só prácticas no trimestre).

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas. En caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza ($4,55=4,6$):

$T=PE$ -----> no caso de non terse realizado prácticas de laboratorio nen proxecto no trimestre
 $T=0,15 \cdot TI + 0,85 \cdot PE$ -----> no caso de realizarse traballo práctico no laboratorio, proxecto ou ambos.

Tamén se considera a posibilidade de incluír directamente a avaliación das prácticas de laboratorio dentro das probas escritas polo que, nese caso, non habería cualificación TL e só PE.

Nese caso a nota do trimestre sería: $T=PE$, igual que no caso no que non se realizan prácticas. Que se realice dunha maneira ou doutra dependerá da marcha do curso e da temporalización dado que o currículo de 1º de BACH está bastante axustado, as clases rematan moi pronto en xuño e non se conta con moito tempo.

Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres e redondear ás décimas. En caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza ($4,55=4,6$) e considerarase superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

Criterios de recuperación:

Cando T resulte ser < 5 , será necesario recuperar dito trimestre.

Pódense dar dúas situacións: -

Trimestre non superado, con $PE \geq 5,0$. Terá que recuperar a parte correspondente á cualificación TI. Realizaranse as prácticas ou proxectos pendentes por facer do curso (a cualificación do trimestre non varía). -

Trimestre non superado, con unha ou as dúas $PE < 5,0$. Se no trimestre tamén hai cualificación TI pode conservar a cualificación e terá que realizar unha proba escrita de recuperación correspondente a toda a materia dese trimestre ou a parte $PE < 5$ non superada. A cualificación desta parte simbolízase por ER. Para a cualificación do trimestre trala recuperación, TR, aplicarase a seguinte expresión redondeada ás décimas (á alza no caso de equidistancia):

$TR=ER$ ---> no caso de non terse realizado prácticas de laboratorio nen proxecto no trimestre

$TR=0,15 \cdot TI + 0,85 \cdot ER$ ---> no caso de realizarse traballo práctico no laboratorio, proxecto ou ambos.

Antes do remate do período ordinario do curso, de non superar a materia, o alumnado terá opción de recuperar de novo os trimestres non superados mediante proba escrita, para logo ser avaliado nas mesmas condicións que trala primeira das recuperacións.

CUALIFICACIÓN FINAL: Para a cualificación final do curso farase a media das cualificacións dos 3 trimestres (con redondeo ás unidades e á alza no caso de equidistancia) e considerarase superada a materia se este valor é $\geq 5,0$.

No caso de que sexan tres os trimestres non superados realizarase unha única proba escrita ordinaria sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso. Considerarase superada a materia se nesta proba se cada un resultado igual ou maior que 5.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso. Considerarase superada a materia se nesta proba se acada un resultado igual ou maior que 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Logo do inicio do curso, convocarase unha reunión co alumnado que teña materias pendentes correspondentes ao departamento. Nesta reunión será informado de:

- O procedemento para a súa atención, para o seguimento do progreso do alumnado, resolución de dúbidas, etc. O seguimento deste alumnado levarase a cabo fundamentalmente a través da aula virtual, onde existirá un curso de pendentes dentro do Departamento e nese curso estará matriculado todo alumnado coa materia de Física e Química pendente de 1º de BACH.

Neste curso na aula virtual figurarán tamén:

- Os criterios de avaliación, os seus mínimos e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.
- O calendario do proceso.
- Os recursos para a preparación da materia.

A comenzos de cursos subiránse a aula virtual todos os materiais e exercicios e outros documentos tales como apuntamentos correspondentes ao curso pasado. Tamén se poderá engadir material adicional se o alumnado o solicita. A canle preferente de comunicación será o foro creado no curso de Pendentes da aula virtual. Neste foro alumnado poderá comentar e aclarar as dificultades que teñan xurdido na realización das citadas actividades, e ademais poderán interaccionar entre eles.

Procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar:

Haberá dous exames parciais ao longo do curso aos que o alumnado se pode presentar de forma voluntaria. As datas e horarios destes exames serán establecidas polo departamento xunto co alumnado.

Un destes exames avaliará os contidos, competencias e destrezas de Física e o outro avaliará os contidos, competencias e destrezas da Química. O departamento xunto co alumnado decidirá a orde na que se realizan.

Considerarase superada a materia se a media aritmética das notas destes dous exames é maior ou igual que 5, sempre e cando a nota máis baixa obtida non sexa menor que 3

No caso de non aprobar a materia por parciais, o alumnado terá dereito a un exame final ordinario de suficiencia de toda a materia (ou da parte parcial non superada) e a un exame extraordinario donde deberá examinarse de toda a materia e no que deberá obter unha calificación maior ou igual que 5 para superar a materia.

Todas as probas escritas consistirán en problemas, exercicios e cuestións similares aos propostos durante o curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Segundo se recolle no decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato:

“A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III deste decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.”

O anexo ao que fai referencia este artigo indica as relacións de continuidade entre materias de bacharelato. Para o caso concreto do noso departamento, aparece a relación de continuidade entre Física e química de 1º de bacharelato e as materias de Física e de Química de segundo. Polo tanto, será preciso acreditar os coñecementos previos nas materias de Física e de Química de segundo. Esta acreditación poderá realizarse cursando e aprobando a materia correspondente de primeiro ou a través do procedemento establecido para tal efecto polo departamento didáctico.

Ante a alternativa exposta polo citado decreto, o departamento de Física e química ofrecerá a posibilidade de acreditar os coñecementos mediante unha proba escrita que terá lugar ao comezo do curso. A dita proba constará dunha serie de problemas e cuestións de física ou de química, segundo corresponda, da materia de primeiro curso de bacharelato e terá como referencia na súa avaliación os mínimos de consecución establecidos nesta programación. Consideraranse acreditados os coñecementos necesarios en caso de obter nesa proba unha cualificación igual ou maior que 5,0.

6. Medidas de atención á diversidade

Garantirase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:

- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

I. Proporcionar múltiples formas de representación.

PAUTA 1. Percepción.

- 1.1.-Ofrecendo diferentes formas de presentación. (Uso de materiais dixitais cuxa presentación poida ser personalizada).
- 1.2.-Ofrecendo alternativas á información auditiva. (Transcricións escritas, subtítulos, gráficos, énfases, etc.).
- 1.3.-Ofrecendo alternativas á información visual. (Proporcionar descricións).

PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.

- 2.1.-Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).
- 2.2.-Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, mapas conceptuais, etc.).
- 2.3.-Facilitando a decodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).
- 2.4.-Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas. (Facer que a información clave estea dispoñible en varias linguas, utilizar tradutores).
- 2.5.-Ilustrando a través de múltiples medios. (Utilizar representacións simbólicas para conceptos clave).

PAUTA 3. Comprensión.

- 3.1.-Activando ou substituíndo coñecementos previos. (Utilizar organizadores como mapas conceptuais, métodos KWL, etc.).
- 3.2.-Destacando ideas principais e relacións.
- 3.3.-Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores, proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).
- 3.4.-Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).

II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.

PAUTA 4. Interacción física.

- 4.1.- Variando métodos para resposta e navegación. (Proporcionar alternativas para dar respostas físicas).
- 4.2.- Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio. (Proporcionar acceso a teclados alternativos).

PAUTA 5. A expresión e a comunicación.

- 5.1.-Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias, utilizar redes sociais, etc.).
- 5.2.-Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).

PAUTA 6. As funcións executivas.

- 6.1.-Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).
- 6.2.-Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias. (Usar freos cognitivos, chamadas a parar e pensar, revisar portafolio ou similares, proporcionar listas de comprobación para establecer prioridades, etc.).
- 6.3.-Facilitando a xestión de información e recursos. (Proporcionar organizadores gráficos para recollida e organización de información).

6.4.-Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).

III. Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 7. Opcións para captar o interese.

7.1.-Optimizando a elección individual e a autonomía.(Proporcionar ao alumnado posibilidades de elección no contexto ou contidos utilizados para a avaliación das competencias, das ferramentas para recoller e producir información, das secuencias e tempos para completar as tarefas, etc.).

7.2.-Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).

7.3.-Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).

PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.

8.1.-Resaltando a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debate de avaliación, etc.).

8.2.-Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.) .

8.3.-Fomentando a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeiras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).

8.4.-Utilizando a retroalimentación orientada cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar retroalimentación que saliente o esforzo, que sexa informativa e non competitiva, que fomente a perseveranza, etc.).

PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.

9.1.-Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación. (Proporcionar avisos, listas, rúbricas que se centren en obxectivos de autorregulación, proporcionar apoios que modelen o proceso para establecer metas persoais, apoiar actividades que propicien a autoreflexión, etc.).

9.2.-Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.) .

9.3.-Desenvolvendo a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter retroalimentación que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.2 - A expresión oral traballárase nas presentacións sobre diferentes temáticas (química orgánica e sociedade, produción de enerxía), así como en debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.7, CA1.8, CA3.4, CA3.5. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso do vídeo pasivo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais. | | X | X | | X | X | | |
| ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes (procesadores de texto) ou a presentación de proxectos (programas de presentación), a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas (formulación e nomenclatura, cinemática). Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6. | X | | X | | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo, etc. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.7 e CA1.8. | X | | X | | X | X | | |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1 e CA1.7. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado co seguinte criterio de avaliación: CA1.5. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento. | X | | | | | X | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|--|------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6. | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (química orgánica e sociedade, produción de enerxía), así como en debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.7, CA1.8, CA3.4, CA3.5. | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso do vídeo pasivo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais. | | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|------|-------|-------|
| ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes (procesadores de texto) ou a presentación de proxectos (programas de presentación), a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas (formulación e nomenclatura, cinemática). Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6. | | | X |
| ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo, etc. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.7 e CA1.8. | | X | X |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1 e CA1.7. | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|--|------|-------|-------|
| ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado co seguinte criterio de avaliación: CA1.5. | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia. | X | X | X |
| ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento. | | X | |

Observacións:

Se ben, segundo o decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato, todos os aspectos que constitúen os elementos transversais do currículo poden ser tratados transversalmente dentro da propia materia, é dicir, estar distribuídos ao longo de todas as unidades e non nalgunha en concreto, hai algúns deles que especialmente se abordarían en certas unidades didácticas e así aparecen.

Complétase aquí a secuencia 7:

Participación ordenada do alumnado, respecto polas ideas dos demais, traballo en equipo, tolerancia, respecto polas normas de convivencia e polo establecido tamén na mesma programación didáctica.

No referente ao rexeitamento da violencia:

Prestarase atención a actitudes que puidesen favorecer a violencia para proceder á súa corrección e tomar as medidas que correspondan. (Na unidade 6, ao tratar a industria química, falarase sobre F. Haber).

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Visita ao observatorio astronómico astrotrevinca no concello de A Veiga Ourense | Pendente de confirmación por parte do persoal encargado | X | | |
| Charlas de divulgación científica das universidades galegas. | En función da dispoñibilidade. Investigadores dalgunha universidade galega das facultades de Física ou Química imparten unha charla sobre aspectos de interese para a materia. | | X | |
| Visita a algún centro de investigación de Física ou Química das universidades galegas. | En función da dispoñibilidade. O alumnado poderá observar en directo o funcionamento de laboratorios de investigación de física ou química e o traballo realizado polos investigadores neses centros. | X | | |

Observacións:

Todas as actividades dependerán da dispoñibilidade dos centros. Sitúase a visita á planta industrial no 2º ou 3º trimestre por pertencer a ese período a unidade didáctica relacionada con tal visita.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| 1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4(>90%). |
| 2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3(<90%, >75%) e 4(>90%). |
| 3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada unha das PAUTAS que foron desenvolvidas, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3(90%, >75%) e 4(>90%).. |
| 4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(Desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems), 2(Desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems), 3(Desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems) e 4 (Desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems). |
| 5.-Organización da aula para desenvolver as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado medida conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3(<90%, >75%), 4(>90%). |
| 6.-Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e na contorna para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2(3), 3(4) e 4(>5). |
| 7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación medida conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3(<90%, >75%), 4(>90%). |
| 8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2(2), 3(3) e 4(4). |

Descrición:

TÁBOA 5.-ORGANIZACIÓN DA AULA PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS

Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta a resposta dos alumnos e das alumnas aos ítems.

ÍTEMS

1.-ACCESIBILIDADE FÍSICA NA AULA

- 1.1.-Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas?
- 1.2.-Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)?
- 1.3.-Todo o alumnado pode participar na clase nas actividades ou ter o material necesario sen que llo impidan problemas económicos?
- 1.4.-As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar?

2.-ACCESIBILIDADE SENSORIAL

- 2.1.-Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas?
- 2.3.-No caso de que algún alumno ou algunha alumna teña problemas (de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil, etc.) téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula?

3.-ACCESIBILIDADE COGNITIVA

- 3.1.-O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar actividades?
- 3.2.-O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible prexuízo, parcialidade ou trato inxusto?
- 3.3.-O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir?
- 3.4.-O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles?
- 3.5.-Os materiais e o contido das actividades teñen en conta a perspectiva de xénero? E as diferenzas culturais?
- 3.6.-Os materiais e recursos da aula están organizados e etiquetados?
- 3.7.-Todo o alumnado sabe atopar e gardar o material no seu sitio?
- 3.8.-No caso de que algún alumno ou algunha alumna requira algún apoio ou axuda específica para a comunicación, tense en conta iso no deseño das actividades?
- 3.10.-Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares?

4.-ACCESIBILIDADE EMOCIONAL

- 4.1.-O alumnado sintese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase?
- 4.2.-No caso de ter algún alumno ou algunha alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula?
- 4.3.-No caso de ter algún alumno ou algunha alumna que está vivindo una situación que poida supoñer una barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?
- 4.4.-Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida?
- 4.5.-Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?
- 4.6.-Hai procedementos de resolución de conflitos?
- 4.7.-Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?

TÁBOA 6.-APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.

Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta a resposta dos alumnos e das alumnas aos ítems.

ÍTEMS

- 1.-Utilízase o aula virtual?
- 2.-Utilízase a biblioteca?
- 3.-Utilízanse os laboratorios?
- 4.-No caso de que existan, participase nos proxectos de internacionalización do centro?
- 5.-Participase nos proxectos formativos do centro?
- 6.-Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares?
- 7.-Participase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais, etc.) ou con outras institucións da contorna?

TÁBOA 7.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

ÍTEMS

- 1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinalas tanto o que fixo ben como os erros cometidos?
- 2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular?
- 3.-Tentas que a retroalimentación sexa o máis inmediata posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa?
- 4.-Dilatas a retroalimentación para o alumnado con maior competencia?
- 5.-Ao sinalar un erro indicas en que se equivocou e dás algunha pista de como sería correcto?
- 6.-Cando o alumnado o necesita, exemplificas o proceso paso a paso?
- 7.-Facilitas pautas de corrección, rúbricas, etc. para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo?
- 8.-Realizas frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios?
- 9.-En ocasións pides opinión ao alumno ou alumna sobre que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?
- 10.-Animas ao alumnado a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como o estou a facer e como o fixen?

TÁBOA 8.-COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

ÍTEMS

- 1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias?
- 2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de aplicar criterios de avaliación que son comúns a diferentes materias?
- 3.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?
- 4.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

Como indicador de logro do grao de desenvolvemento e adecuación da programación propónse un baseado no seguimento de cada unidade didáctica (data de inicio e final, sesións previstas fronte a sesións realizadas e grao de cumprimento) e o éxito académico acadado tras cada avaliación ponderando entre 1 e 4 do seguinte xeito:

1. Desenvolveuse menos do 90% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems que se recollen a continuación nesta descrición.
2. Desenvolveuse o 100% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems.
3. Desenvolveuse máis do 90% e acadou máis de 3 nos ítems.
4. Desenvolveuse o 100% e acadou máis de 3 nos ítems.

Os ítems de aprendizaxe son os seguintes:

-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 2(75%, >50%), 3 (90%, >75%) e 4 (>90%).

-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 2(75%, >50%), 3 (90%, >75%) e 4 (>90%).

-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación para cada unha das PAUTAS que foron desenvolvidas ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 2(75%, >50%), 3 (90%, >75%) e 4 (>90%).

En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Grego I | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 5 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 29 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 31 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 32 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 32 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 34 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 35 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 35 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 36 |
| 7.2. Actividades complementarias | 37 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 38 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 39 |
| 9. Outros apartados | 39 |

1. Introducción

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan a o alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade grega como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo grego; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización helena, o alumnado de Grego localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos de morfoloxía, sintaxe e léxico grego e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua grega baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do grego, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. O texto -orixinal, adaptado, en edición bilingüe ou traducido, en función da situación- é o punto de partida desde o cal o alumnado mobiliza todos os contidos para, partindo da súa contextualización, concluir unha lectura comprensiva directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas nos seus propios sistemas de pensamento e na súa cultura. Ambos os aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico grego, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización helena. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado -preservación, conservación e restauración- supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os obxectivos de Grego foron deseñados a partir dos descritores operativos das competencias clave nesta etapa, especialmente da competencia plurilingüe, a competencia en comunicación lingüística e a competencia cidadá, xa mencionada. A competencia plurilingüe, que ten como referente a Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego clásicos como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral. O enfoque plurilingüe da materia de Grego en bacharelato implica unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da propia lingua grega, o seu léxico, os seus formantes, as súas peculiaridades e a súa riqueza en matices, senón tamén das linguas de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado, estimulando a reflexión metalingüística e interlingüística e contribuíndo ao reforzo das competencias comunicativas, ao aprecio da diversidade lingüística e á relación entre as linguas desde unha perspectiva inclusiva, democrática e libre de prexuízos.

Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e por outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva arredor dos textos e do legado material e inmaterial da civilización grega e a súa achega fundamental á cultura, a sociedade, a política e a identidade europeas.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecementobásico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales

chegouata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental. Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Este ano na materia de Grego contamos con 3 alumnas que tamén teñen Latín como materia troncal. Contamos con unha alumna coa materia pendente.

OBXECTIVOS DA MATERIA.

No apartado dos obxectivos, non fixemos modificación ningunha con respecto aos descritores sinalados no currículo por parecernos suficientes e, sobre todo, xa que pode ter influencia no peso relativo da materia na adquisición das competencias clave; aspecto que debería ser acordado na concreción curricular.

Esta programación pretende organizar os contidos dos catro bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os de carácter cultural e os lingüísticos. Así, situamos na primeira avaliación as UD referidas á xeografía e historia da lingua, aínda que o apartado de escritura, transcripción e lectura seguirá a traballarse en todo o curso. Repartidas nos tres trimestres estarán as de historia, sociedade, relixión e etimoloxía e, por último, a modo de recompilación, no terceiro trimestre unha UD sobre legado e patrimonio. En canto ao peso das unidades didácticas, cómpre dicir que as de contidos non lingüísticos teñen un peso que equivale aproximadamente ao 25 % da materia, reservándose o 75 % restante para as unidades didácticas lingüísticas.

METODOLOXÍA.

No apartado metodolóxico explicamos que apostamos por un ensino da lingua grega con un tratamento mesturado no que haxa un método semellante aos das linguas modernas chamados naturais ou activos e outro dos chamados tradicionais ou gramaticalistas xa que o libro de texto utilizad este ano segue esta metodoloxía.

AVALIACIÓN.

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística, probablemente unha cada 15 días que é, máis ou menos, o que nos levará cada apartado de cada bloque de morfoloxía ou sintaxe.

Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado do mundo grego, da obra de lectura obrigada, e dos mitos que teñen que investigar.

A cualificación obterase da seguinte maneira:

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas segundo as seguintes fórmulas:

1.^ª avaliación: $[(UD1 \times 4) + (UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD5 \times 6) + (UD6 \times 3) + (UD7 \times 4) + (UD8 \times 5) + (UD10 \times 2) + (UD12 \times 3)] / 31$

2.^ª avaliación: $[(UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 2) + (UD6 \times 4) + (UD7 \times 3) + (UD8 \times 5) + (UD9 \times 2) + (UD10 \times 3) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 3)] / 36$

3.^ª avaliación: $[(UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 2) + (UD6 \times 3) + (UD7 \times 3) + (UD9 \times 6) + (UD10 \times 3) + (UD12 \times 4) + (UD13 \times 6)] / 33$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD7, que ten un peso total de 10 sobre 100 no curso, está repartido en 4, 3 e 3 nas tres avaliacións. Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 31 para a primeira avaliación, 36 para a 2.^ª e 33 para a 3.^ª avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

Para avaliar á alumna pendente, faremos probas periódicas da parte de lingua según vaiamos vindo a evolución da alumna. En febreiro faremos unha nota media de todas as probas, se non fora satisfactoria seguiremos con máis probas e faremos outra proba final par a avaliación orinaria de maio e, se non acada unha nota positiva, lle daremos outra oportunidade na avaliación extraordinaria.

CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media ponderada das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula: (1.ª aval. x 0,31) + (2.ª aval. x 0,36) + (3.ª aval. x 0,33)

- 1.ª avaliación achega o 31 % da cualificación final.
- 2.ª avaliación achega o 36 % da cualificación final.
- 3.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros e o seguimento mediante táboas de valoración. Todo iso coa finalidade de mellorar a programación de cara a seguintes versións, especialmente no que se refire ás sesións dedicadas a cada UD, a distribución por trimestres, os instrumentos de avaliación e mesmo o peso de cada criterio de avaliación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta. | 1-2 | 2 | 1-2 | | | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado. | | 2-3 | 1 | | 50 | | | |
| OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea. | 4 | | | | | | | 1-2 |
| OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida. | 3 | 3 | | 1 | 31 | 1 | | |
| OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas. | 3 | | | 2 | | 1-4 | 1 | 1-2 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Xeografía | Marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega. Localización de fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes. | 4 | 4 | X | | X |
| 2 | Historia | Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e | 6 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Historia | homes relevantes. Presenza de Grecia na Península Ibérica. | 6 | 12 | X | | |
| 3 | Sociedade e formas de goberno | Nesta unidade didáctica hanse traballar os contidos referidos á sociedade e as formas de goberno de Grecia, tomando como exemplo as polis de Esparta e Atenas. Sistemas políticos. Urbanismo, obras públicas e artes plásticas. A familia. A situación da muller. Nacemento e educación. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos: teatro e deporte. | 6 | 12 | X | X | X |
| 4 | Relixión e mitoloxía | Cosmogonía, divindades e heroes. Formas de culto. Santuarios. | 4 | 9 | X | X | X |
| 5 | Historia da lingua grega. O alfabeto | Do indoeuropeo ao grego moderno: micénico, xónico-ático, koiné e grego moderno. O alfabeto grego na historia da escritura. Orixe e características. A súa relación co alfabeto fenicio e con outros alfabetos. Escritura. Signos ortográficos. Clasificación dos sons. Pronunciación erasmiana e histórica. Normas de transcrición. Lectura fluída. | 10 | 10 | X | X | X |
| 6 | Morfoloxía nominal I: declinacións | Sistema casual. Artigo. 1. ^a e 2. ^a declinacións. Adxectivos 212. 3. ^a declinación. Adxectivos da 3. ^a declinación. Adxectivos irregulares. Graos dos adxectivos. | 10 | 15 | X | X | X |
| 7 | Morfoloxía nominal II: pronomes | Pronomes demostrativos. Pronomes persoais e posesivos. Pronomes indefinidos. | 10 | 9 | X | X | X |
| 8 | Morfoloxía verbal I | Modo indicativo do verbo copulativo (eimí) e dos verbos en -w. Voz activa e medio-pasiva. | 10 | 15 | X | X | |
| 9 | Morfoloxía verbal II. formas nominais | Construcións de infinitivo e de participio. | 8 | 14 | | X | X |
| 10 | Sintaxe I: valores dos casos | Valores dos casos: vocativo, dobre acusativo, dativo posesivo, xenitivo partitivo, complementos circunstanciais, complemento axente. Uso das preposicións. | 8 | 12 | X | X | X |
| 11 | Sintaxe II: oración de relativo | Pronome de relativo. Oracións subordinadas de relativo. | 8 | 5 | | X | |
| 12 | Vocabulario e etimoloxía | Vocabulario básico relacionado cos contidos morfolóxicos explicados. Léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. Descomposición de palabras nos seus formantes. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia. | 10 | 15 | X | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 12 | Vocabulario e etimoloxía | Familias etimolóxicas e semánticas. | 10 | 15 | X | X | X |
| 13 | Legado grego | Nesta unidade didáctica hanse tratar dun modo sintético todos os eidos da vida moderna onde se pode achar o legado de Grecia. Esta unidade pode ser concibida, en certa medida, como un repaso das anteriores, dado que se precisa dos coñecementos adquiridos para poder entender e, sobre todo, facer as conexións e relacións imprescindibles. | 6 | 8 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | Xeografía | 4 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade. | Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes e algúns dos elementos do patrimonio helénico relacionados con eles. | PE | 50 |
| CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade. | Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes e algúns dos elementos do patrimonio helénico relacionados con eles. | | |
| CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Investigar o legado da civilización grega de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información. | TI | 50 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Historia | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida. | Coñecer, explicar e relacionar as épocas e acontecementos da historia de Grecia e os procesos históricos e políticos. | PE | 70 |
| CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica. | Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a historia de Grecia. | TI | 30 |
| CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información. | Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias. Facer un traballo creativo e orixinal sobre Orfeo e Eurídice | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Historia. <ul style="list-style-type: none"> - Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C. - Lendas e principais episodios históricos. - Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------|-----------------|
| 3 | Sociedade e formas de goberno | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida. | Cofecer, explicar e relacionar os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais. | PE | 60 |
| CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Investigar o legado da civilización grega relacionado coa sociedade e o ámbito persoal de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información. | | |
| CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica. | Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a sociedade e a política grega. | TI | 40 |
| CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información. | Debater sobre a importancia e asimilación de diferentes aspectos da sociedade grega, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias. Facer un traballo orixinal e creativo sobre Electra | | |
| CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información. | Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade e formas de goberno. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. |

Contidos

- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense.
- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.
- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.
- A importancia do discurso público para a vida política e social.
- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.
- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.
- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.
- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 4 | Relixión e mitoloxía | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica. | Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a mitoloxía e a relixión. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade. | Investigar algúns dos elementos do patrimonio arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega relacionados coa mitoloxía e a relixión. | | |
| CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Investigar o legado da civilización grega relacionado coa mitoloxía e a relixión de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información. Facer un traballo orixinal e creativo sobre Dafne e Apolo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade. | Investigar o patrimonio herdado da civilización grega e sinalar elementos necesarios para a súa preservación e utilización axeitada. | | |
| CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida. | Coñecer, explicar e relacionar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais. | | |
| CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información. | Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade. | | |
| CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Investigar o legado da civilización grega facendo unha busca, selección e reelaboración axeitada e respectuosa da información. | | |
| CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados. | Analizar obras de arte dadas e identificar e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración. Facer un traballo orixinal e creativo sobre Tántalo. | | |
| CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes. | Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos e presentando os resultados a través de diferentes soportes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. |

Contidos

- Léxico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.
- A importancia do discurso público para a vida política e social.
- Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.
- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.
- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.
- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego, como a de Latín, ten unha serie de elementos que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua grega é iso, unha lingua, o que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de calquera outra lingua que permitan a adquisición de destrezas, como son a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita, ademais da interacción oral.

A consideración das linguas clásicas como linguas mortas propiciou nos últimos dous séculos a consolidación dunha metodoloxía moi particular de aprendizaxe, baseado nun profundo coñecemento gramatical e na utilización constante de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos a través da tradución dos textos gregos cara á lingua propia.

Por outra parte, cómpre considerar que o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos non lingüísticos relacionados coa xeografía, historia, sociedade, relixión e legado para os cales hai que utilizar unha metodoloxía ben diferente.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS NON LINGÜÍSTICOS.

Para o tratamento destes contidos faremos unha mestura das seguintes aproximacións metodolóxicas.

1. Persoa docente emisora, alumnado receptor. A profesora explicará uns temas sobre todo os primeiros (referentes a Orixe de Grecia e a súa ubicación xeográfica) para que o alumnado vaia vendo como serán as sucesivas exposicións. Así pois este modo de traballar, que se apoia despois na elaboración de exercicios e traballos guiados e que se avalúa fundamentalmente a través de probas escritas, pode resultar moi eficiente.

2. Aula invertida. Esta metodoloxía supón un cambio de papel da persoa docente, que pasa de ser emisora de información a colaboradora e guía do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo á aula, na que despois procede a traballar de modo activo aplicando ese coñecemento previo adquirido ou, cando menos, coñecido. Esta metodoloxía permite introducir un grande cambio no traballo tanto na aula como na casa. Na aula porque o alumnado ten que porse de acordo para poder formar e traballar por equipos, o que supón desenrolar un grado de madurez para discernir e elixir aos compañeiros/as do equipo; e logo distribuir as partes do tema que vai realizar cada un. Na casa porque teñen que buscar qué recursos van a utilizar para poder elaborar os temas e despois o formato no que van representar ditos temas. Por último, outra vez na aula terán que enfrontarse ao medo escénico ao ter que presentar o traballo diante dos seus compañeiros. Toda esta labor será guiada pola profesora, xa que cando teñan listos os contidos do tema se llos mostrarán para que vexa se están completos ou falta algo. Esta metodoloxía é moi útil tendo en conta que dentro dos dous próximos anos irán a Universidade, onde moitas materias son a través de traballos de exposición.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.

Para a aprendizaxe da lingua grega tamén faremos unha mestura metodolóxica seguindo unha metodoloxía gramaticalista (tamén chamada tradicional) e unha aproximación a partir de métodos activos.

1. Metodoloxía para un enfoque gramaticalista de aprendizaxe de linguas.

Neste enfoque o obxectivo é a tradución correcta de textos orixinais literarios, isto é, textos dunha grande artificiosidade tanto na gramática como no vocabulario, dado que o aspecto formal neles é moito importante, priorízase a aprendizaxe profunda e completa da gramática, tanto a morfoloxía como a sintaxe,. Este enfoque conleva unha aproximación á lingua moi técnica, na que a aplicación e uso de conceptos de morfoloxía e sintaxe son fundamentais e no que o alumnado procede a un estudo sistemático das estruturas lingüísticas para acceder, primeiro, a entender a construción lóxica da secuencia de texto e, despois, a deducir o seu significado coa axuda de glosarios ao principio e de dicionario nun estadio máis avanzado. Este enfoque consolida un coñecemento e práctica na análise morfolóxica e sintáctica que normalmente favorece o seu rendemento en materias como Lingua Castelá ou Lingua Galega. Crea, porén, a sensación no alumnado de que a aproximación a un texto grego supón un traballo de lóxica e aplicación de normas que o asemella moito á resolución de exercicios doutro tipo de materias. En calquera caso, o alumnado que se achega ao grego por esta vía asocia esta materia con lingua castelá ou galega e coas linguas estranxeiras do seu repertorio, de xeito que sempre faremos comparacións con ditas linguas.

Así partiremos da explicación gramatical e sintáctica por parte da profesora, para pasar despois á elaboración de exercicios nos que se exemplifica ou reforza os coñecementos adquiridos. Ditos exercicios poderán ser os do libro de texto u doutros materiais que se consideren oportunos nese momento. Normalmente, para alixeirar a acumulación duns contidos tan áridos inclúense nas unidades didácticas aspectos doutros bloques de contidos que poidan introducir certa variedade.

2. Metodoloxía a partir de métodos activos. Esta perspectiva parte da premisa de que o grego é unha lingua e que, por tanto, o proceso de aprendizaxe da mesma debe ser o máis semellante posible ao proceso de adquisición de calquera outra lingua. O obxectivo final é que o alumnado poida acceder aos textos da literatura grega a través da súa lectura, entendéndoa como o acto automático polo que unha persoa comprende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras. Por tanto, neste enfoque os aspectos lingüísticos a traballar veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á gramática como ao vocabulario, e pola procura da intelección non reflexiva, cando menos en principio, do texto.

A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o

profesorado, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto non implica, porén, que nesta aproximación non haxa explicación gramatical ou aclaracións de natureza sintáctica. Esta metodoloxía usarémola en moi contadas ocasións, sobre todo ao final do curso cando alumnado xa teña máis destreza coa pronunciación e o manexo da lingua grega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. |
| Hércules Aspeger y la mafia del Olimpo. Bárbara M. Domínguez. Editorial Entrelíneas. |
| A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de teatro grecolatino |
| Enderezo electrónico, acceso a internet, aula virtual do IES. |
| Caderno de escritura ou folios numerados tamaño DIN A4 con cuadrícula |
| https://www.dicciogriego.es/ |
| Temas de cultura explicados por o alumnado e por a profesora |
| Plataforma Dixital TEAMS |

LIBROS DE TEXTO

- José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta con numerosos e variados exercicios e cunha perspectiva moi práctica para a parte dos contidos culturais.
- Rosemary Sutcliff: Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea. Vicens Vives, Clásicos adaptados, Barcelona, 2014. Versión adaptada da Odisea con exercicios e guía de lectura que permite un achegamento á obra de Homero.
- A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de Teatro Grecolatino organizado pola SEEC como unha forma de aproximación ao mundo teatral.
- Hércules Aspeger y la mafia del Olimpo. Bárbara M. Domínguez. Editorial Entrelíneas. Este libro é unha recopilación dos traballos feitos pola autora durante a E.S.O. nas materias de Cultura Clásica e Latín. Por esto cremos que é pode ser un aliciente para o alumnado á hora da súa lectura.

OUTROS RECURSOS

- Recursos en rede asociados cos métodos descritos:
<https://sites.google.com/view/culturaclasicaediciones/home/lingua-graeca/recursos?authuser=0>
<https://aulavirtual.baiaedicions.gal/10>
<https://www.flipsnack.com/vv2020/las-aventuras-de-ulises-cl-sicos-adaptados/full-view.html>
<https://www.dicciogriego.es/>
- Acceso á aula virtual do IES.
- Plataforma Dixital TEAMS.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Cultura Clásica ou Latín na ESO. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico.

OBXECTIVOS

1. Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
2. Coñecer as motivacións do alumnado para a escolla da materia de Grego I.
3. Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE)
4. Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura helénica en xeral e da lingua grega en particular.

A Al hase levar a cabo nos primeiros días do curso.

INSTRUMENTOS

Una proba escrita que consistirá en varios apartados:

- O apartado do mundo cultural, con preguntas de redactar, onde poderá verse, además dos coñecementos que poidan tener sobre o mundo grego, como se expresan e redactan.
- O apartado morfolóxico: con análise e tradución de tempos verbais en castelán ou galego e distinción entre sustantivos, verbos, adxectivos...
- O apartado sintáctico: con análise sintáctico en castelán ou galego.

Asé mesmo os resultados serán altamente reveladores para desvelar que ámbitos formativos hai que priorizar e permitirá coñecer e valorar o punto de partida de cada alumno para actuar en consecuencia. É absolutamente imprescindible a pronta localización das lagoas para asentarse con contundencias as primeiras bases sobre as que asentaranse todos os coñecementos posteriores.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-------------------------------|----------|----------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 4 | 6 | 6 | 4 | 10 | 10 | 10 | 10 | 8 | 8 |
| Proba escrita | 50 | 70 | 60 | 0 | 50 | 55 | 55 | 55 | 55 | 55 |
| Táboa de indicadores | 50 | 30 | 40 | 100 | 50 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | Total |
|-------------------------------|----------|-----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 10 | 6 | 100 |
| Proba escrita | 55 | 65 | 0 | 51 |
| Táboa de indicadores | 45 | 35 | 100 | 49 |

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística, probablemente unha cada 15 días que é, máis ou menos, o que nos levará cada apartado de cada bloque de morfoloxía ou sintaxe.

Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado do mundo grego, da obra de lectura obrigada, e dos mitos que teñen que investigar.

A cualificación obterase da seguinte maneira:

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas segundo as seguintes fórmulas:

1.^ª avaliación: $[(UD1 \times 4) + (UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD5 \times 6) + (UD6 \times 3) + (UD7 \times 4) + (UD8 \times 5) + (UD10 \times 2) + (UD12 \times 3)] / 31$

2.^ª avaliación: $[(UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 2) + (UD6 \times 4) + (UD7 \times 3) + (UD8 \times 5) + (UD9 \times 2) + (UD10 \times 3) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 3)] / 36$

3.^ª avaliación: $[(UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 2) + (UD6 \times 3) + (UD7 \times 3) + (UD9 \times 6) + (UD10 \times 3) + (UD12 \times 4) + (UD13 \times 6)] / 33$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD7, que ten un peso total de 10 sobre 100 no curso, está repartido en 4, 3 e 3 nas tres avaliacións. Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 31 para a primeira avaliación, 36 para a 2.^ª e 33 para a 3.^ª avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

As CA de cada UD están descritas no apartado 3.3, así como o seu peso e o instrumento de avaliación por cada UD.

CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media ponderada das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula: $(1.^ª \text{ aval.} \times 0,31) + (2.^ª \text{ aval.} \times 0,36) + (3.^ª \text{ aval.} \times 0,33)$

1.^ª avaliación achega o 31 % da cualificación final.

2.^ª avaliación achega o 36 % da cualificación final.

3.^ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Como pode apreciarse en cada avaliación se fará un exame da parte de cultura distinto do lingüístico no que entrará: os temas de cultura explicados polos alumnos en grupo, o libro de lectura de cada avaliación e os traballos de mitoloxía mensuais. No traballo na aula, observaremos o interese, a disciplina, a puntualidade á hora de entregar as tarefas tanto obrigatorias como voluntarias.

Se un alumno non supera unha proba da parte de cultura, se lle dará a oportunidade de recuperala noutra ocasión co mesmo método que antes.

Antes da avaliación extraordinaria faremos unha proba final á que irán os alumnos que non superaran algunha das avaliacións feitas ao longo do curso e se alguén quere ir a subir nota aínda que teña todas as outras superadas.

A proba será , con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir , unha pregunta na que terán que facer un cuadro do infinitivo ou participio, outra pregunta de pasar de pasiva a activa, outra de por o segundo termo dun comparativo ou superlativo e dous de cultura.

A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos.

A cualificación final, será a de a nota que se acade nesa proba final, sen ter en conta as notas anteriores, polo tanto será unha nota exacta sen ponderación.

CUALIFICACIÓN FINAL

Suma das tres avaliacións. Por suposto a suma das probas lingüística será numérica, asé como a cultural, a suma das outras é por ponderación.

Neste apartado hai que ter en conta o explicado no apartado anterior para o alumnado que necesite unha proba máis de "recuperación" antes da proba extraordinaria.

IMPORTANTE

1. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.
2. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre que se considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.ª avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a profesora, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas. Hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen.
2. Táboa de indicadores

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

Criterios de recuperación:

Soamente faremos exames de recuperación da parte de cultura en cada avaliación. Da parte de cultura haberá una avaliación extraordinaria.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación extraordinaria, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superase determinadas unidades didácticas e/ou trimestre e/ou curso completo para o caso de que a cualificación non chegase a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD ou avaliacións e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia. Avaliación extraordinaria.

A proba extraordinaria de xuño será similar o igual á de xuño ordinaria, con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir, unha pregunta na que terán que facer un cuadro do infinitivo ou participio, outra pregunta de pasar de pasiva a activa, outra de por o segundo termo dun comparativo ou superlativo e dous de cultura.

Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución e análise valerá 5 puntos; cada unha das cuestións 1 punto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promoció sen superar a materia.

O departamento programará as actividades e probas que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento e os criterios de avaliación. O profesorado da materia de Grego II en 2.º de bacharelato será o encargado da facer o seguimento do alumnado que promoció coa materia pendente. De non existir esa posibilidade, porque non se imparta a materia de Grego II, o xefe ou xefa de Departamento decidirá quen se ocupa dese seguimento que se realizará nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

O alumnado que non se matricule en Grego II en 2.º de bacharelato, poderá escoller outra materia e seguir o procedemento que aquí describimos para recuperar Grego I.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios na aula virtual, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas en datas proporcionadas pola xefatura de estudos. Tamén poderá asistir as clases de Grego 1º, se os horarios o permiten.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que queira cursar a materia de Grego II sen ter cursado a presente materia de Grego I, deberá cursar esta materia como pendente acolléndose ao procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes descritos no punto 5.3 e de acordo co descrito no artigo 32 da Resolución de 26 maio do 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2022-23.

Terá dúas opcións para incorporarse á materia de segundo de bacharelato. A primeira sería acreditar eses coñecementos necesarios nunha proba escrita deseñada a tal efecto polo Departamento didáctico e que se realizaría antes do comezo do curso para poder avaliála e determinar se pode matricularse. Isto suporía que supera a materia de Grego I coa nota obtida na proba escrita. Esta proba constará das seguintes partes:

- a) Preguntas tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, mitoloxía, legado, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas de contidos non lingüísticos desta programación. Estas preguntas achegarán o 25 % da puntuación total da proba.
- b) Exercicio de lectura en voz alta dun texto en grego clásico. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.
- c) Exercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en grego as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.
- d) Exercicio de tradución de texto grego a galego ou castelán. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.

A outra opción, dado que esta materia conta con gran parte de contidos progresivos, sería superar a primeira avaliación de Grego II con nota de 5 como mínimo e esa sería a cualificación da materia de Grego I como pendente.

De non superar ningún destes procedementos, o alumnado deberá seguir cursando a materia de Grego I segundo o procedemento do punto 5.3.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo o Grego I unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, adoptaranse medidas como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula

(proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Se ven algún alumno cando o curso xa está comenzado, como xa ocorreu o ano anterior, se lle facilitará o material e o tempo necesario para tentar seguir o ritmo dos seus compañeiros.
- Se hai algún alumno con escolarización hospitalaria o domiciliaria, como ocorreu o ano anterior, a profesora se porá en contacto cos pais e o alumno para facilitarlle o que necesite, mandando temas, exercicios etc. e poderá seguir as explicacións por a plataforma TEAMS.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

En todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión lectora. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. | X | X | X | X | X | | | |
| ET.4 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - O emprendemento social e empresarial. | | | X | | | | | |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A educación emocional e en valores. | | | X | X | | | | |
| ET.8 - A igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A creatividade. | X | X | X | X | | | | |
| ET.10 - A educación para a paz. | X | X | X | X | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - A comprensión lectora. | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. | | | | | X |
| ET.4 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X |
| ET.5 - O emprendemento social e empresarial. | | | | | X |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A educación emocional e en valores. | | | | | X |
| ET.8 - A igualdade de xénero. | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A creatividade. | | | | X | X |
| ET.10 - A educación para a paz. | | | | | X |

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| 1 Participación no concurso "Yo conozco mi herencia ¿Y tú?". | Tentaremos participar neste concurso para que o alumnado se achegue dunha forma lúdica ao mundo latino. | | X | |
| 3 Festival de teatro grecolatino. | Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente. | | | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| 2 Viaxe a Pompeia e Roma ou Mérida. | O alumnado realizará unha viaxe cultural a Roma y Pompeya para ver in situ o estudado na aula. Esta actividade se realizará cos departamentos de Obra Civil e de Historia. | | | X |
| Visita ao Museo Arqueolóxico Nacional de Nápoles | O alumnado visitará o Museo Arqueológico Nacional, ubicado en Nápoles | | | X |
| Participación nos "Ludi Compostellani" | O alumnado participará nas actividades que se leven a cabo na celebración dos "Ludi Compostellani". | | | X |

Observacións:

Asistencia a algunha outra actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

-Teatro Grecolatino: viaxar no segundo trimestre a unha das sedes do Festival de Teatro Grecolatino para asistir a un espectáculo teatral composto dunha traxedia grega e unha comedialatina interpretadas por un grupo de teatro xuvenil.

- Viaxe cultural a Roma ao final do curso. Dita viaxe será compartido co alumnado de Historia da Arte e de Obra Civil do I.E.S. as Fontiñas. Con esta actividade se pretende que o alumnado vexa "in situ" o estudado na aula.

- Viaxar a Lugo para ver os diferentes xacementos que estanse a recuperar nos últimos anos.

- Participar nos "Ludi Compostellani" para que poidan ver dun xeito lúdico as pegadas da culturagrecorromana. Esta actividade será compartida co alumnado do CEIP de O Pino, centro adscrito ao noso Instituto. Deste xeito o alumnado que poida vir o próximo ano xa irá integrándose nas actividades da nosa materia.

- Participar semanalmente no programa radiofónico de R.N.E. "Verba Volant".

- Participar nos concursos propostos pola S.E.E.C. de Galicia.

- Participar no concurso "Yo conozco mi herencia ¿Y tú?" para que o alumnado faga unha inmersión no mundo grecolatino dun xeito lúdico, participativo e creativo.

- Exposicións nos corredores, biblioteca ou no taboleiro do departamento co gallo de diferentes eventos, (tanto xerais como de efemérides do mundo grecorromano), de artigos, traballos do alumnado relacionados coa cultura grecolatina.

-Probablemente faremos unha viaxe ao planetario de Trevinca xunto co departamento de Física para ver a relación entre a astronomía e a mitoloxía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade. |
| 2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais. |
| 3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos. |
| 4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados. |

5 Resultado das medidas de atención á diversidade.

6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|---------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Historia do mundo contemporáneo | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 21 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 22 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 22 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 23 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 24 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 24 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 26 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 27 |
| 9. Outros apartados | 28 |

1. Introducción

O IES As Fontiñas ten en Bacharelato 88 alumn@s, distribuídos nos seguintes grupos: dous en 1º de Bacharelato , e dous en 2º de Bacharelato. As modalidades de Bacharelato que oferta o centro son: Humanidades, Ciencias, Ciencias Sociais e Xeral (en 1º)

O departamento de Xeografía e Historia é unipersoal. A profesora, e asimesmo Xefa de departamento. é Ana María Santos Vaamonde, quen asume toda a carga horaria.

O alumnado procede sobre todo dos concellos de O Pino e Touro, pero tamén doutros centros de Santiago.

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.

Precisamente os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais. | 2 | 1 | 2 | | 11 | 1-2-3 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|----------|-------|-----|------|
| OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal. | 1-5 | 1 | | | 11-31-40 | 1-2-3 | | |
| OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas. | 3 | | 1 | 5 | 12-31-40 | 2-3 | | |
| OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron. | 3-5 | | | | 12-31 | 2-3 | | 1-2 |
| OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. | 3 | | 5 | 1 | 20-40 | 3-4 | 1 | |
| OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos. | | | 4-5 | | 20-50 | 3-4 | 1-2 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|----------|-----|----|------|
| OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 3-5 | | | 3 | 12-31-40 | 2-3 | | |
| OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia. | 5 | | 3 | 2 | 12-31-40 | 2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A Revolución francesa e o Imperio | Abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade a través do estudio da Revolución francesa e o Imperio. Arte Rococó e arte neoclásico. | 8 | 11 | X | | |
| 2 | A nova era industrial | Nesta unidade explicarase a importancia da Revolución agrícola e o crecemento demográfico. Analizarase a importancia dunha nova fonte de enerxía como o vapor. Abordaranse as novas industrias e explicaranse novas correntes como o Liberalismo económico e o capitalismo. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XIX. | 6 | 11 | X | | |
| 3 | Os novos movementos sociais | Nesta unidade analizaremos a nova sociedade industrial. O crecemento das cidades, consecuencia da nova era | 7 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Os novos movementos sociais | industrial. Valoraremos o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Abordaremos as primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. A consolidación dos partidos e sindicatos e explicaremos o primeiro feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto. | 7 | 10 | X | | |
| 4 | Liberalismo e nacionalismo | Nesta unidade falaremos dos ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o surximento dos novos estados liberais. Analizaremos os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano e finalizaremos falando de dous estados extraeuropeos: os EUA e Xapón. Para finalizar abordaremos o estilo artístico do Romanticismo. | 8 | 11 | X | | |
| 5 | Segunda revolución industrial e colonialismo | Nesta unidade seguiremos analizando o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano causa e consecuencia da segunda revolución industrial. Falaremos das causas do Imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaremos os cambios producidos entre 1870 e 1914. A pintura na segunda metade do século XIX. | 5 | 10 | X | | |
| 6 | A Gran Guerra, un conflito inevitable? | Nesta unidade abordaremos e analizaremos as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudiaremos a Rusia tsarista e explicaremos as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil hasta chegar á creación da URSS. Finalizaremos analizando as consecuencias da Primeira Guerra Mundial. As vanguardias artísticas na primeira metade do século XX. | 9 | 11 | | X | |
| 7 | O mundo despois da Primeira Guerra Mundial | Nesta unidade falaremos dos felices anos vinte. Empezaremos abordando os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizaremos a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX. | 6 | 8 | | X | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Irmáns de leite. | <p>Realización dunha avaliación inicial nas primeiras sesións.</p> <p>Abordaxe do coñecemento da realidade multilingüe do Estado español. Atenderase especialmente ao desenvolvemento sociohistórico do galego e do portugués.</p> <p>Estudo do acento diacrítico e breve presentación das categorías gramaticais.</p> <p>Verase o uso correcto de todos os signos de puntuación, avanzarase no emprego eficaz do corrector ortográfico en liña, OrtoGal. O alumnado coñecerá ferramentas lingüísticas dixitais para ter toda a terminoloxía á súa disposición.</p> <p>Estudaranse as características do texto oral e do texto escrito. Focalizarase a atención nun dos principais textos académicos: o ensaio. Atenderase á súa estrutura básica e características. Pescuda bibliográfica de ensaios en galego sobre diferentes temáticas, a partir da recomendación da/o docente.</p> <p>Iniciarase o estudo da literatura medieval galego-portuguesa. Difundiranse entre o alumnado fontes de consulta relacionadas coa tradición literaria medieval galego-portuguesa.</p> | 10 | 10 | X | | |
| 2 | Quen puidera namoralá. | <p>Estudo dos trazos lingüísticos distintivos das linguas da Península Ibérica, con especial atención ao éuscaro e ao catalán.</p> <p>Abordaxe da situación sociolingüística das linguas do Estado español.</p> <p>Tratamento dos elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como dos elementos non verbais da comunicación: xestos, miradas, postura, ton e velocidade da voz.</p> <p>O estudo das seguintes propiedades textuais I: a coherencia e a cohesión, con especial atención á cohesión a través do uso dos tempos verbais.</p> <p>Lectura obrigatoria dun ensaio de carácter sociolingüístico. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite.</p> <p>Repaso xeral dos diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.</p> <p>Estudo da lírica profana e concretamente,</p> | 10 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Quen puidera namorala. | da cantiga de amigo e da cantiga de amor. | 10 | 11 | X | | |
| 3 | Persuasores ocultos. | <p>Estudo das variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e do Brasil. Análise das propiedades textuais II: a adecuación.</p> <p>Realización dunha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil, por exemplo, o ciberanzol. Planificación da temática e procura de información. Terase en conta a audiencia á que vai destinada, o tempo de exposición, controlaranse os aspectos da linguaxe non verbal e aplicaranse os trazos discursivos e lingüísticos característicos da oralidade formal.</p> <p>Elaboración dun proxecto sociolingüístico baseado no ecolingüismo a partir da traxectoria propia e do contexto familiar, cada estudante confeccionará unha árbore lingüística familiar que se publicará dixitalmente na revista do centro, alén de realizar unha exposición pública perante o resto de compañeiros/as.</p> <p>Estudo dos pronomes, as preposicións e as conxuncións e a súa localización nun texto. As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores da lírica profana.</p> | 15 | 14 | X | | |
| 4 | Como pórle un piercing á lingua. | <p>Identificación de prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua e estratexias para contrarrestalos.</p> <p>Estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Por unha banda, estudarase a conversa sincrónica (chat) como exemplo referido ás redes sociais e pola outra, a crónica informativa ou xornalística como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación.</p> <p>O alumnado aprenderá a gardar información académica nunha plataforma de almacenamento persoal na Rede.</p> <p>Do punto de vista do funcionamento da lingua, nesta unidade abordaranse os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a.</p> <p>Afondarase na lírica relixiosa medieval, na decadencia da lírica galego-portuguesa e na prosa medieval. Relacionaranse algunhas composicións con outras obras (clásicas e actuais) e con outras experiencias artísticas e culturais. O alumnado deberá saber interpretar as</p> | 10 | 8 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Como pórllle un piercing á lingua. | obras ao abeiro do seu contexto sociohistórico. | 10 | 8 | | X | |
| 5 | Falemos claro! | <p>Análise dos fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. Influencia das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.</p> <p>Estudo dos textos orais e concretamente, do diálogo. Emprenderase o estudo do diálogo espontáneo ou conversa e do diálogo planificado, centrando a atención no debate, no faladoiro e na entrevista.</p> <p>Tratamento da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Lectura dun poemario de carácter amoroso do século XXI.</p> <p>Realización dun booktráiler sobre esta obra con análise dos seus elementos constitutivos e relación entre a temática dos poemas e a lírica profana medieval estudada. A lectura desta obra será o precedente para efectuar o tratamento do canon literario e o estudo da distinción entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</p> <p>Distinción dos tipos de oracións compostas por coordinación.</p> | 10 | 12 | | X | |
| 6 | Influencers de antano. | <p>Inicio da unidade cunha lectura de carácter sociolingüístico con análise dos usos discriminatorios da lingua e da manipulación da linguaxe.</p> <p>Xéneros discursivos do ámbito académico II: a recensión. Estrutura básica e características.</p> <p>Estudo das propiedades textuais III: conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</p> <p>Niveis de lingua e niveis de fala e con estes, os usos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</p> <p>Proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) na revista dixital do centro e nas redes sociais do EDLG. Pescuda de obras da literatura galega e lusófona que constitúan precedentes.</p> <p>Localización das funcións sintácticas que hai en oracións compostas por</p> | 10 | 13 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Influencers de antano. | <p>coordinación.</p> <p>O Rexurdimento e a figura de Rosalía de Castro. Lectura da súa obra con perspectiva de xénero e vínculos intertextuais con obras doutros autores.</p> | 10 | 13 | | X | |
| 7 | Ata cando imos gardar silencio? | <p>Estudo dos dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</p> <p>Construción, de xeito autónomo, de oracións compostas copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas</p> <p>Atenderase á alfabetización informacional a través do estudo da noticia, abordaranse aspectos como a propiedade intelectual, as noticias falsas e o ciberanzol. Nocións de tecnoética: o copyright.</p> <p>Estudo da vida e obra de Curros Enríquez. Análise da súa obra ao abeiro do contexto sociohistórico e da tradición literaria. O alumnado declamará algúns dos seus poemas ao tempo que se fará unha interpretación dunha serie de composicións seleccionadas pola/o docente das súas obras, "Aires da miña terra" e de "O divino sainete" que serán posteriormente sometidos a discusión e conversas literarias na biblioteca do centro. Veranse as influencias doutros autores na obra de Curros Enríquez.</p> | 10 | 9 | | | X |
| 8 | "Entre amigos e soldados, cumprimentos escusados" | <p>Nesta unidade abordaranse os modelos de convivencia entre as linguas, as súas causas e consecuencias.</p> <p>A seguir, ensinaranse estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</p> <p>Amais disto, veranse os procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexionarase sobre as mudanzas no seu significado. Posteriormente, estudaranse as relacións semánticas destas. E, finalmente, abordaranse os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</p> <p>Lectura dunha novela gráfica que ten como protagonista a Pondal e que se relacionará, á súa vez, co contexto da súa época.</p> <p>Estudo da biografía e obra de Eduardo Pondal, relacionando as súas composicións co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.</p> | 10 | 8 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 9 | Querías ser carballo e non eucalipto. Nocións de ecolingüística. | <p>Nesta unidade veranse varios conceptos de carácter sociolingüístico: As linguas hexemónicas, as linguas minoritarias e as linguas minorizadas. Abordarase tamén o ecolingüismo.</p> <p>Elaboración dun traballo acerca do sexismo na publicidade, partindo dunha investigación bibliográfica a partir de recomendacións da/o docente. Avaliarase a elaboración, a corrección gramatical e ortográfica, e a propiedade léxica</p> <p>Proxecto de creación dun programa de televisión en liña sobre os clásicos da literatura galega (e lusófona) do XIX.</p> <p>Elaboración dun pequeno traballo de investigación sobre unha das categorías gramaticais abordadas ao longo do curso.</p> <p>Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital.</p> <p>Estudo da literatura galega da etapa, «Antre dous Séculos» (1890-1916).</p> | 15 | 20 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 1 | Irmáns de leite. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1.1. - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual. | Recoñece as variedades dialectais do galego. | PE | 100 |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Coñece a estrutura básica e as características do ensaio. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---------|---|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñece o contexto sociohistórico e a xénese da lírica medieval galego-portuguesa. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Coñece as características do texto oral e do texto escrito. | | |
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |

| Contidos |
|--|
| - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------|-----------------|
| 2 | Quen puidera namorala. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1.2. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá). | Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do éuscaro e do catalán. | PE | 85 |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como os elementos non verbais da comunicación: xestos, ton... | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Recoñece a temática, as características e a estrutura que aborda o ensaio como lectura obrigatoria deste trimestre. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Realiza a lectura dun ensaio sobre sociolingüística. Establece vínculos da súa temática coa actualidade. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Recoñece os trazos distintivos da lírica profana e concretamente, das características da cantiga de amigo e da cantiga de amor. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico. | | |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos. | TI | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|------------------------|---------|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 3 | Persuasores ocultos. | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1.3. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada as variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Compara as variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e de Brasil. | PE | 20 |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Identifica as características das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Localiza os pronomes, as preposicións e as conxuncións nun fragmento dun ensaio achegado pola/o docente. | TI | 80 |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Participa en conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana que seleccionou previamente para traballar neste espazo. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Desenvolve un proxecto sociolingüístico baseado no ecolingüismo a partir da traxectoria propia e do contexto familiar. Fai unha árbore lingüística familiar. Realiza a exposición oral do proxecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|------------------------|---------|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 4 | Como pórllle un piercing á lingua. | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|---------|----|
| CA1.1.4. - . Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas. | Identifica prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. Dá argumentos para contrarrestalos. | PE | 75 |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identifica o sentido, a estrutura e a información máis importante da conversa sincrónica (chat), como exemplo dunha rede social e da crónica informativa ou xornalística, como exemplo dun medio de comunicación. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a: proceso, actor ou axente, obxecto ou paciente, beneficiario, locativo, instrumento, tempo. | TI | 25 |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais). | | |
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. |

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 5 | Falemos claro! | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos. | PE | 40 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñece as características básicas da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Interpreta as composicións ao abeiro do seu contexto sociohistórico. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Distingue os tipos de oracións compostas por coordinación aparecidas en textos alleos de diversa complexidade. | | |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado. Diferencia entre debate, faladoiro e entrevista. | TI | 60 |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Lectura dun poemario dun autor actual. Realiza un booktráiler e procura vínculos entre a temática destes poemas e a lírica profana. Distingue literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 6 | Influencers de antano. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins. | PE | 50 |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Busca vínculos intertextuais entre as composicións de Rosalía de Castro e as obras doutras/os autoras/es e establece relacións entre as creacións literarias de Rosalía e outras manifestacións artísticas. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Interpretación, con perspectiva de xénero, de fragmentos de obras de Rosalía de Castro; atendendo tamén ao contexto sociohistórico da época. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Desenvolve un proxecto de creación literaria de microrrelatos para publicar (por medio de códigos QR elaborados para este fin) na revista dixital do centro e nas redes sociais do EDLG. | TI | 50 |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Crea microrrelatos baseándose en obras lidas (nomeadamente da literatura lusófona), revisa as súas creacións e fai propostas de mellora. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------------|----------|
| 7 | Ata cando imos gardar silencio? | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Coñece os seus dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis: Estatuto de Autonomía (1981), Lei de normalización lingüística (1983), Plan xeral de normalización da lingua galega (2004). | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzol. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Selecciona poemas das obras "Aires da miña terra" e "O divino sainete" para seren posteriormente sometidos a discusión en conversas literarias na biblioteca do centro | PE | 100 |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñece a biografía de Curros Enríquez e o contexto histórico da súa época. Interpreta fragmentos das súas obras "Aires da miña terra" e de "O divino sainete". | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Constrúe, de xeito autónomo, oracións compostas coordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.
| <ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Estimación ou cálculo do valor do límite dunha función nun punto a partir dunha táboa, un gráfico ou unha expresión alxébrica. - Cálculo de límites no infinito de funcións polinómicas e racionais e resolución de indeterminacións en casos sinxelos. - Estudo da continuidade dunha función gráfica ou analiticamente, tipificando, cando cumpra, os tipos de discontinuidade. - Aplicación do cálculo de asíntotas horizontais, verticais e oblicuas de funcións polinómicas e racionais á representación gráfica de funcións. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. |

Contidos

- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6 | DERIVADAS | 18 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas. | Manifesta unha visión integrada dos conceptos de TVM, TVI e derivada, investigando e conectando coa súa interpretación xeométrica. | PE | 80 |
| CA2.3 - Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas. | Resolve problemas de derivadas, TVM e recta tanxente con lapis e papel e ferramentas tecnolóxicas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | | |
| CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas ciencias sociais. | Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade | TI | 20 |
| CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as | | |
| CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa | Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento... | | |
| CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada | | |
| CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Cálculo e interpretación da taxa de variación media (TVM) dunha función nun intervalo en contextos das ciencias sociais. - Aproximación da TVM dunha función en intervalos moi pequenos pola taxa de variación instantánea nun punto. - Cálculo da derivada dunha función nun punto mediante a definición en casos sinxelos. - Regras de derivación e a súa aplicación ao cálculo de derivadas. Obtención da recta tanxente a unha curva nun punto. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7 | ESTADÍSTICA | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Adquire o novo concepto de variable bidimensional construíndo a táboa de dobre entrada. Calcula as distribucións marxinais e condicionadas en problemas de forma guiada. | PE | 80 |
| CA4.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas. | Representa graficamente variables bidimensionais estruturando razoamentos matemáticos como o grao de relación e emitindo xuízos. | | |
| CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables do mundo real e facendo predicións. | | |
| CA4.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso. | Manexa estratexias e ferramentas dixitais no estudio da regresión lineal e cadrática e fai valoración gráfica da pertinencia do axuste, diferenciando entre correlación e causalidade. | | |
| CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas ciencias sociais. | Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade | TI | 20 |
| CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as | | |
| CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa | Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento... | | |
| CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coerente, usando a terminoloxía apropiada | | |
| CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coerente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. - Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. - Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos das ciencias sociais. - Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. - Inferencia. - Deseño de estudos estatísticos relacionados coas ciencias sociais utilizando ferramentas dixitais. Técnicas de mostraxe sinxelas. - Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais mediante ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. |

Contidos

- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 8 | PROBABILIDADE | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada | Adquire coñecemento de técnicas de reconto a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | PE | 80 |
| CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas a través dos principios do produto e da adición, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | | |
| CA1.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso. | Emprega as estratexias dos diagramas de árbore e as técnicas de combinatoria, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso. | | |
| CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios en problemas de forma guiada. | | |
| CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Adquire coñecemento de probabilidade de experimentos compostos a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | | |
| CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas de cálculo de probabilidade usando as frecuencias e pola regra de Laplace, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | | |
| CA4.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso. | Calcula probabilidades en experimentos compostos. Emprega as estratexias dos diagramas de árbore e as técnicas de combinatoria, na resolución de problemas de probabilidade, da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas ciencias sociais. | Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade | TI | 20 |
| CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as | | |
| CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico" , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles | | |
| CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa | Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando ás e ós demais e escoitando o seu razoamento... | | |
| CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito rigoroso, ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía apropiada | | |
| CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Concepto e utilidade das técnicas de reconto. - Aplicación dos principios do produto e da adición á resolución de problemas. - Uso dos diagramas de árbore e das técnicas da combinatoria (variacións con e sen repetición, combinacións e permutacións), para resolver situacións da vida real. - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios. - Incerteza. - Cálculo da probabilidade para partir do concepto de frecuencia relativa. |

Contidos

- Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de recuento, incluída a combinatoria. Axiomática de Kolmogorov.
- Cálculo de probabilidades en experimentos compostos.
- Resolución de problemas utilizando técnicas de recuento, diagramas de árbore e táboas de continxencia.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As pautas metodolóxicas que se seguirán, basearanse na concepción construtivista da aprendizaxe na que os alumnos aprenden na medida en que poden construír significados arredor dos contidos curriculares.

Buscaremos unha aprendizaxe significativa que implicará que o alumno atope relacións entre as aprendizaxes anteriores e os contidos que está a aprender e faga uso desa aprendizaxe diante de diferentes situacións, tanto da

vida cotiá como de posteriores aprendizaxes.

Posto que non todos os alumnos teñen os mesmos coñecementos previos sobre un determinado contido é fundamental facer unha diagnose inicial. Isto será moi importante co alumnado de 1º de Bacharelato, dado que o alumnado que recibimos procede de diferentes centros e como consecuencia, pode haber diferencias significativas nestes coñecementos previos

Os novos contidos que pretendemos introducir estarán suficientemente próximos ós seus coñecementos previos e adecuados ás súas capacidades e serán organizados e expostos por parte do profesor/a de forma clara e sinxela e ampliados progresivamente. Así mesmo os erros ou ideas imprecisas que se observen trataranse cunha dimensión positiva contrastándoos cos novos contidos.

Os alumnos teñen que percibir unha dificultade accesible e ser conscientes da funcionalidade dos coñecementos que están a aprender se queremos que se sintan motivados na súa aprendizaxe e que non caian no desinterese.

A aprendizaxe será interactiva, fomentárase a participación de todo o alumnado nas actividades propostas, a reflexión en grupo, a exposición de distintos puntos de vista e das dúbidas que xurdan, a discusión de distintos procedementos válidos, etc. pois iso fará que os alumnos/as, baixo a supervisión do profesor, vaian construíndo e descubrindo, emitindo hipóteses, predicindo consecuencias e establecendo novas relacións.

Para afianzar o aprendido débenselle presentar actividades e estratexias que os forcen a aplicar as novas

estruturas adquiridas; entre estas estarán a resolución de problemas, que se caracterizarán por representar situacións o máis próximas posible ás experiencias dos alumnos e por resultarlles accesibles, de xeito que poidan atopar sentido neles, ben porque lles sirvan para interpretar a realidade, ben porque resulten instrumentos esenciais para acceder a outros coñecementos matemáticos ou doutras materias. Así mesmo é importante a proposta de traballos en grupo que estimulen a curiosidade, a reflexión e o debate ata chegar a seleccionar a resposta máis axeitada á situación problemática.

Tras isto virá unha fase de reflexión sobre os avances realizados na aprendizaxe que atinxirá ó alumnado e ó profesor.

Para favorecer a comprensión das matemáticas deberase evitar unha excesiva abstracción, unha simple transmisión de contidos do profesor ó alumno e a realización de exercicios que supoñan soamente unha repetición de procesos ou que presenten metas inalcanzables para os alumnos.

Neste proceso debemos valorar os logros do alumno, non realizar descualificacións totais a un traballo, valorar o esforzo e o interese, eloxiar a constancia na busca de solucións e a capacidade de reparar os erros...

Compre ter en conta que nos atopamos nunha etapa de Ensinanza non obrigatoria, á que acceden alumnos/as que en principio se supón pretenden seguir estudos universitarios ou ciclos profesionais superiores. Inda que

xa non se trata de aplicar un criterio de ensinanza comprensiva, que parta do nivel real dos alumnos e que intenta permitir o seguimento da clase a todos os que manifesten un mínimo interese (como é o caso na E.S.O. polo seu carácter de ensinanza obrigatoria), se se procedese con absoluto rigor con respecto ós coñecementos previos do alumnado, que neste nivel hai que supoñer e, xa que logo, partir deles, serían demasiado poucos os que poderían seguir a clase. En consecuencia parece inevitable un camiño intermedio entre estes extremos. Daquela intentarase acadar un nivel de formalización matemática imprescindible, especialmente en 2º, reducindo cada tema ó mínimo esencial, pero non transformando a ensinanza nun repaso da materia de E.S. O. O enfoque será de todos xeitos preferentemente intuitivo e operativo, chegando ó formalismo lóxico, sempre que sexa posible, a partir da introdución intuitiva, en base ás dificultades xurdidas en problemas paradigmáticos que corresponden precisamente cós saltos cualitativos conceptuais.

Trátase de desenvolver no alumno/a a confianza en si mesmo e na asequibilidade da Matemática, e sobre todo, o seu carácter de factor de expresión e interpretación da realidade. Compre coidar tamén o tecido de interrelacións temáticas tanto explicitándoo a posteriori como dándolle ó alumnado oportunidade de descubri-lo por si mesmos nos exemplos concretos. Isto reflectirase tamén na formulación de exercicios e problemas, sexan a realizar durante a clase ou nas probas de avaliación. De maneira

habitual, se lles presentará aos alumnos, na aula, os contidos de cada sesión polo método que se considere máis axeitado, proporcionándolle ós alumnos apuntes, follas de exercicios, etc... de consideralo necesario. Indicaráselles ós alumnos o libro de texto (en papel ou en formato dixital) recomendado. Ademais o profesor proporcionará material adicional de reforzo ou ampliación ó alumnado de consideralo oportuno.

Empregarase a calculadora de xeito habitual. Tratarase sempre de que os alumnos e alumnas utilicen a calculadora sen que substitúa por completo ó calculo mental, pero si que se manexe como elemento imprescindible de axuda en cálculos e resolución de problemas máis complexos, nos que o cálculo non é a parte esencial. En definitiva, preténdese que o seu uso favoreza a dedicación de máis tempo a tarefas típicas da resolución de problemas como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións, a comunicación do proceso seguido e dos resultados obtidos, etc. Buscarase tamén a formulación de problemas que salienten as interrelacións entre varios bloques, así como ámbitos de aplicación práctica dos conceptos.

Polo tanto, a metodoloxía a seguir será:

Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.

Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.

Uso de materiais e procedementos de resolución variados. Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas. Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.

Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de

métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método tutorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios

tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada. Aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Apuntamentos feitos polo profesor e materiais de uso libre descargados de internet |

| |
|--|
| Fichas de traballo de reforzo, consolidación e ampliación |
| Software específico (uso de Geogebra, por exemplo) |
| Dotación da aula: encerado dixital,.... |
| Ordenadores para traballo do alumnado (na aula de informática) |

O desenvolvemento das clases terá lugar de xeito ordinario na aula do grupo. Estas aulas están equipadas con encerado dixital e encerado tradicional.

Ademais, cando sexa necesario, utilizarase a aula de informática na que contamos con ordenadores nos que se instalará o software necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e na que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é aquela que se leva a cabo ao comezo do curso para rexistrar e para diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos previos dos alumnos e das alumnas respecto aos novos contidos que se van tratar e para apreciar e para valorar as diferenzas que existan dentro do grupo, atendendo así a diversidade.

Tendo en conta que o alumnado do noso centro estudou os cursos da ESO en diferentes centros educativos, os coñecementos previos, habilidades, dificultades, etc.. poden variar, en función dos centros de procedencia. Resulta, polo tanto, moi importante que esta avaliación inicial contemple ese feito para poder facer unha análise o máis acertada posible do punto de partida no proceso de ensino-aprendizaxe.

Os medios que se utilizaran para levar a cabo a avaliación inicial serán:

- Probas escritas relacionadas cos contidos e os criterios de avaliación cada unidade didáctica do curso pasado.
- Observación do traballo do alumnado durante as primeiras semanas do curso

Tamén, para completar esta avaliación inicial, consultaremos a documentación (informes individualizados) existente no centro sobre os alumnos/as, os informes do profesorado e os resultados das avaliacións do curso pasado. Todos estes datos serán recollidos na ficha de cada alumno/a e así o profesorado terá unha información de referencia para ver os logros e avances do alumnado ao longo do curso. Os resultados desta avaliación tamén servirán para que o profesorado concrete mellor o nivel de aprendizaxe coa que debemos comezar cada unidade didáctica e introducir as modificacións necesarias na programación para axustar a aprendizaxe ás necesidades reais do alumnado.

Se fose necesario, faranse reaxustes das actividades e do material didáctico para alumnos concretos mediante reforzos individuais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 12 | 12 | 14 | 12 | 12 | 14 | 12 | 12 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas (exames) cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. Estes criterios serán os referidos as unidades didácticas que, para cada avaliación, están recollidas no apartado 3.1 da presente programación. Os CA que se avaliarán en cada unidade didáctica son os

que aparecen reflectidos no apartado 3.3 da presente programación. As datas de realización destas probas serán **anunciadas coa suficiente antelación**

En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta ou exercicio e no seu defecto valorarase a cada unha por igual.

Despois de ditas probas e nun tempo prudente desde a súa realización, o profesor mostrará os exames e, se fose necesario, explicará ao alumnado as correccións.

As actividades de avaliación serán similares ás que se realizaron durante a aprendizaxe.

Aquel alumno/a que non acuda a unha destas probas escritas terá dereito a facela noutro momento desa avaliación sempre e cando presente ao seu titor a xustificación oportuna desa falta (de carácter xurídico, médico...). Mentres iso non ocorra non se realizará dito exame e a nota do mesmo será un cero.

En canto a corrección concreta de cada unha das preguntas, valoraranse fundamentalmente os coñecementos prácticos:

- Aínda que a resposta a unha pregunta non sexa a correcta, outorgaráselle unha valoración parcial en consideración co grao de consecución correcto acadado, se é que procede.
- Se nalgunha resposta se detecta un erro grave de base, impropio do nivel correspondente, a valoración da resposta será nula.
- No desenvolvemento das respostas, teranse en conta os seguintes aspectos:
 - A coherencia ordenada e razoada da exposición de resposta.
 - A claridade da exposición.
 - A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
 - A facilidade e precisión na realización do cálculo.
- Se no desenvolvemento dunha resposta, por un erro nos cálculos, o alumno ou alumna obtén unha solución absurda, valorarase positivamente que faga constar o absurdo de tal resultado.
 - A ausencia de explicación na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación nula se só aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningún razoamento que xustifique a obtención do resultado.
 - Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución de problemas con representacións gráficas, posto que se valorará a corrección e detalle das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.
 - Nos exames esíxese limpeza e claridade.

Os criterios avaliados mediante probas escritas supoñen o 80% da nota de cada unidade didáctica. Polo tanto, o 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada (cando nunha proba escrita se avalie máis dunha unidade didáctica, na ponderación terase en conta o peso de cada unha delas) destas probas escritas, O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes ao Bloque B5, Sentido socioafectivo, que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- As saídas ao encerado
- A observación diaria na aula

(O bloque 5, de xeito transversal, traballarase en todas e cada unha das Unidades Didácticas e, en todas elas, a suma dos pesos asignados aos criterios de avaliación asociados aos mesmos, supón un 20% da notada unidade didáctica)

Avaliación ordinaria de xuño:

A nota que aparecerá no boletín da 3ª avaliación será a nota final de Matemáticas para ese curso e obterase da media ponderada (segundo os pesos de cada unha das unidades didácticas impartidas en cada trimestre)) das notas dos tres trimestres sempre que cada un deles teña unha nota superior ou igual a 5 (ou teñan un máximo dunha avaliación suspensa cun 4) , despois de realizar as recuperacións pertinentes da 1ª e 2ª avaliación e a recuperación final, se esta fose necesaria.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado con nota inferior a cinco na avaliación ordinaria de xuño, terá dereito a realizar un novo exame na convocatoria extraordinaria (a finais do mes de xuño).

Nesta proba extraordinaria poderán aparecer contidos relacionados con calquera dos CA. traballados ao longo de todo o curso. Para conseguir aprobar a materia deberá obter na proba unha cualificación igual ou superior a 5 puntos

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non supere os obxectivos formulados nunha avaliación (non sendo a última) terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación.. Nas probas de recuperación, o exame considerárase aprobado se a nota é maior ou igual a cinco.

A nota final que se terá nunha avaliación recuperada (que na recuperación obtivo unha nota mínima de 5) será un 5 ou a media aritmética entre a nota obtida cando a suspendeu e cando a recuperou se ésta é maior que 5

Ademais, antes da avaliación ordinaria, ofertárase unha última recuperación final para aquel alumnado que aínda teñan algunha avaliación parcial suspensa (sempre e cando non se teñan suspensas as 3 avaliacións). Esta proba estará composta por unha parte proporcional de actividades correspondente a cada unha das avaliacións. Servirá como exame de recuperación para aqueles alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, e como unha proba de recuperación a maiores para aquel alumnado que siga tendo pendentes a 1ª ou 2ª avaliación. Cada unha das partes da proba calificarase por separado cunha puntuación de 1-10. Tamén se poderá presentar a este exame o alumnado que estando aprobado desexa subir a súa cualificación, sabendo que en ningún caso vai diminuír a súa nota.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1.- Organización das actividades de recuperación e avaliación de pendentes.

Na primeira quincena do mes de outubro, desde o departamento, farase entrega ao alumnado coa materia pendente do curso anterior, dun escrito no que se lle informará dunha forma exhaustiva e clara sobre o procedemento para superala. Dito documento conterá a información relativa ao sistema de recuperación, a relación de temas do programa cos seus contidos divididos en dúas partes así como as datas nas que se realizarán as probas escritas.

Os alumnado que curse 2º de Bacharelato e teña suspensa a materia de Matemáticas de 1º de Bacharelato (en calquera das súas modalidades) seguirá un Plan de Traballo Individual:

1. O profesor/a da materia levará a cabo un seguimento do alumnado ao longo de todo o curso (asesorándoo e orientándoo sobre a aprendizaxe dos contidos e a realización das actividades propostas), para comprobar se este supera a materia do curso anterior. Este seguimento concrétase nas seguintes actividades a realizar polo alumnado:

- . Actividades de repaso e reforzo (habitualmente en forma de boletíns de exercicios) que serán presentadas durante o curso nos prazos que o profesor/a determine

- . Dous exames parciais, un a finais de xaneiro e outro a finais de abril. Estes exames parciais serán convocados con suficiente antelación polo xefe do departamento, establecendo ademais os contidos que se avaliarán en cada un deles.

1. A cualificación da avaliación ordinaria será a media das cualificacións obtidas nas dúas partes nas que está dividida a materia. A cualificación de cada parte obterase sumando 80% da proba escrita + 20% da puntuación acadada nos boletíns de exercicios. Para considerar que a materia foi aprobada a media aritmética das dúas

cualificacións debera ser como mínimo de cinco puntos e a nota de cada unha das dúas probas escritas maior ou igual a tres.

2. O alumnado que non acade o aprobado por non cumprir o punto anterior, terá dereito a realizar unha proba final valorada sobre 10 puntos no mes de maio. Para conseguir aprobar a materia pendente deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

3. Antes da avaliación final, revisárase a situación do alumnado que non logrou superar a materia pendente (mediante o procedemento xeral).

Se entregou todos os traballos propostos para a recuperación da materia pendente e acadou unha valoración positiva en, polo menos, dúas avaliacións da materia de matemáticas do curso superior ao da materia pendente, considerárase aprobada a materia pendente.

4. O alumnado que tivese a materia de Matemáticas dun curso anterior suspensa poderá tamén recuperar na convocatoria extraordinaria de maneira similar a aquel que a suspendeu durante o curso. Para conseguir aprobar a materia pendente deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

2.- Cambio de modalidade o pasar de 1º a 2º de Bacharelato:

No caso do departamento de matemáticas pode afectarnos nas seguintes materias:

Cambio de itinerario (dentro da modalidade de Humanidades e CCSS) de Humanidades a CCSS.

- O alumnado cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes)

Cambio de modalidade de Humanidades e CCSS a Ciencias.

- Si o alumno/a procede do itinerario de Humanidades cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes)

- Si o alumno/a procede do itinerario de CCSS, e ten suspensa a materia de Mat Aplic ás CCSS I, cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes).

- En caso de ter aprobada a materia de Mat Aplic ás CCSS I, o plan de traballo individualizado, centrarase fundamentalmente nos contidos da materia de Matemáticas I non presentes en Mat Aplic ás CCSS I . Os Instrumentos de avaliación decidiranse nunha reunión de departamento ó inicio do curso, e poderan ser probas escritas ou cadernos de exercicios

Cambio de modalidade de Ciencias a Humanidades e CCSS (itinerario de CCSS).

- Si o alumno/a ten suspensa a materia de Matemáticas I, cursará obrigatoriamente a materia de Mat. Aplic ás CCSS I correspondente o bloque de materias troncais.

- En caso de ter aprobada a materia de Matemáticas I, o plan de traballo individualizado, centrarase fundamentalmente nos contidos da materia de Mat. Aplic ás CCSS I non presentes en Matemáticas I . Os Instrumentos de avaliación decidiranse nunha reunión de departamento ó inicio do curso, e poderan ser probas escritas ou cadernos de exercicios

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

No Bacharelato os estudantes resolven a diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Ademáis, para aquel alumnado que o precise, o centro oferta, entre outras, unha materia de reforzo (de unha hora á semana) de Matemáticas. Non obstante, é conveniente dar resposta a diversidade de necesidades, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Estas decisións iniciais non serán inamovibles ao longo do curso, senón que, cando o progreso dunha alumna ou alumno na materia de matemáticas non sexa o adecuado e tan pronto como se detecten as dificultades determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas poderán

tomarse en calquera momento do curso e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias claves e dos obxectivos do bacharelato.

- . Medidas ordinarias de atención á diversidade: Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ó contexto do centro educativo e ás características do alumnado. Por exemplo:

- . Se fose necesario para algún alumno ou alumna, previa consulta co departamento de orientación, poderíanse adaptar dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación,

- . Para o alumnado con dificultades na materia, alumnado que promociomou sen supera a materia ou alumnado que non supere con éxito algunha das avaliacións realizarase un apoio máis individualizado e reforzos en aula.

. Ademais, para adaptarnos mellor ás diversas capacidades, intereses e motivacións do alumnado, ofertaranse actividades variadas e abundantes, con distinto nivel de dificultade (actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento)

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | | X | | | | | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | | | | | | | X | X |
| ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | | | | | | | X | X |

Observacións:

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, no seu artigo 19, sinala :

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Isto fai necesario que se adquiran conceptos e coñecementos que non están definidos especificamente en ningunha das áreas, pero que deben estar, na medida do posible, presentes e integrados en todas elas (elementos transversais).

No desenvolvemento dos contidos das diferentes materias asignadas ao departamento de Matemáticas deberemos abordar e traballar todo tipo de situacións e problemas relacionados coa transversalidade.

Estas situacións promoverán, por exemplo, a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia. En canto ao ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Estes temas traballaranse de xeito globalizado e durante todo o curso, pero será cando traballemos os bloques de análise e estatística e probabilidade cando podamos incorporalos dun xeito máis claro ás actividades en aula, por exemplo, a través de enunciados de exercicios de estatística que nos permitan unha vez rematado o exercicio facer unha valoración crítica do resultado.

Farase especial fincapé non seguintes elementos transversais:

- Comprensión da lectura e expresión oral e escrita a través de propostas de lectura de textos científico matemáticos relacionados co currículo e que acheguen un xeito distinto de comunicación.
- A igualdade de xénero a través do coñecemento da historia das matemáticas visibilizando as mulleres matemáticas que contribuíron e contribúen á evolución do coñecemento matemático e á súa aplicación ás ciencias sociais

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Participación nas charlas do programa "A Ponte" | Solicitarase a impartición para o alumnado de 1º de Bacharelato de algunha das charlas do programa "A Ponte" que estea relacionada co campo das matemáticas | X | X | X |
| Participación nas Olimpíadas matemáticas | Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpíada Matemática Española organizada pola USC. | | X | |

Observacións:

Ademais, o Departamento procurará, na medida do posible a colaboración e organización de actividades de forma conxunta con outros departamentos do Centro.

Procuraremos estar atentos a convocatorias de charlas, conferencias, etc. que poidan ir xurdindo ao longo do curso, , tales como as que nos últimos anos se están levando a cabo desde a Facultade de Matemáticas, no seu intento de darse a coñecer entre o alumnado de secundaria e bacharelato, ou as ofertadas pola USC dentro do programa "A Ponte"

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| As actividades propostas foron as idoneas para acadar as aprendizaxes |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. Deuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros |
| Metodoloxía empregada |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar |
| Como norma xeral, fixéronse explicacións xerais para todo o alumnado. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. |
| Ofrecéronse a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisaba |
| Clima de traballo na aula |
| Consegiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado para informar sobre o proceso de ensino-aprendizaxe ... |
| Outros |
| Deuse un peso real á observación do traballo na aula. |
| Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado. |
| Entregáronse ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. |
| Analizáronse e comentáronse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc |

Descrición:

Considerando a avaliación como un instrumento máis no proceso de ensino/aprendizaxe, debemos avaliar non so o alumnado senón tamén a nosa propia función docente. Debese converter nun verdadeiro exercicio de observación/reflexión para descubrir se o que pretendíamos se corresponde realmente co que ao final conseguimos e, no caso de non ser así, debería ser un instrumento válido para a análise e modificacións dalgúns compoñentes deste proceso.

A avaliación da practica docente farase nas reunións de Departamento que teñen lugar ó final de cada trimestre, despois da correspondente avaliación.

Esta avaliación debe ter un carácter continuo, de xeito que nos permita ir axustando o proceso de ensino/aprendizaxe a medida que se vaian conseguindo os obxectivos ou non.

Ó remate do curso, farase una análise global e proporanse os cambios que se consideren oportunos para introducir melloras no vindeiro curso académico.

Para levar a cabo esta avaliación estableceranse os "indicadores de logro" descritos na seguinte taboa. Estes indicadores de logro valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas vertentes. Por iso, á parte da análise do proceso de aprendizaxe do alumnado, do análise global do proceso de ensinanza e da práctica docente, debemos analizar a propia programación didáctica. Esta análise debe contemplarse desde unha perspectiva de continuidade na interacción diaria dos membros do departamento, e poden irse recollendo as diversas propostas de mellora nas reunións do Departamento das que levantárase a correspondente acta.

Os mecanismos para facer una valoración da programación serán os detallados a continuación:

- . Avaliación inicial da programación: Utilizaranse as seguintes ferramentas:
- . Revisión dos informes de avaliación final e da información psicopedagóxica
- . Deseño de probas específicas para detectar os coñecementos previos e o alumnado que precisará reforzo educativo.

- . Información extraída do alumnado procedente das xornadas de pre-valoración.

Coa información recollida reaxustarase os contidos e a presentación dos mesmos, constandingo na libro de actas do departamento.

- . Avaliación procesual da programación: nas reunións periódicas do departamento, comprobarase o avance da programación e o procederase ó axuste da mesma ó avance dos diferentes grupos-clase. Prestaráselle especial atención ó alumnado con que presente algún tipo de dificultade. Ademais, logo das xornadas de avaliación, introduciranse os seguintes puntos na orde do día:

- . Análise dos resultados

- . Reaxuste da programación didáctica acorde dos resultados acadados.

- . Avaliación final da programación: Levarase a cabo ó rematar o curso, nunha reunión de departamento, mediante as seguintes ferramentas:

- . Resumo dos reaxustes na programación que constan no libro de actas.

. Memoria do departamento, na que se reflectiran, entre outros datos:

. Análise do grao de cumprimento.

. Análise dos resultados académicos e comparativa con cursos anteriores.

. Propostas de modificacións na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os indicadores seguintes:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas

3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.

5. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.

6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.

7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.

8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.
10. Adecuación da metodoloxía empregada.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial.
13. Adecuación dos criterios e das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación das materias pendentes.
18. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. .
19. Adecuación das medidas de atención á diversidade.
20. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

21. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

22. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

23. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

9. Outros apartados

1. CAMBIOS DE MODALIDADE no paso de 1º a 2º de bacharelato

As condicións para o trramento e a avaliación da materia de Matemáticas Aplicadas I, no caso de que o alumnado solicite un cambio de modalidade, aparece indicada no punto 5.3. apartado 2 da presente programación didáctica:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Matemáticas I | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 28 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 36 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 36 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 36 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 38 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 42 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 42 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 44 |
| 7.2. Actividades complementarias | 46 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 47 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 48 |
| 9. Outros apartados | 49 |

1. Introducción

Neste documento preséntase a programación didáctica de 1º Matemáticas I do 1º curso de Bacharelato, para curso 23/24, no I.E.S. As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña).

Para a súa elaboración tívose como referencia o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como tamén:

- a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa,

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,

- e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O IES As Fontiñas ubícase ao norte do barrio do mesmo nome, moi próximo ao núcleo de San Lázaro e ao tramo final do Camiño Francés. Pola nosa situación dentro da cidade estamos moi ben comunicados cos municipios situados ao norte de Santiago: Touro e O Pino, de onde provén a maioría do noso alumnado.

No centro impártense no curso 23/24 estudos de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional.

O alumnado que cursa bacharelato, (88 alumnos/as), procede en gran número do CPI "Camiño de Santiago" do Pino e do CPI "Fonte-Díaz" de Touro. Contamos ademais con alumnas/os da contorna do centro que veñen facer aquí os estudos de bacharelato procedentes de distintos centros da cidade e dos arredores, nos que fixeron a ESO ou bacharelato. Esta diversidade na procedencia do noso alumnado de Bacharelato será un factor moi importante a ter en conta, especialmente durante o proceso de avaliación inicial.

O departamento de matemáticas é un departamento unipersonal. O profesor, e xefe do departamento, é José Antonio Caneda Vidal.

As materias asignadas ao departamento son:

Matemáticas I, Matemáticas Aplicadas ás CCSS I, Matemáticas Xerais I, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, Reforzo de Matemáticas en 1º de Bacharelato e Reforzo de Matemáticas en 2º de Bacharelato

O xefe do departamento imparte todas as materias, excepto Matemáticas Xerais I que é impartida polo profesor do departamento de EOC, Luis Miguel Romero Vázquez

En 1º de Bacharelato hai 1 grupo composto por 12 alumnas e alumnos (6 e 6 resp) con idades comprendidas entre os 15 e os 16 que cursan Matemáticas I.

Todo o alumnado que forma o grupo cursou o pasado ano Matemáticas Académicas 4º de ESO

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

As Matemáticas no bacharelato de Ciencias teñen un triplo papel:

- Son un instrumento de análise e cálculo.
- Configuran a mente e contribúen a formar hábitos de utilidade noutros campos do saber científico.
- Proporcionan suficiente fundamento teórico dos seus propios desenvolvementos e formulacións.

Estas funcións das Matemáticas no bacharelato representan un paso moi importante respecto da Educación Secundaria Obrigatoria, pero mantendo unha estreita relación con ela. As bases acadadas na ESO servirán para desenrolar capacidades tan importantes coma a abstracción, o razoamento inductivo ou deductivo, a análise, a investigación..., así como para aumentar a capacidade de resolver problemas de calquera tipo, matemático ou non, e comprender mellor a realidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|-------|---------|-------|----|-----|-------|
| OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións. | | | 1-2-3 | 2-5 | 40-50 | | 3 | |
| OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade. | | | 1-2 | 2 | 40 | 3 | 3 | |
| OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático. | 1 | | 1-2 | 1-2-3-5 | | | 3 | |
| OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito da ciencia e da tecnoloxía. | | | 1-2-3 | 2-3-5 | | | 3 | |
| OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática. | | | 1-3 | 2-3 | | | | 1 |
| OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas. | | | 1-2 | 2 | 50 | 4 | 2-3 | 1 |
| OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos. | | | 3 | 1-2-5 | | | 3 | 41-42 |
| OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático. | 1-3 | 1 | 2-4 | 3 | | | | 32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------------|-----|----|------|
| OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas. | | 3 | 5 | | 11-12-31-32 | 2-3 | 2 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Números Reais e Complexos | Esta unidade comenza facendo un amplo repaso corpo dos números reais (xa estudado en cursos anteriores) para posteriormente introducir o concepto de número complexo como solución de ecuacións polinómicas que non teñen solucións reais. Ademais, inclúe o estudo das formas binómicas e polar dos complexos e a súa representación gráfica, así como as súas operacións básicas. | 10 | 22 | X | | |
| 2 | Álgebra | Nesta unidade estudiaremos a resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas e a súa aplicación na resolución de problemas. | 10 | 14 | X | | |
| 3 | Trigonometría | Os obxectivos básicos desta unidade son: o uso das razóns trigonométricas dun ángulo, das fórmulas principais de trigonometría, e dos teoremas do seno e coseno para a resolución de triángulos e para o cálculo de ángulos. Ademais, estudiaremos a resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas . | 10 | 16 | X | | |
| 4 | Vectores | Nesta unidade traballaremos os conceptos de vector libre e fixo, a adición e o produto escalar de vectores, e o produto por números reais . Por outra parte, estudarase a dependencia e independencia lineal, xunto co concepto de bases (ortogonais e ortonormais) | 10 | 8 | | X | |
| 5 | Xeometría Analítica no Plano | Esta unidade versará sobre os obxectos xeométricos no plano, as súas propiedades e a aplicación xeométrica das operacións con vectores. A maiores, tratará o estudo | 10 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | Xeometría Analítica no Plano | xeométrico da recta nas súas diferentes ecuacións e o estudo de diferentes obxectos xeométricos no plano na resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos. | 10 | 12 | | X | |
| 6 | Funcións | O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo con funcións (polinómicas, exponenciais, racionais sinxelas, irracionais, logarítmicas, periódicas e a anacos), as súas propiedades, transformacións e representacións aplicado á análise, formulación e resolución de problemas. | 10 | 8 | | X | |
| 7 | Límites e Continuidade | Esta unidade está dedicada ao cálculo de límites de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponencias e trigonométricas. A partir dos límites, trataráse a resolución de indeterminacións e o estudo da continuidade dunha función. Ademais, traballarase o cálculo de asíntotas horizontais, verticais e oblicuas na representación gráfica. | 10 | 16 | | | X |
| 8 | Derivadas | O cálculo e interpretación das taxas de variación media e instantánea, da derivada dunha función nun punto, así como a obtención da recta tanxente a unha curva nun punto e as funcións derivadas de funcións elementais, serán o obxecto desta unidade. | 10 | 16 | | | X |
| 9 | Probabilidade | Esta unidade traballa a probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios, así como o cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial e coa regra de Laplace empregando técnicas de recuento. | 10 | 14 | | | X |
| 10 | Estatística | O desenvolvemento desta unidade oríentase cara o traballo estatístico con variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionada, regresión lineal e cuadrática, coeficientes de correlación lineal e de determinación e a obtención de conclusións e toma de decisións. | 10 | 14 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1 | Números Reais e Complexos | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Opera de xeito fluído números reais. Representa sobre a recta real números e intervalos. Identifica os números complexos con solucións de ecuacións polinómicas con raíces non reais. | PE | 80 |
| CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas. | Transforma un número complexo de forma binómica a polar e viceversa e representao gráficamente mediante lapis e papel ou programas gráficos (p. ex. Geogebra). Relaciona as operacións con complexos cos movementos no plano: xiros, homotecias,.... | | |
| CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas con sumas, restas, multiplicacións, divisións, potencias ou raíces sinxelas de números reais ou complexos establecendo conexións entre outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | | |
| CA1.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado. | Resolve ecuacións polinómicas con solucións non reais formuladas en problemas da ciencia e a tecnoloxía, indicando todos os pasos. | | |
| CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade. | Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade | TI | 20 |
| CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as | | |
| CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Fai saídas ao encerado, superando o "medo escénico", para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles | | |
| CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relac | Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento... | | |
| CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Relacións. - Os números complexos como solucións de ecuacións polinómicas con raíces non reais. - Formas binómica e polar. Representacións gráficas. - Suma, resta, multiplicación, división, potencias e raíces de números complexos. - Resolución de ecuacións polinómicas con solucións non reais. Aplicación a problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Álgebra | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.2 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información. | Selecciona e utiliza a representación gráfica e alxébrica das solucións de inecuacións lineais e sistemas de ecuacións e inecuacións lineais con unha ou dúas incógnitas, valorando a súa utilidade. | PE | 80 |
| CA4.3 - esolver problemas en contextos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas. | Resolve problemas de ecuacións, inecuacións e sistemas en contextos matemáticos aplicando os coñecementos de expresións polinómicas, racionais, irracionais e de exponenciais e logaritmos. | | |
| CA4.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado. | Obter todas as posibles solucións de problemas da ciencia e a tecnoloxía que poidan plantexarse mediante ecuacións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas describindo o procedemento utilizado. | | |
| CA4.5 - Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación. | Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema de ecuacións, inecuacións ou sistemas, utilizando o razoamento e a argumentación. | | |
| CA4.6 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando e creando algoritmos. | Plantexa e resolve problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando os algoritmos de resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas. | | |
| CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas. | Emprega lapis e papel, calculadora ou programas gráficos na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas de ecuacións, inecuacións e sistemas lineais con unha ou dúas incógnitas. | | |
| CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade. | Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade | TI | 20 |
| CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as | | |
| CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Fai saídas ao encerado, superando o ÷medo escénico÷ , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relac | Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento... | | |
| CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |
| CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Modelo matemático. - Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e sistemas de inecuacións para modelizar situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. - Igualdade e desigualdade. - Resolución de ecuacións polinómicas, racionais, irracionais e de ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas. - Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas. - Resolución gráfica e alxébrica de inecuacións lineais, de segundo grao e racionais sinxelas cunha incógnita. - Resolución gráfica e alxébrica de sistemas de inecuacións lineais con unha ou dúas incógnitas. - Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos e interpretando as solucións. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. |

Contidos

- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 3 | Trigonometría | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Coñece as razóns trigonométricas dun ángulo calquera e a dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade a partir da formulación de problemas de forma guiada. | PE | 80 |
| CA2.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas. | Relaciona os coñecementos adquiridos de trigonometría para resolver ecuacións trigonométricas sinxelas. | | |
| CA2.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas de trigonometría utilizando o teorema do SEN e do COS na resolución de triángulos. Resolve problemas reais susceptibles de modelizarse a traves de esquemas xeométricos e co uso da trigonometría. | | |
| CA2.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado. | Obtén todas as posibles solucións de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento trigonométrico utilizado. | | |
| CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade. | Realiza e entrega os traballos propostos sobre distintas figuras importantes do campo das matemáticas ou sobre elementos matemáticos que contribuíron o avance da ciencia e ao progreso da humanidade | TI | 20 |
| CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas. | Sae ao encerado para correxir os exercicios propostos aínda que non teña a seguridade absoluta de telos correctos e acepta que estas saídas son un medio máis de aprendizaxe, dado que poden servir para aclarar ou resolver dúbidas ropias ou de outros compañeiros/as | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas. | Fai saídas ao encerado, superando o ÷medo escénico÷ , para facer exercicios ou expoñer diferentes cuestións e acepta as corrección e comentarios do profesor e dos demais membros do grupo, aproveitandoos e aprendendo deles | | |
| CA6.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relac | Participa nas tarefas matemáticas de forma activa, de xeito individual ou en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias das e dos demais e escoitando o seu razoamento... | | |
| CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo ou no encerado, de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |
| CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. | Realiza os exercicios e as tarefas propostas no seu caderno de traballo de xeito ordenado, claro e coherente, usando a terminoloxía e a linguaxe apropiadas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Medición. - Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. - Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade. - Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. - Cálculo de lonxitudes e medidas angulares: uso da trigonometría. Aplicación do teorema do seno e do coseno á resolución de triángulos. - Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incertezas e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. |

Contidos

- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4 | Vectores | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | Coñece conceptos como escalar, vector fixo e libre, as súas operacións, propiedades e interpretacións xeométricas asociadas a elas a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada. | PE | 80 |
| CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas. | Relaciona os vectores entre si e cos escalares a partir da estrutura de espacio vectorial do conxunto dos vectores conectando estes dous conceptos matemáticos. | | |
| CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas. | Resolve problemas de combinacións lineais, dependencia e independencia, bases (ortogonais e ortonormais), módulos, e ángulo entre vectores establecendo conexións entre a física e as matemáticas. | | |
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As pautas metodolóxicas que se seguirán, basearanse na concepción construtivista da aprendizaxe na que os alumnos aprenden na medida en que poden construír significados arredor dos contidos curriculares.

Buscaremos unha aprendizaxe significativa que implicará que o alumno atope relacións entre as aprendizaxes anteriores e os contidos que está a aprender e faga uso desa aprendizaxe diante de diferentes situacións, tanto da vida cotiá como de posteriores aprendizaxes.

Posto que non todos os alumnos teñen os mesmos coñecementos previos sobre un determinado contido é fundamental facer unha diagnose inicial. Isto será moi importante co alumnado de 1º de Bacharelato, dado que o alumnado que recibimos procede de diferentes centros e como consecuencia, pode haber diferencias significativas nestes coñecementos previos

Os novos contidos que pretendemos introducir estarán suficientemente próximos ós seus coñecementos previos e adecuados ás súas capacidades e serán organizados e expostos por parte do profesor/a de forma clara e sinxela e ampliados progresivamente. Así mesmo os erros ou ideas imprecisas que se observen trataranse cunha dimensión positiva contrastándoos cos novos contidos.

Os alumnos teñen que percibir unha dificultade accesible e ser conscientes da funcionalidade dos coñecementos que están a aprender se queremos que se sintan motivados na súa aprendizaxe e que non caian no desinterese.

A aprendizaxe será interactiva, fomentarase a participación de todo o alumnado nas actividades propostas, a reflexión en grupo, a exposición de distintos puntos de vista e das dúbidas que xurdan, a discusión de distintos procedementos válidos, etc. pois iso fará que os alumnos/as, baixo a supervisión do profesor, vaian

construíndo e descubriendo, emitindo hipóteses, predicindo consecuencias e establecendo novas relacións.

Para afianzar o aprendido débense presentar actividades e estratexias que os forcen a aplicar as novas estruturas adquiridas; entre estas estarán a resolución de problemas, que se caracterizarán por representar situacións o máis próximas posible ás experiencias dos alumnos e por resultarlles accesibles, de xeito que poidan atopar sentido neles, ben porque lles sirvan para interpretar a realidade, ben porque resulten instrumentos esenciais para acceder a outros coñecementos matemáticos ou doutras materias. Así mesmo é importante a proposta de traballos en grupo que estimulen a curiosidade, a reflexión e o debate ata chegar a seleccionar a resposta máis axeitada á situación problemática.

Tras isto virá unha fase de reflexión sobre os avances realizados na aprendizaxe que atinxirá ó alumnado e ó profesor.

Para favorecer a comprensión das matemáticas deberase evitar unha excesiva abstracción, unha simple transmisión de contidos do profesor ó alumno e a realización de exercicios que supoñan soamente unha repetición de procesos ou que presenten metas inalcanzables para os alumnos.

Neste proceso debemos valorar os logros do alumno, non realizar descualificacións totais a un traballo, valorar o esforzo e o interese, eloxiar a constancia na busca de solucións e a capacidade de reparar os erros...

Compre ter en conta que nos atopamos nunha etapa de Ensinanza non obrigatoria, á que acceden alumnos/as que en principio se supón pretenden seguir estudos universitarios ou ciclos profesionais superiores. Innda que xa non se trata de aplicar un criterio de ensinanza comprensiva, que parta do nivel real dos alumnos e que intenta permitir o seguimento da clase a todos os que manifesten un mínimo interese (como é o caso na E.S.O. polo seu carácter de ensinanza obrigatoria), se se procedese con absoluto rigor con respecto ós coñecementos previos do alumnado, que neste nivel hai que supoñer e, xa que logo, partir deles, serían demasiado poucos os que poderían seguir a clase. En consecuencia parece inevitable un camiño intermedio entre estes extremos. Daquela intentarase acadar un nivel de formalización matemática imprescindible, especialmente en 2º, reducindo cada tema ó mínimo esencial, pero non transformando a ensinanza nun repaso da materia de E.S. O. O enfoque será de todos xeitos preferentemente intuitivo e operativo, chegando ó formalismo lóxico, sempre que sexa posible, a partir da introdución intuitiva, en base ás dificultades xurdidas en problemas paradigmáticos que corresponden precisamente cós saltos cualitativos conceptuais.

Trátase de desenvolver no alumno/a a confianza en si mesmo e na asequibilidade da Matemática, e sobre todo, o seu carácter de factor de expresión e interpretación da realidade. Compre coidar tamén o tecido de interrelacións temáticas tanto explicitándoo a posteriori como dándolle ó

alumnado oportunidade de descubri-lo por si mesmos nos exemplos concretos. Isto reflectirase tamén na formulación de exercicios e problemas, sexan a realizar durante a clase ou nas probas de avaliación. De maneira habitual, se lles presentará aos alumnos, na aula, os contidos de cada sesión polo método que se considere máis axeitado, proporcionándolle ós alumnos apuntes, follas de exercicios, etc... de consideralo necesario. Indicaráselles ós alumnos o libro de texto (en papel ou en formato dixital) recomendado. Ademais o profesor proporcionará material adicional de reforzo ou ampliación ó alumnado de consideralo oportuno.

Empregarase a calculadora de xeito habitual. Tratarase sempre de que os alumnos e alumnas utilicen a calculadora sen que substitúa por completo ó cálculo mental, pero si que se manexe como elemento imprescindible de axuda en cálculos e resolución de problemas máis complexos, nos que o cálculo non é a parte esencial. En definitiva, preténdese que o seu uso favoreza a dedicación de máis tempo a tarefas típicas da resolución de problemas como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións, a comunicación do proceso seguido e dos resultados obtidos, etc. Buscarase tamén a formulación de problemas que salienten as interrelacións entre varios bloques, así como ámbitos de aplicación práctica dos conceptos.

Polo tanto, a metodoloxía a seguir será:

Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a

identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.

Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.

Uso de materiais e procedementos de resolución variados.

Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.

Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.

Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co

alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método tutorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada. Aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Apuntamentos feitos polo profesor e materiais de uso libre descargados de internet |
| Fichas de traballo de reforzo, consolidación e ampliación |
| Software específico (uso de Geogebra, por exemplo) |
| Dotación da aula: encerado dixital,.... |
| Ordenadores para traballo do alumnado (na aula de informática) |

O desenvolvemento das clases terá lugar de xeito ordinario na aula do grupo. Estas aulas están equipadas con encerado dixital e encerado tradicional.

Ademais, cando sexa necesario, utilizarase a aula de informática na que contamos con ordenadores nos que se instalará o software necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e na que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é aquela que se leva a cabo ao comezo do curso para rexistrar e para diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos previos dos alumnos e das alumnas respecto aos novos contidos que se van tratar e para apreciar e para valorar as diferenzas que existan dentro do grupo, atendendo así a diversidade.

Tendo en conta que o alumnado do noso centro estudou os cursos da ESO en diferentes centros educativos, os coñecementos previos, habilidades, dificultades, etc.. poden variar, en función dos centros de procedencia. Resulta, polo tanto, moi importante que esta avaliación inicial contemple ese feito para poder facer unha análise o máis acertada posible do punto de partida no proceso de ensino-aprendizaxe.

Os medios que se utilizaran para levar a cabo a avaliación inicial serán:

- Probas escritas relacionadas cos contidos e os criterios de avaliación de cada unidade didáctica do curso pasado.
- Observación do traballo do alumnado durante as primeiras semanas do curso
 - Tamén, para completar esta avaliación inicial, consultaremos a documentación (informes individualizados) existente no centro sobre os alumnos/as, os informes do profesorado e os resultados das avaliacións do curso pasado. Todos estes datos serán recollidos na ficha de cada alumno/a e así o profesorado terá unha información de referencia para ver os logros e avances do alumnado ao longo do curso. Os resultados desta avaliación tamén servirán para que o profesorado concrete mellor o nivel de aprendizaxe coa que debemos comezar cada unidade didáctica e introducir as modificacións necesarias na programación para axustar a aprendizaxe ás necesidades reais do alumnado. Se fose necesario, faranse reaxustes das actividades e do material didáctico para alumnos concretos mediante reforzos individuais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |

| | |
|-----------------------------|--------------|
| Unidade didáctica | Total |
| Peso UD/ Tipo Ins. | 100 |
| Proba escrita | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas (exames) cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. Estes criterios serán os referidos as unidades didácticas que, para cada avaliación, están recollidas no apartado 3.1 da presente programación. Os CA que se avaliaren en cada unidade didáctica son os

que aparecen reflectidos no apartado 3.3 da presente programación. As datas de realización destas probas serán

anunciadas coa suficiente antelación

En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta ou exercicio e no seu defecto valorarase a cada unha por igual.

Despois de ditas probas e nun tempo prudente desde a súa realización, o profesor mostrará os exames e, se fose necesario, explicará ao alumnado as correccións.

As actividades de avaliación serán similares ás que se realizaron durante a aprendizaxe.

Aquel alumno/a que non acuda a unha destas probas escritas terá dereito a facela noutro momento desa avaliación sempre e cando presente ao seu titor a xustificación oportuna desa falta (de carácter xurídico, médico...). Mentres iso non ocorra non se realizará dito exame e a nota do mesmo será un cero.

En canto a corrección concreta de cada unha das preguntas, valoraranse fundamentalmente os coñecementos prácticos:

- Aínda que a resposta a unha pregunta non sexa a correcta, outorgaráselle unha valoración parcial en consideración co grao de consecución correcto acadado, se é que procede.
 - Se nalgunha resposta se detecta un erro grave de base, impropio do nivel correspondente, a valoración da resposta será nula.
 - No desenvolvemento das respostas, teranse en conta os seguintes aspectos:
 - A coherencia ordenada e razoada da exposición de resposta.
 - A claridade da exposición.
 - A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
 - A facilidade e precisión na realización do cálculo.
 - Se no desenvolvemento dunha resposta, por un erro nos cálculos, o alumno ou alumna obtén unha solución absurda, valorarase positivamente que faga constar o absurdo de tal resultado.
 - A ausencia de explicación na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación nula se só aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningún razoamento que xustifique a obtención do resultado.
 - Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución de problemas con representacións gráficas, posto que se valorará a corrección e detalle das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.
 - Nos exames esíxese limpeza e claridade.

Os criterios avaliados mediante probas escritas supoñen o 80% da nota de cada unidade didáctica. Polo tanto, o 80%

da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada (cando nunha proba escrita se avalie máis dinha unidade didáctica, na ponderación terase en conta o peso de cada unha delas) destas probas escritas, O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes ao Bloque B6, Sentido socioafectivo, que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- As saídas ao encerado
- A observación diaria na aula

(O bloque 6, de xeito transversal, traballarase en todas e cada unha das Unidades Didácticas e, en todas elas, a suma dos pesos asignados aos criterios de avaliación asociados aos mesmos, supón un 20% da notada unidade didáctica)

Avaliación ordinaria de xuño:

A nota que aparecerá no boletín da 3ª avaliación será a nota final de Matemáticas para ese curso e obterase da media ponderada (segundo os pesos de cada unha das unidades didácticas impartidas en cada trimestre)) das notas dos tres trimestres sempre que cada un deles teña unha nota superior ou igual a 5 (ou teñan un máximo dunha avaliación suspensa cun 4) , despois de realizar as recuperacións pertinentes da 1ª e 2ª avaliación e a recuperación final, se esta fose necesaria.

Avaliación extraordinaria:

O alumnado con nota inferior a cinco na avaliación ordinaria de xuño, terá dereito a realizar un novo exame na convocatoria extraordinaria (a finais do mes de xuño).

Nesta proba extraordinaria poderán aparecer contidos relacionados con calquera dos CA. traballados ao longo de todo o curso. Para conseguir aprobar a materia deberá obter na proba unha cualificación igual ou superior a 5 puntos

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non supere os obxectivos formulados nunha avaliación (non sendo a última) terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación.. Nas probas de recuperación, o exame considerárase aprobado se a nota é maior ou igual a cinco.

A nota final que se terá nunha avaliación recuperada (que na recuperación obtivo unha nota mínima de 5) será un 5 ou a media aritmética entre a nota obtida cando a suspendeu e cando a recuperou se ésta é maior que 5

Ademais, antes da avaliación ordinaria, ofertarase unha última recuperación final para aquel alumnado que aínda teñan algunha avaliación parcial suspensa (sempre e cando non se teñan suspensas as 3 avaliacións). Esta proba estará composta por unha parte proporcional de actividades correspondente a cada unha das avaliacións. Servirá como exame de recuperación para aqueles alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, e como unha proba de recuperación a maiores para aquel alumnado que siga tendo pendentes a 1ª ou 2ª avaliación. Cada unha das partes da proba calificarase por separado cunha puntuación de 1-10. Tamén se poderá presentar a este exame o alumnado que estando aprobado desexa subir a súa cualificación, sabendo que en ningún caso vai diminuír a súa nota.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1.- Organización das actividades de recuperación e avaliación de pendentes.

Na primeira quincena do mes de outubro, desde o departamento, farase entrega ao alumnado coa materia pendente do curso anterior, dun escrito no que se lle informará dunha forma exhaustiva e

clara sobre o procedemento para superala. Dito documento conterá a información relativa ao sistema de recuperación, a relación de temas do programa cos seus contidos divididos en dúas partes así como as datas nas que se realizarán as probas escritas.

Os alumnado que curse 2º de Bacharelato e teña suspensa a materia de Matemáticas de 1º de Bacharelato (en calquera das súas modalidades) seguirá un Plan de Traballo Individual:

1. O profesor/a da materia levará a cabo un seguimento do alumnado ao longo de todo o curso (asesorándoo e orientándoo sobre a aprendizaxe dos contidos e a realización das actividades propostas), para comprobar se este supera a materia do curso anterior. Este seguimento concrétase nas seguintes actividades a realizar polo alumnado:

- . Actividades de repaso e reforzo (habitualmente en forma de boletíns de exercicios) que serán presentadas durante o curso nos prazos que o profesor/a determine

- . Dous exames parciais, un a finais de xaneiro e outro a finais de abril. Estes exames parciais

serán convocados con suficiente antelación polo xefe do departamento, establecendo ademais os contidos que se avaliarán en cada un deles.

1. A cualificación da avaliación ordinaria será a media das cualificacións obtidas nas dúas partes nas que está dividida a materia. A cualificación de cada parte obterase sumando 80% da proba escrita + 20% da puntuación acadada nos boletíns de exercicios. Para considerar que a materia foi aprobada a media aritmética das dúas cualificacións debera ser como mínimo de cinco puntos e a nota de cada unha das dúas probas escritas maior ou igual a tres.

2. O alumnado que non acade o aprobado por non cumprir o punto anterior, terá dereito a realizar unha proba final valorada sobre 10 puntos no mes de maio. Para conseguir aprobar a materia pendente deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

3. Antes da avaliación final, revisarase a situación do alumnado que non logrou superar a materia pendente (mediante o procedemento xeral).

Se entregou todos os traballos propostos para a recuperación da materia pendente e acadou unha

valoración positiva en, polo menos, dúas avaliacións da materia de matemáticas do curso superior ao da materia pendente, considerárase aprobada a materia pendente.

4. O alumnado que tivese a materia de Matemáticas dun curso anterior suspensa poderá tamén recuperar na convocatoria extraordinaria de maneira similar a aquel que a suspendeu durante o curso. Para conseguir aprobar a materia pendente deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

2.- Cambio de modalidade o pasar de 1º a 2º de Bacharelato:

No caso do departamento de matemáticas pode afectarnos nas seguintes materias:

Cambio de itinerario (dentro da modalidade de Humanidades e CCSS) de Humanidades a CCSS.

- O alumnado cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes)

Cambio de modalidade de Humanidades e CCSS a Ciencias.

- Si o alumno/a procede do itinerario de Humanidades cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes)

- Si o alumno/a procede do itinerario de CCSS, e ten suspensa a materia de Mat Aplic ás CCSS I, cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes).

- En caso de ter aprobada a materia de Mat Aplic ás CCSS I, o plan de traballo individualizado, centraráse fundamentalmente nos contidos da

materia de Matemáticas I non presentes en Mat Aplic ás CCSS I . Os Instrumentos de avaliación decidiranse nunha reunión de departamento ó inicio do curso, e poderan ser probas escritas ou cadernos de exercicios Cambio de modalidade de Ciencias a Humanidades e CCSS (itinerario de CCSS).

- Si o alumno/a ten suspensa a materia de Matemáticas I, cursará obrigatoriamente a materia de Mat. Aplic ás CCSS I correspondente o bloque de materias troncais.

- En caso de ter aprobada a materia de Matemáticas I, o plan de traballo individualizado, centraráse fundamentalmente nos contidos da materia de Mat. Aplic ás CCSS I non presentes en Matemáticas I . Os Instrumentos de avaliación decidiranse nunha reunión de departamento ó inicio do curso, e poderan ser probas escritas ou cadernos de exercicios

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

No Bacharelato os estudantes resolven a diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Ademáis, para aquel alumnado que o precise, o centro oferta, entre outras, unha materia de reforzo (de unha hora á semana) de Matemáticas Non obstante, é conveniente dar resposta a diversidade de necesidades, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas

medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Estas decisións iniciais non serán inamovibles ao longo do curso, senón que, cando o progreso dunha alumna ou alumno na materia de matemáticas non sexa o adecuado e tan pronto como se detecten as dificultades determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas poderán tomarse en calquera momento do curso e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias claves e dos obxectivos do bacharelato.

. Medidas ordinarias de atención á diversidade: Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ó contexto do centro educativo e ás características do alumnado. Por exemplo:

. Se fose necesario para algún alumno ou alumna, previa consulta co departamento de orientación, poderíanse adaptar dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación,

. Para o alumnado con dificultades na materia, alumnado que promociomou sen supera a materia ou alumnado que non supere con éxito algunha das avaliacións realizarase un apoio máis individualizado e reforzos en aula.

. Ademais, para adaptarnos mellor ás diversas capacidades, intereses e motivacións do alumnado, ofertaranse actividades variadas e abundantes, con distinto nivel de dificultade (actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento)

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | | | | | | | | |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | | | | | | | | |
| ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | | | | | | | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|--|------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores e resolución pacífica de conflitos | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X |
| ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X |

Observacións:

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, no seu artigo 19, sinala :

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Isto fai necesario que se adquiran conceptos e coñecementos que non están definidos especificamente en ningunha das áreas, pero que deben estar, na medida do posible, presentes e integrados en todas elas (elementos transversais).

No desenvolvemento dos contidos das diferentes materias asignadas ao departamento de Matemáticas deberemos abordar e traballar todo tipo de situacións e problemas relacionados coa transversalidade.

Estas situacións promoverán, por exemplo, a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia. En canto ao ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Estes temas traballaranse de xeito globalizado e durante todo o curso, pero será cando traballemos os bloques de análise e estatística e probabilidade cando podamos incorporalos dun xeito máis claro ás actividades en aula, por exemplo, a través de enunciados de exercicios de estatística que nos permitan unha vez rematado o exercicio facer unha valoración crítica do resultado.

Farase especial fincapé nos seguintes elementos transversais:

- Comprensión da lectura e expresión oral e escrita a través de propostas de lectura de textos científico matemáticos relacionados co currículo e que acheguen un xeito distinto de comunicación.
- A igualdade de xénero a través do coñecemento da historia das matemáticas visibilizando as mulleres matemáticas que contribuíron e contribúen á evolución do coñecemento matemático e á súa aplicación ás ciencias e a tecnoloxía

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Participación nas charlas do programa "A Ponte" | Solicitarase a impartición para o alumnado de 1º de Bacharelato de algunha das charlas do programa "A Ponte" que estea relacionada co campo das matemáticas | X | X | X |
| Participación nas Olimpíadas matemáticas | Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpíada Matemática Española organizada pola USC. | | X | |

Observacións:

Ademais, o Departamento procurará, na medida do posible a colaboración e organización de actividades de forma conxunta con outros departamentos do Centro.

Procuraremos estar atentos a convocatorias de charlas, conferencias, etc. que poidan ir xurdindo ao longo do curso, , tales como as que nos últimos anos se están levando a cabo desde a Facultade de Matemáticas, no seu intento de darse a coñecer entre o alumnado de secundaria e bacharelato, ou as ofertadas pola USC dentro do programa "A Ponte"

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| As actividades propostas foron as idoneas para acadar as aprendizaxes |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. Deuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros |
| Metodoloxía empregada |
| Utilizaronse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar |
| Como norma xeral, fixéronse explicacións xerais para todo o alumnado. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. |
| Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. |
| Clima de traballo na aula |
| Consegiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado para informar sobre o proceso de ensino-aprendizaxe ... |
| Outros |
| Deuse un peso real á observación do traballo na aula. |
| Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado. |
| Entregáronse ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. |
| Analizáronse e comentáronse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc |

Descrición:

Considerando a avaliación como un instrumento máis no proceso de ensino/aprendizaxe, debemos avaliar non so o alumnado senón tamén a nosa propia función docente. Debese converter nun verdadeiro exercicio de observación/reflexión para descubrir se o que pretendíamos se corresponde realmente co que ao final conseguimos e, no caso de non ser así, debería ser un instrumento válido para a análise e modificacións dalgúns compoñentes deste proceso.

A avaliación da practica docente farase nas reunións de Departamento que teñen lugar ó final de cada trimestre, despois da correspondente avaliación.

Esta avaliación debe ter un carácter continuo, de xeito que nos permita ir axustando o proceso de ensino/aprendizaxe a medida que se vaian conseguindo os obxectivos ou non.

Ó remate do curso, farase una análise global e proporanse os cambios que se consideren oportunos para introducir melloras no vindeiro curso académico.

Para levar a cabo esta avaliación estableceranse os "indicadores de logro" descritos na seguinte taboa. Estes indicadores de logro valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas vertentes. Por iso, á parte da análise do proceso de aprendizaxe do alumnado, do análise global do proceso de ensinanza e da práctica docente, debemos analizar a propia programación didáctica. Esta análise debe contemplarse desde unha perspectiva de continuidade na interacción diaria dos membros do departamento, e poden irse recollendo as diversas propostas de mellora nas reunións do Departamento das que levantarase a correspondente acta.

Os mecanismos para facer una valoración da programación serán os detallados a continuación:

Avaliación inicial da programación: Utilizaranse as seguintes ferramentas:

Revisión dos informes de avaliación final e da información psicopedagóxica
Deseño de probas específicas para detectar os coñecementos previos e o alumnado que precisará reforzo educativo.
Información extraída do alumnado procedente das xornadas de pre-avaliación.

Coa información recollida reaxustaranse os contidos e a presentación dos mesmos, constando na libro de actas do departamento.

Avaliación procesual da programación: nas reunións periódicas do departamento, comprobarase o avance da programación e o procederase ó axuste da mesma ó avance dos diferentes grupos-clase. Prestaráselle especial atención ó alumnado con que presente algún tipo de dificultade. Ademais, logo das xornadas de avaliación, introduciranse os seguintes puntos na orde do día:

Análise dos resultados

Reaxuste da programación didáctica acorde dos resultados acadados.

Avaliación final da programación: Levarase a cabo ó rematar o curso, nunha reunión de departamento, mediante as seguintes ferramentas:

Resumo dos reaxustes na programación que constan no libro de actas.

Memoria do departamento, na que se reflectiran, entre outros datos:

Análise do grao de cumprimento.

Análise dos resultados académicos e comparativa con cursos anteriores.

Propostas de modificacións na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os indicadores seguintes:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
5. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.

9. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.
10. Adecuación da metodoloxía empregada.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial.
13. Adecuación dos criterios e das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación das materias pendentes.
18. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. .
19. Adecuación das medidas de atención á diversidade.
20. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
21. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
22. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
23. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

9. Outros apartados

1. CAMBIOS DE MODALIDADE no paso de 1º a 2º de bacharelato

As condicións para o trramento e a avaliación da materia de Matemáticas I, no caso de que o alumnado solicite un cambio de modalidade, aparece indicada no punto 5.3. apartado 2 da presente programación didáctica:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Matemáticas xerais | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 17 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 18 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 19 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 19 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 20 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 23 |

1. Introducción

Neste documento preséntase a programación didáctica de Matemáticas Xerais do 1º curso de Bacharelato, para curso 23/24, no I.E.S. As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña).

Para a súa elaboración tívose como referencia o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O IES As Fontiñas ubícase ao norte do barrio do mesmo nome, moi próximo ao núcleo de San Lázaro e ao tramo final do Camiño Francés. Pola nosa situación dentro da cidade estamos moi ben comunicados cos municipios situados ao norte de Santiago: Touro e O Pino, de onde provén a maioría do noso alumnado.

No centro impártense no curso 23/24 estudos de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional das familias Administrativa e de Edificación e Obra Civil.

O alumnado que cursa bacharelato, (88 alumnos/as), procede en gran número do CPI "Camiño de Santiago" do Pino e do CPI "Fonte-Díaz" de Touro. Contamos ademais con alumnas/os da contorna do centro que veñen facer aquí os estudos de bacharelato procedentes de distintos centros da cidade e dos arredores, nos que fixeron a ESO ou bacharelato. Esta diversidade na procedencia do noso alumnado de Bacharelato será un factor moi importante a ter en conta, especialmente durante o proceso de avaliación inicial.

O departamento de matemáticas é un departamento unipersonal. O profesor, e xefe do departamento, é José Antonio Caneda Vidal.

As materias asignadas ao departamento son:

Matemáticas I, Matemáticas Aplicadas ás CCSS I, Matemáticas Xerais I, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, Reforzo de Matemáticas en 1º de Bacharelato e Reforzo de Matemáticas en 2º de Bacharelato

O xefe do departamento imparte todas as materias, excepto Matemáticas Xerais I que é impartida polo profesor do departamento de EOC, Luis Miguel Romero Vázquez (1º Bach A)

En 1º de Bacharelato A, hai 1 grupo composto por 11 alumnas e alumnos (7 e 4 resp) con idades comprendidas entre os 15 e os 17 que cursan Matemáticas Xerais.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

Os coñecementos adquiridos tamén serven para analizar as informacións que aparecen nos medios contribuíndo a formar cidadáns con autonomía e criterio propio.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|-------|-------|-------|----|----|------|
| OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e de diversos ámbitos aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento, con axuda de ferramentas tecnolóxicas, para obter posibles solucións. | | | 1-2-3 | 2-5 | 40-50 | | 3 | |
| OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade. | | | 1-2 | 2-3 | 31 | 3 | 3 | |
| OBX3 - Xerar preguntas de tipo matemático aplicando saberes e estratexias coñecidas para dar resposta a situacións problemáticas da vida cotiá. | 1 | | 1-2 | 1-2-5 | | | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|-------|-------|-------------|-----|-----|-------|
| OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando e creando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e de diversos ámbitos. | | | 1-2-3 | 2-3-5 | | | 3 | |
| OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática. | | | 1-3 | 2-3 | | | | 1 |
| OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas. | | | 1-2 | 3-5 | | 4 | 2-3 | 1 |
| OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos. | | | 3 | 1-2-5 | | | 3 | 41-42 |
Ademais, antes da avaliación ordinaria, ofertárase unha última recuperación final para aquel alumnado que aínda teñan algunha avaliación parcial suspensa (sempre e cando non se teñan suspensas as 3 avaliacións). Esta proba estará composta por unha parte proporcional de actividades correspondente a cada unha das avaliacións. Servirá como exame de recuperación para aqueles alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, e como unha proba de recuperación a maiores para aquel alumnado que siga tendo pendentes a 1ª ou 2ª avaliación. Cada unha das partes da proba calificarase por separado cunha puntuación de 1-10. Tamén se poderá presentar a este exame o alumnado que estando aprobado desexa subir a súa cualificación, sabendo que en ningún caso vai diminuír a súa nota.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

.No Bacharelato os estudantes resollen a diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Ademais, para aquel alumnado que o precise, o centro oferta, entre outras, unha materia de reforzo (de unha hora á semana) de Matemáticas Non obstante, é conveniente dar resposta a diversidade de necesidades, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Estas decisións iniciais non serán inamovibles ao longo do curso, senón que, cando o progreso dunha alumna ou alumno na materia de matemáticas non sexa o adecuado e tan pronto como se detecten as dificultades determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas poderán tomarse en calquera momento do curso e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias claves e dos obxectivos do bacharelato.

Medidas ordinarias de atención á diversidade Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos

e criterios de avaliación, ó contexto do centro educativo e ás características do alumnado. Por exemplo:

Se fose necesario para algún alumno ou alumna, previa consulta co departamento de orientación, poderíanse adaptar dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación,

Para o alumnado con dificultades na materia, alumnado que promociomou sen supera a materia ou alumnado que non supere con éxito algunha das avaliacións realizarase un apoio máis individualizado e reforzos en aula.

Ademais, para adaptarnos mellor ás diversas capacidades, intereses e motivacións do alumnado, ofertáranse actividades variadas e abundantes, con distinto nivel de dificultade (actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e aprofundamento)

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | | | | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | | | X | | X | X | | |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | | | X | X | | X | X | |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A formación estética | | | | X | | X | | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | | X | X | | X | | X | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|------|-------|
| ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|------|-------|
| ET.9 - A formación estética | | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X |

Observacións:

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, no seu artigo 19, sinala :

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

Isto fai necesario que se adquiran conceptos e coñecementos que non están definidos especificamente en ningunha das áreas, pero que deben estar, na medida do posible, presentes e integrados en todas elas (elementos transversais).

No desenvolvemento dos contidos das diferentes materias asignadas ao departamento de Matemáticas deberemos abordar e traballar todo tipo de situacións e problemas relacionados coa transversalidade.

Estas situacións promoverán, por exemplo, a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia. En canto ao ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Estes temas traballaránse de xeito globalizado e durante todo o curso, pero será cando traballemos os bloques de análise e estatística e probabilidade cando podamos incorporalos dun xeito máis claro ás actividades en aula, por exemplo, a través de enunciados de exercicios de estatística que nos permitan unha vez rematado o exercicio facer unha valoración crítica do resultado.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Participación nas charlas do programa "A Ponte" | Solicitarase a impartición para o alumnado de 1º de Bacharelato de algunha das charlas do programa "A Ponte" que estea relacionada co campo das matemáticas. | X | X | X |
| Participación nas Olimpíadas matemáticas | Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC. | | X | |

Observacións:

Ademais, o Departamento procurará, na medida do posible a colaboración e organización de actividades de forma conxunta con outros departamentos do Centro.

Procuraremos estar atentos a convocatorias de charlas, conferencias, etc. que poidan ir xurdindo ao longo do curso, tales como as que nos últimos anos se están levando a cabo desde a Facultade de Matemáticas, no seu intento de darse a coñecer entre o alumnado de secundaria e bacharelato, ou as ofertadas pola USC dentro do programa "A Ponte"

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes |
| Metodoloxía empregada |
| Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente |
| Outros |
| Participación activa de todo o alumnado |

Descrición:

Considerando a avaliación como un instrumento máis no proceso de ensino/aprendizaxe, debemos avaliar non so o alumnado senón tamén a nosa propia función docente. Debese converter nun verdadeiro exercicio de observación/reflexión para descubrir se o que pretendíamos se corresponde realmente co que ao final conseguimos e, no caso de non ser así, debería ser un instrumento válido para a análise e modificacións dalgúns compoñentes deste proceso.

A avaliación da practica docente farase nas reunións de Departamento que teñen lugar ó final de cada trimestre, despois da correspondente avaliación.

Esta avaliación debe ter un carácter continuo, de xeito que nos permita ir axustando o proceso de ensino/aprendizaxe a medida que se vaian conseguindo os obxectivos ou non.

Ó remate do curso, farase una análise global e proporanse os cambios que se consideren oportunos para introducir melloras no vindeiro curso académico.

Para levar a cabo esta avaliación estableceranse os "indicadores de logro" descritos na seguinte taboa. Estes indicadores de logro valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas vertentes. Por iso, á parte da análise do proceso de aprendizaxe do alumnado, do análise global do proceso de ensinanza e da práctica docente, debemos analizar a propia programación didáctica. Esta análise debe contemplarse desde unha perspectiva de continuidade na interacción diaria dos membros do departamento, e poden irse recollendo as diversas propostas de mellora nas reunións do Departamento das que levantarase a correspondente acta.

Os mecanismos para facer una valoración da programación serán os detallados a continuación:

Avaliación inicial da programación: Utilizaranse as seguintes ferramentas:

Revisión dos informes de avaliación final e da información psicopedagóxica

Deseño de probas específicas para detectar os coñecementos previos e o alumnado que precisará reforzo educativo.

Información extraída do alumnado procedente das xornadas de pre-avaliación.

Coa información recollida reaxustaranse os contidos e a presentación dos mesmos, constando na libro de actas do departamento.

Avaliación procesual da programación: nas reunións periódicas do departamento, comprobarase o avance da programación e o procederase ó axuste da mesma ó avance dos diferentes grupos-clase.

Prestaráselle especial atención ó alumnado con que presente algún tipo de dificultade. Ademais, logo das xornadas de avaliación, introduciranse os seguintes puntos na orde do día:

Análise dos resultados

Reaxuste da programación didáctica acorde dos resultados acadados.

Avaliación final da programación: Levarase a cabo ó rematar o curso, nunha reunión de departamento, mediante as seguintes ferramentas:

Resumo dos reaxustes na programación que constan no libro de actas.

Memoria do departamento, na que se reflectiran, entre outros datos:

Análise do grao de cumprimento.

Análise dos resultados académicos e comparativa con cursos anteriores.

Propostas de modificacións na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os indicadores seguintes:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
5. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.
10. Adecuación da metodoloxía empregada.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial.
13. Adecuación dos criterios e das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación das materias pendentes.
18. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. .
19. Adecuación das medidas de atención á diversidade.
20. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
21. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
22. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
23. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Relixión católica | 1º Bac. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 10 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 10 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 11 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 11 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 12 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 12 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 12 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 13 |
| 9. Outros apartados | 13 |

1. Introducción

A finalidade da educación é contribuir a que o alumnado acaden un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. Non podería existir unha formación integral e unha educación completa e de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións do ser humano, unha das cales é a relixiosa.

O deseño desta programación enmárcase nun modelo educativo de tipo constructivista, que entende a educación como un proceso que pon ás/ós alumnas/os en condición de revisar, modificar e reconstruír as súas categorías e estruturas mentais, para reinterpretar e reconstruír significativamente a realidade.

Trataremos de ter presente a realidade do noso alumnado: Cunha formación sociocultural media-baixa. No eido relixioso as máis das veces teñen unha fe herdada, rutinaria e monótona nas prácticas relixiosas, que ó mellor lles serviu de nenos, pero que agora ou lles é indiferente ou empezan a cuestionar.

Pretendemos que, mediante a adquisición dunha serie de coñecementos, competencias, destrezas, valores e actitudes, o alumnado desenvolva a súa capacidade reflexivo-crítica, e sexan críticos, responsables e comprometidos coa realidade que os rodea

Dende a área de Relixión pretendemos facer un aporte á dimensión do SABER, pero sen esquecer e fortalecendo e potenciando sobre todo a dimensión do SER.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|---------|----|------|-------|-------------------|---------|-----|---------|
| OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándoas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional. | 1-2-3-5 | 3 | | 1-3-4 | 11-12-20-31-40-50 | 1-3-4 | 2-3 | 1-31 |
| OBX2 - Recoñecer e desprezar o carácter relacional do ser humano, como fundamento dos deberes e liberdades, desenvolvendo actitudes cívicas e democráticas, contrastando o Evanxeo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, para aprender a vivir con outros e contribuír á construción dunha sociedade inclusiva. | 1-2-5 | 3 | 5 | 3 | 11-20-31-32 | 1-2-3-4 | 1 | 31 |
| OBX3 - Interpretar os desafíos democráticos, socioeconómicos e ecolóxicos, analizando as súas causas e consecuencias desde a moral social da Igrexa, discernindo as propostas sociopolíticas das relixións e os movementos sociais, para asumir a ecoloxía integral e a responsabilidade persoal e social no coidado da vida e do planeta. | 1-2-5 | 3 | 3 | 1-3 | 12-20-32-40 | 3-4 | 1 | 1-31-42 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|------|----|----------|-----|----|--------------|
| OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural, interpretando o seu significado e expresións cos métodos de análises propias de cada disciplina, valorando criticamente as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos, para intervir con criterio propio no diálogo intercultural, a creación artística e na construción social do pensamento. | 2-4 | 3 | 2-3 | | | 1-3 | | 1-2-32-41-42 |
| OBX5 - Valorar a dimensión espiritual como fonte de sentido e aprendizaxes vitais, a través da análise das experiencias persoais, do coñecemento das tradicións espirituais, e do diálogo interdisciplinar con outras visións da vida e do mundo, para descubrir as oportunidades persoais, sociais e culturais da experiencia espiritual como proposta de plenitude da vida persoal e comunitaria. | 1 | | | | 11-20-40 | 1-3 | 2 | 1-31-41 |
| OBX6 - Coñecer o método propio da Teoloxía e as súas distintas especialidades analizando o seu lugar entre os saberes e disciplinas, establecendo un diálogo transdisciplinar coas outras ciencias, para afrontar criticamente os desafíos éticos e a transformación social. | 1-2-3 | | 4 | 1 | 31-40-50 | 1-4 | 3 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Identidade do ser humano. Un ser relixioso | O ser humano, un ser de relacións: Relación con Deus, relación cos demais e relación co mundo. Configuración da identidade do ser humano: Os Humanismos, a relixión (panorama mundial das relixións), especificidade da relixión cristiã | 25 | 8 | X | | |
| 2 | Fe e Razón | Clarificación da fe e da razón e historia das súa relación (enfrentamentos, encontros, colaboración e complementariedade). Vivencia da fe nun mundo científico técnico | 25 | 6 | | X | |
| 3 | Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián | Análise dos Principios da DSI, ver a súa historia e os principais documentos e aplicar logo á realidade social que nos rodea cos seus problemas: Guerra/paz, traballo/paro, migración, pobreza/riqueza, ecoloxía, ... | 25 | 12 | | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Expresións relixiosas na cultura da contorna | Descubrimento e análise da presenza da Relixión na realidade socio-cultural que nos rodea: Igrexas, Cruceiros, Lendas, Cantigas, Romerías.... configuradores do noso ser persoas e ser galegos | 25 | 9 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | Identidade do ser humano. Un ser relixioso | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións. | Reflexiona sobre acontecementos, imaxes, novas...e emite xuízos de valor sobre a necesidade de atopar sentido á vida | PE | 75 |
| CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais. | Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan os humanismos e as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiá | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas. | Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiá | | |
| CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral. | Adquire capacidade de reflexión crítica ante novas, comportamentos e actitudes respecto á dignidade das persoas, as relacións sociais e o respecto, coidado e defensa da vida e da natureza | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional. - A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano. - Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal. - A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá. - A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das |

Contidos

- relixións.
- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional.
- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.
- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.
- Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria.
- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.
- Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.
- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | Fe e Razón | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións. | Aporta argumentos para defender racionalmente a súa fe e crenzas | PE | 50 |
| CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas. | Identifica diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral. | Analiza casos e debate, de forma razoada, sobre situacións de "conflicto" entre razón e fe | TI | 50 |
| CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración. | Descubre a colaboración que pode haber entre razón e fe se ambas se respetan | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos. - Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina. - Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade. - Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía. - Inserirse criticamente na sociedade. - Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións. - Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 3 | Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións. | Identifica problemas sociais e analiza a resposta que a a Doutrina Social da Igrexa deu ós mesmos analizando os seus documentos | PE | 40 |
| CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoos a diferentes situacións sociais. | Analiza os principais documentos da DSI descubriendo os principios fundamentais da mesma e valora a aplicación deses principios | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais. | Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos | TI | 60 |
| CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas. | Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos | | |
| CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións. | Comprende o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplicaos a situacións concretas | | |
| CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral. | Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos | | |
| CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración. | Valora as aportacións que dende os diferentes ámbitos (político, relixioso, científico,...) se da á solución dos problemas sociais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvolto en clave vocacional. - A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa. - Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas. - Inserirse criticamente na sociedade. - Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional. - Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa (DSI). - Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos. - As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual. - Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). - Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común. - Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións. |

Contidos

- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 4 | Expresións relixiosas na cultura da contorna | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura. | Apreciar e valorar as manifestacións relixiosas da contorna. Informándose sobre a súa historia, tradición e desenvolvemento | PE | 25 |
| CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións. | Recoñecer a influencia do contorno socio/relixiosos na nosa configuración personal | TI | 75 |
| CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral. | Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente | | |
| CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo. | Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.
- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.
- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.
- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.

Contidos

- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As seguintes orientacións metodolóxicas xiran en torno a dous eixes:

1. Fidelidade e respecto ó alumnado, protagonista da educación.
2. Fidelidade á mensaxe e ós contidos da educación relixiosa cristiá católica.

Seguimos o modelo que emana da concepción constructivista da aprendizaxe. Así, temos en conta os seguintes criterios:

- a. O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade.
- b. O que empeza unha nova aprendizaxe, faino a partir dos coñecementos que posúe.
- c. O que aprende faino establecendo relacións entre os seus esquemas mentais e os estímulos externos. Só así se logra unha aprendizaxe significativa.

Non esquecerémo-la importancia formativa que ten o traballo en grupo, indispensable para potencia-la dimensión social e comunitaria do alumnado.

Utilizaremos distintas linguaxes relixiosas: bíblica, doutrinal, litúrxica, testemuñal, para familiarizar ó alumnado con elas e responda con propiedade á utilización das mesmas.

Fomentaremos a interdisciplinariedade e a complementariedade.

O máis importante será o traballo do alumnado, de aí a importancia que daremos ó caderno de actividades e ós seus traballos, individuais e grupais. Calificaremos moi positivamente o traballo que o alumnado realice fora das horas de clase e dun xeito voluntario: Lectura-recensión de libros de lectura complementarios, realización de pequenos traballos sobre aspectos e temas a tratar.

Non pretendemos que o alumnado aprenda de memoria uns cantos conceptos; debe ter claras as nocións básicas e adquirir uns coñecementos teóricos básicos, pero sobre todo pretendemos que poña en xogo o saber adquirido nas situacións que a vida (familia, xogo, amizades, colexio, sociedade) lle plantexa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Material de apoio existente na Biblioteca e da propia docente |
| Fichas, esquemas, documentos de apoio, películas, recursos dixitais e audiovisuais diversos, ... |

Usaremos o material que hai na Biblioteca relacionado coa nosa materia (Documentos de DSI, sobre as diferentes relixións, en trono ás manifestacións scoio/relixiosas da contorna, ...)

Non temos libro de texto. Aportaremos ó alumnado guións, fichas,.... con indicacións de traballo.

A aula na que se imparte a materia está dotada de canón e ordenador polo que se usará material visual e dixital có que se pretende un mellor entendemento dos contidos da materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Elaboración dun test de preguntas e respostas sinxelas, sobre os temas que imos desenvolver ó longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, descubra os acertos e os erros que ten e a partir de aí vaian correxindo ou confirmando as súas ideas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 25 | 25 | 25 | 25 | 100 |
| Proba escrita | 75 | 50 | 40 | 25 | 48 |
| Táboa de indicadores | 25 | 50 | 60 | 75 | 52 |

Criterios de cualificación:

1. Observación sistemática. Observación da actitude, interese e participación manifestados polo alumnado ante as tarefas plantexadas na aula. Observación do respecto aos compañeiros/as, ao profesor e aos materiais propios e alleos.
2. Traballo individual. Producións do alumnado na aula e fóra dela.. Presentación en soporte papel ou informático (correo electrónico...) se é o caso. Todos os traballos realizados polo alumnado dentro e fóra da aula, terán que estar entregados á docente correspondente dentro da data sinalada para a súa presentación.
3. Traballo en grupo. Realización e exposición de actividades en grupo, si se da o caso.
4. Probas orais. Valoración da implicación e participación nos temas desenvolvidos na aula: Creatividade e investigación persoal, respecto no diálogo, nas quendas de palabra e na opinión dos demais
5. Probas escritas. Probas tipo test e cuestionarios (Verdadeiro / falso, encher espazos en branco, aparellar, selección múltiple, resposta múltiple,...) ou temas para desenrolar.

O peso específico na cualificación, de cada proba e instrumento de avaliación será como segue:

40% Traballo individual. Traballo diario na aula e fóra dela.

10% Probas escritas.

20% Traballos en grupo.

30% ,Actitude ante o aprendizaxe que valorará a participación na aula e implicación na materia,...

Criterios de recuperación:

A avaliación será contínua, polo tanto cada avaliación parcial non superada, quedará superada se aproba a seguinte. No caso de rematar as avaliacións ordinarias coa materia suspensa, no período que vai entre a 3ª avaliación e a ordinaria final, diseñaremos actividades concretas, individualizadas, para ese alumnado, buscando que recupere e supere a materia

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non procede este apartado, xa que as materias pendentes da ESO non se teñen en conta no Bacharelato

6. Medidas de atención á diversidade

Precuraremos ter en conta a individualidade do alumnado, adaptando estratexias, recursos, espazos e tempos empregados na aula, atendendo ós diferentes ritmos de aprendizaxe

No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | X | X | X | X |
| ET.9 - Formación estética | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X | X | X |
| ET.12 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Nadal | Participarase nas actividades organizadas polo centro | X | | |
| Visita á Catedral de Santiago de Compostela | Tellados, Museo, Pórtico da Gloria, | | | X |

Observacións:

Día da Paz, San Xoán, Día dos dereitos Humanos,...

Participarase en todaas as actividades organizadas polo centro.

Haberá actividades que poidan xurdir ao longo do curso académico como exposicións temporais, etc

Se xurde, colaboración con outros departamentos na organización de actividades conxuntas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Desenvolvemento da Programación |
| Metodoloxía empregada |
| Avaliación |

Descrición:

Cumprimento da programación. Variacións/modificacións introducidas na mesma ó longo do curso.

Resultados da avaliación. Promoción do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguimento permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|------------------------|---------------|
| 15027058 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Tecnoloxía e Enxeñaría I | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 11 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 12 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 13 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 13 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 16 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

Na sociedade actual, o desenvolvemento da tecnoloxía por parte das enxeñerías converteuse nun dos eixes arredor dos cales se articula a evolución sociocultural. Nos últimos tempos, a tecnoloxía, entendida como o conxunto de coñecementos e técnicas que pretenden dar solución ás necesidades do ser humano, foi incrementando a súa relevancia nos diferentes ámbitos da sociedade, desde a xeración de bens básicos ata as comunicacións, dando lugar ao benestar e ás estruturas económicas e sociais do mundo actual. Para iso, a cidadanía necesita dispoñer dun conxunto de saberes científicos e técnicos que sirvan de base para adoptar actitudes críticas e construtivas ante certas cuestións, ao tempo que lle permitan actuar de modo responsable, creativo, eficaz e comprometido na solución ás necesidades que lle poidan xurdir.

